“If the bittern continues to cry out as it moves about at night, then a season of floods will follow” (Se o abetouro non deixa de chorar cando se move pola noite, entón teremos inundacións) (Riley 2001: 57).

O son dos abetouros cando voan *kaka-ing* é un sino de cambio de tempo e os vellos maorís tiñan este moi en conta (Riley 2001: 57).

2.3.1.3. Cuckoo, Koekoe: O cuco

O cuco na Polinesia era portador de mensaxes e era capaz de atopar lugares. Hai unha tradición que di que o capitán dunha canoa soltou dous paxaros cerca de Nova Zelandia para axudalo a localizar a terra. Os cucos pasaban o inverno en Rarotonga e viñan a Nova Zelandia en outubro usando a mesma ruta que os primeiros maorís que chegaron a Nova Zelandia. Os maorís atribuíronlle características divinas ou sagradas ao cuco chamado tamén Rakamaomao, irmán do deus dos ventos coma o seu pai. O *koekoe* canta cando o vento sopra do sur e non comeza de novo até que vén un vento do oeste ou unha brisa do norte. O vento do sur chámase *te potiki a Rakaomao*. O *koekoe* ou paxaro sagrado anuncia a chegada do primeiro mes do verán (outubro) (Riley 2001: 58).

2.3.1.3.1 Ka tangi te wharauora, ko ngā karere a Mahuru.

“If the shining cuckoo cries, it is a message from Mahuru” (Se o cuco chora, é unha mensaxe de Mahuru). Mahuru é o mes de setembro e literalmente significa *brote* (primavera). Mahura é o espírito lendario dos devanceiros da terra mítica orixinaria Hawaiki.

Cando as notas deste cuco se ouvían claramente *kui kui* significaba que non había froitas nese tempo. Non obstante, en decembro o canto do cuco sinalaba o regreso de Antares (a estrela Rehua) aos ceos de Aotearoa (Riley 2001: 62). Un tipo de cuco chamábase *Te Manu a Maui* (“Maui’s bird”) porque o seu canto representa antigas frases dos maorí *tewha a Maui*, un encantamento para plantar do semideus Maui, que cando se transformaba neste cuco se sentaba no sacho do seu pai. Maui podía adoptar a forma de moitas especies de paxaros.

2.3.1.3.2 Ko tangi te wharauora kua tou te kumara.

“When the cuckoo sings it is time to plant the sweet potato” (Cando o cuco canta é hora de plantar as patacas doces) (Riley 2001: 64).

2.3.1.3.3 Ka tangi te pīpīwharauroa, ko te karere a Mahuru.

“When the cuckoo cries, that is the herald of spring” (Cando o cuco chora é o comezo da primavera) (Fulton 1903: 134; Grey 1857: 44; Williams 1971: 165, 379 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 187).

2.3.1.4. Falcon, Te kārewarewa: O falcón

Este paxaro predí cambios de tempo. Outro nome é *kauaua* que significa “it will be very rainy” (choverá moito). Un nome popular en inglés é tamén “rain bird” (paxaro da chuva).

2.3.1.4.1. Ka tangi te kārewarewa ki waenga ō te rangi pai, ka ua āpōpō; ka tangi ki waenga ō te rangi ua, ka paki āpōpō.

“If the sparrowhawk screams on a fine day, it will rain on the next day; if it screams on a rainy day, the next day will be fine” (Se o gabián berra nun día claro, choverá ao día seguinte; se o gabián berra nun día chuvioso, haberá bo tempo ao día seguinte) (Riley 2001: 71).

A chamada *ke-ke-ke-ke* desde o alto alertou o semideus Tāwhaki da inminencia dun maremoto (Riley 2001: 72).

2.3.1.5. Fernbird, (endémico de NZ), Mātātā, Ngako, Wetito, Kūkurutoki

Cando canta *hākuwai* predí chuva. Cando di *puahau* predí vento e cando di *hōkioi*, bo tempo.

2.3.1.5.1. He hōkioi te manu e karanga tonu ana i tōna ingoa (Riley 2001: 82)

O *hoikoi* é o paxaro que sempre inclúe o seu nome cando canta. Este dito refírese ás persoas que sempre están alardeando dos seus propios logros.

2.3.1.6. Godwit, Kūaka: O mazarico

Os maorís (Ngāti Awa e Ngāti Tāhuhu) que viñeron do Pacífico seguindo o voo dos mazaricos chegaron a Nova Zelandia.

2.3.1.7. Harrier, Kāhu, Kērangī: A gatafornela

Se se ouve a gatafornela nun bo día, entón pola tarde choverá (H. J. Fletcher Collection 1918? ápod Riley 2001: 96).

No inverno este paxaro non canta. Porén, no verán si que o fai e por iso este dito:

2.3.1.7.1. Ko ngā tohu ō te raumati waru, ko te kē o te kāhu ki te rangi me te hū o te matuku ki te repo

“The screeching of the harrier in the sky and the boom of the bittern in the swamp are signals of a summer scarce of food” (O berro da gatafornela no ceo e o cu do abetouro no pantano son sinais dun verán con pouca comida) (Riley 2001: 96).

2.3.1.8. Kiwi, Tokoeka, Roa, Tokoweka: O kiwi

2.3.1.8.1. Horo kiwi, horo weka

“When the kiwi searches for food, the weka watches” (Cando o kiwi busca comida a weka mira). Este dito predí un mal verán.

2.3.1.9. Kōkako, Ruru, Kouko, Peho: O moucho

O *kōkako* (moucho) é un paxaro nocturno e considerábase o paxaro escondido de Tāne.

2.3.1.9.1. Te haka a Tānerore

“The dancing of Tānerore” (A danza de Tanerore). Ten dous significados: refírese a cando a terra ruxe durante un terremoto. O outro sentido máis popular é o temor do aire quente nun día de verán. Tānerore tamén personifica os raios do sol dos días calorosos de verán. Outros significados populares son que cando canta de noite predí a morte de alguén. Outras familias maorís considerábano un espírito feminino protector da casa (Riley 2001: 146).

Koukou é a chamada típica deste paxaro e o nome maorí para o moucho macho. Se se oen unha soa vez pola noite é sinal de mal tempo. Se se oen paxaros que se responden entre si é sinal de que se aproxima unha tormenta. A presenza de moitos mouchos no outono é sinal de ventos furacanados e dun mal inverno. A chamada apresurada dun moucho novo é sinal de chuvia (Riley 2001: 148).

Outro tipo de moucho, extinto na actualidade, o *whekau* ou *ruru* ou *whenua* tamén predicía chuvia e enfermidades.

2.3.1.10. Purple Swamphen, Pūkeko: A galiñola púrpura

2.3.1.10.1. He pākura ki te pō, he kākā ki te ngahere

“A pukeko at night, a kaka in the forest” (O *pukeko* pola noite e a kaka no bosque). Ambos os dous paxaros avisan do paso das horas pola noite cun canto ou chamada.

2.3.1.10.2. Kai hea te pakura e keho mai na?

“Where is the pūkeko that is calling now? (Onde está o *pūkeko* que está chamando agora?). Refírese ás chamadas do *pukeko*. A primeira *waenganui pō* prodúcese no intervalo entre a noite e o día, despois vén unha segunda chamada e despois unha terceira anunciando o novo día (Riley 2001: 158).

2.3.1.11. Robin, Pitoitōi, Karuwai, Totoara, Toutouwai: O paporroibo.

2.3.1.11.1. Kua rarahi ngā mata ō te tōtōara

“The eyes of the robin are enlarged” (“Os ollos do paporroibo están agrandados”). Significa que xa vai escurecer. O sol xa deixou de brillar, ti e eu, todo está máis claro (Riley 2001: 171).

2.3.1.12. Grey Warbler, Riroriro, Horirerire, Whiringa-a-tau: O reiseñor

2.3.1.12.1. I hea koe i te tangihanga o te riroriro?

“Where were you when the riroriro sang?” (Onde estabas cando cantou o reiseñor?). O canto deste paxaro anunciaba cando preparar a terra para a horta e o cuco cando plantar as patacas doces. Este paxaro era un paxaro de estacións. O reiseñor gris tamén anuncia chuvia dous ou tres días antes. Parece non completar a canción e alterar as notas.

2.3.1.12.2. Ka tangi mai te riroriro, ko te tohu o te raumati, ka tūtū nga tāne, ki ngā uwaha, a wai nā waka

“When the riroriro calls, it is the sign of summertime” (Cando canta o reiseñor vén o verán) (Riley 2001: 206).

2.3.2. Predición do tempo a traves da observación dos peixes

Ngā ika a Whaitiri

“The fishes of Whaitiri” (Os peixes de Whaitiri). Os peixes son os fillos de Whaitiri e Kaitangata. Unha interpretación é que ás veces este dito se refire a que vai nevar, sarabiar e xear (Williams 1971: 325 ápod Neil Grove & Hirini Moko 2001: 323).

3. A predición do tempo na cultura galega

Tanto en galego como en maorí certos paxaros (algúns comúns a ambas as dúas culturas como a curuxa) anuncian malos agoiros, predín en certas circunstancias a morte dun ser querido, un accidente, ou a avinza desfavorábel dunha guerra ou disputa, etc. Neste proxecto non recolleemos esa abundante fraseoloxía común nas dúas linguas, senón que nos centramos na predición do tempo a través da observación da natureza (animais, especialmente paxaros e peixes). A maioría das veces, trátase de refráns cunha función descritiva ou didáctica.

3.1. Predición do tempo coa observación dos fenómenos atmosféricos

3.1.1. *A chuvia de febreiro fai o paleiro.* (Taboada Chivite 2000: 51).

3.1.2. *A chuvia de san Xuán tolle o viño e non dá pan.* (Taboada Chivite 2000: 46).

3.1.3. *A chuvia no mes de agosto non é chuvia, é mel e mosto.* (Taboada Chivite 2000: 51).

3.1.4. *A *luna de *octubre sete días cubre. O que ocorre os sete días ocorrerá as sete lúas distintas.* (Taboada Chivite 2000: 52).

3.1.5. *A xeadas de febreiro mata a vaca e mailo leiro.* (Taboada Chivite 2000: 57).

3.1.6. *Ano de neves ano de *bienes.* (Taboada Chivite 2000: 60).

3.1.7. *Ano de xeadas, ano de fornadas.* (Taboada Chivite 2000: 60).

3.1.8. Arco iris formado, nin bo tempo, nin moi malo. (Taboada Chivite 2000: 61).

3.1.9. Brétema en Padornelo, sardiña no garabelo. (Taboada Chivite 2000: 61).

3.1.10. Brétema na montaña, pescador á cabana. Viveiro. (Taboada Chivite 2000: 66).

3.1.11. Brétema no monte, millor que pola mañá é pola noite. (Taboada Chivite 2000: 66).

3.1.12. Brétema no vale, pescador, á *calle. Viveiro. (Taboada Chivite 2000: 66).

3.1.13. Entre Marzo e Abril Sal o cuco do cubil Que coa neve non quer vir. Entre Marzo e Abril Si non vén o cuco Quer ví- la fin. (Corpus TILG. de la Iglesia, Antonio María (1886): *El idioma Gallego, su antigüedad y vida* (vol. III: *Literatura popular*); 105-238).

3.1.14. Cando chove, chove; cando neva, neva; mais, cando fai vento, ese si que é mal tempo. (Taboada Chivite 2000: 69).

3.1.15. Cando chove e fai sol anda o demo no Ferrol. (Taboada Chivite 2000: 69).

3.1.16. Cando chove e fai vento, *señal de mal tempo. (Taboada Chivite 2000: 69).

3.1.17. Cando ó Nordeste chove, hastra as pedras move.

Estes refráns mariñeiros recolleunos para o *Gaiteiro de Lugo* Antonio López Polo (Almanegra), mariñeiro do mar de Viveiro. Ano 1971 (Taboada Chivite 2000: 70).

3.1.18. Cando ó pescador vénlle a iauga antes que o vento, aferra e mete dentro.

Estes refráns mariñeiros recolleunos para o *Gaiteiro de Lugo* Antonio López Polo (Almanegra), mariñeiro do mar de Viveiro no ano 1971 (Taboada Chivite 2000: 70).

3.1.19. Ceo craro e lostregante, tempo bo e mais sofocante. (Taboada Chivite 2000: 73).

3.1.20. Ceo escamado, nordeste ó rabo. Viveiro. (Taboada Chivite 2000: 73).

3.1.21. Ceo estrelado, chao mollado, auga no sobrado. (Taboada Chivite 2000: 73).

3.1.22. Ceo ovellado, en tres días mollado. (Taboada Chivite 2000: 73).

3.1.23. Ceo tellado, nin bo nin malo. (Taboada Chivite 2000: 73).

3.1.24. Día de neboeiro, día de sualleiro. (Taboada Chivite 2000: 81).

3.1.25. Febreiro quente trae o demo no ventre. (Taboada Chivite 2000: 91).

3.1.26. Maio atreboado, ano temperado. (Taboada Chivite 2000: 97).

3.1.27. Neve na costa, chuvia na porta. (Taboada Chivite 2000: 104).

3.1.28. *Niebla no mes de agosto, nin bo nadal nin bo magosto. (Taboada Chivite 2000: 104).

3.1.29. O día da Candelaria, si chora ou venta, inverno entra. E si non venta nin chora, inverno fóra. (Taboada Chivite 2000: 113).

3.1.30. Outubro quente, inverno detente; outubro afriar, inverno a escoar. (Taboada Chivite 2000: 132).

3.1.31. Vento Norte, tempo forte. (Taboada Chivite 2000: 160).

3.1.32. Vento pra Portugal o vrau está no* umbral. (Taboada Chivite 2000: 160).

3.1.33. Vento solán, vento na man. Lugo. (Taboada Chivite 2000: 160).

3.1.34. Xaneiro, xeadeiro; febreiro, marmaruxeiro, cada surco seu regueiro; marzo, nin o rabo do gato mollado; abril, canta poida vir; maio, pardo; san Xoán, craro; santa Mariña, calor; agosto, millor, conténtate, labrador. (Taboada Chivite 2000: 162).

3.2. Predición do tempo coa observación dos astros:

3.2.1. As estrelas miudiñas son as que compón o tempo; dime, di me, rapaciña: onde té-lo pensamento. (Corpus TILG. Pérez Ballesteros, José (1979): *Cancionero Popular Gallego* (vol. III).

3.2.2. Sol barbado, nordeste ó rabo. Lugo. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.3. Sol barbado, vendaval duro. Lugo. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.4. Sol madrugadeiro, chuvia no quinteiro. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.5. Sol madrugadeiro mete o can no palleiro. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.6. Sol madrugador e cura *callexeiro nin o cura é bo nin o sol duradeiro. Almoite. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.7. Sol madrugador, home rezador e muller cortés, eu renego deles tres. Santiago. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.8. Sol na aira e auga no lameiro non pode ser. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.9. Sol tempraneiro, auga no palleiro. (Taboada Chivite 2000: 154).

3.2.10. Lúa a saír, marea a subir. *Faro de Vigo*, 10/3/79. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.11. Lúa con cerco, auga no rego. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.12. Lúa de xaneiro non ten compañeiro, sinón a de agosto que lle dá no rostro. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.13. *Lúa nova e lúa vella, baixamar ás oito e meia.* *Faro de Vigo*, 31/3/74. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.14. *Lúa nova trobexada, trinta días de mollada.* *Vigo*. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.15. *Lúa posta, baixamar na costa.* *Faro de Vigo*, 31/3/74. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.16. *Cerco na lúa, enxuga a lagúa.* (Taboada Chivite 2000: 73).

3.2.17. *Cerco na luna, auga segura.* (Taboada Chivite 2000: 96).

3.2.18. *Cheas no xaneiro, redes ó fumeiro.* Refráns do Almanaque Agrícola ZZ –1969. (Taboada Chivite 2000: 96).

3.3. Predición do tempo coa observación dos animais: paxaros

3.3.1. A curuxa: Morepork, Ruru.

3.3.1.1. *Curuxa tardega, áugoa noitega.* (Corpus TILG. Nós. *Boletín mensual da Cultura Galega*, nº 36, 15 de decembro de 1926; 18).

3.3.1.2. *A curuxa de madrugada, vento ou xiada.* (Corpus TILG. Lence-Santar, Eduardo, 1939: *Etnografía mindoniense*. Edición de Armando Requeixo (2000); 73).

3.3.2. O cuco: Long-tailed Cuckoo, Koekoeñ

3.3.2.1. *O cuquiño a cucar, e a ruliña a rular, colle o fouciño e vai sementar.* (Corpus TILG. Nós. *Boletín mensual da Cultura Galega*, nº 36, 15 de decembro de 1926; 18).

3.3.2.2. *Si oies ó cuco tres días despois de <3 San Pedro 3>, cava, cavador, e non teñas medo.* (Corpus TILG. Lence-Santar, Eduardo (1939): *Etnografía mindoniense*. Edición de Armando Requeixo (2000); 76).

3.3.2.3. *Cando o cuco quer cantar a mañá vai despertar.* (Corpus TILG. Fernández Teixeira, Manuel María (1954): *Terra Cha. Poemas*; 76).

3.3.2.4. *Cando canta o cuco o criado ponse farruco.* (Taboada Chivite 2000: 69).

3.3.2.5. *(O cuco) se vén pola ribeira, fame na feira.* Pois existe a crenza de que se vén por abaixo será mal ano mentres que, pola contra, se se sente cantar o primeiro día cara a arriba, na montaña, será un bo ano. ***Cando o cuco chega, case sempre en días quentes e solleiros.*** O tempo poucos días máis adiante vira de xeito precipitado e volta a neve, o frío e a choiva (Corpus TILG. Parada Jato, Jesús Alfonso (2007): *Usos, costumes e cousas do Courel*; 71).

3.3.2.6. *Cando xa cantou o cuco, corren as choivas de abril e as lampreas son de baixada.* Desovadas, case mortas, perderon gran parte da súa exquisitez (Corpus TILG. Galdo, Fausto (2012): *Abecedario das mantenzas*; 169).

3.3.2.7. *Cando chega o cuco, vén o pan ó suco.* (Taboada Chivite 2000: 69).

3.3.3. A gaivota: Black-Bucked Gulls, Karoro

3.3.3.1. *Gaivotas, mensaxeiras das tromentas, chilrando, medorentas, polos sombrisos ceos, vense ir; contr ‘ as nubes o lóstrego s ‘ acende; o trono xa se fende, e sintese, ó ir a rolos, prercutir.* (Corpus TILG. Rodríguez Barreiro, Lisardo (1923): *Escumas e brétemas. Versos gallegos*; 111).

3.3.3.2. *Cando a gaivota anda á gravisela, mal para nós e fame para ela.* (Corpus TILG. Nós. *Boletín mensual da Cultura Galega*, nº 36, 15 de decembro de 1926: 18).

3.3.3.3. *Cando as gaivotas bailan a muiñeira hai que gardá-lo millo da eira.* (Corpus TILG. Nós. *Boletín mensual da Cultura Galega*, nº 36, 15 de decembro de 1926: 17).

3.3.3.4. *Os veciños de ‘Ons’ [...] Adiviñan o mal tempo porque cantan as gaivotas por riba dos pedras, porque os rañacús ou estrelas de mar saen a tomar o sol e porque os merlos cantan nas silveiras, pois si cantan nos penedos é sinal de bon tempo.* (Corpus TILG. Nós. *Boletín mensual da Cultura Galega*, nº 131-132, novembro-decembro de 1934: 171).

3.3.3.5. *Cuando a gaviota vai pral mar, coye el arado i pon te a arar.* (Corpus TILG. Fernández Vior, José Antonio (1997): *Notas etnolingüísticas del Conceyo da Veiga*; 72).

3.3.3.6. *Cuando a gaviota vai pra terra, coye a brosa i fai estelas.* (Corpus TILG. Fernández Vior, José Antonio (1997): *Notas etnolingüísticas del Conceyo da Veiga*; 72).

3.3.3.7. *Cando a gaviota visita o labrador, mal lle vai ó pescador.* (Taboada Chivite 2000: 68).

3.3.4. A bubela, Hoopoe.

3.3.4.1. *Cando canta a bubela, a faba na terra.* (Taboada Chivite 2000: 69).

3.3.4.2. *Cando canta a bubela, millo á terra.* (Taboada Chivite 2000: 69).

3.3.5. Paxaros en xeral:

3.3.4.3. *Canta a ra no mes de abril, encrúa o tempo e vólvese ó cubil.* Lugo. (Taboada Chivite 2000: 71).

3.3.4.4. *Páxaro na aldea e *reloj na *población é unha equivocación.* (Taboada Chivite 2000: 133).

4. Semellanzas dos ditos en galego e maorí

Téñense como base os seguintes criterios:

- (1) Significado idéntico/ parcial ou nulo (cando non hai semellanzas semánticas)
- (2) Estruturas formais léxico-sintácticas (N/A)
- (3) Imaxinería idéntica/ parcial

Dos ditos recollidos en galego e en maorí atópanse semellanzas parciais de significado na observación dos astros e dos animais (paxaros). En maorí non contamos con exemplos suficientes sobre a observación dos fenómenos atmosféricos para predicir o tempo, aínda que si existen moitos refráns de observación dos fenómenos atmosféricos para outros fins. Tamén hai moitos refráns nos que os paxaros e os astros adquiren trazos personificados converténdose en refráns didáctico-morais. Outro uso moi popular en maorí é a observación dos cantos dos paxaros a horas específicas para predicir a morte ou un evento catastrófico. En condicións ideais e podendo facer un estudo máis detallado e sistemático dos ditos meteorolóxicos, usando fontes orais -informantes nas zonas rurais onde se asentaron as distintas *iwis* e falando con xente maior, poderíamos atopar unha mostra máis relevante. Non se rexistran na escrita ditos meteorolóxicos no campo semántico das ondas (aínda que oralmente pode que si sexa un campo activo). Un informante contoume que un maorí que vive nunha pequena illa ao norte de Auckland lembra máis de dez nomes para os distintos tipos de ondas que tiñan significados diferentes para os antigos habitantes desa illa. Este coñecemento non está recollido por escrito en fontes públicas. Tamén sospeito que pode haber ditos atmosféricos de predición do tempo baseados na observación das nubes e da chuvia, tendo en conta que na illa norte chove moito e sabemos que os maorís eran expertos en navegación, e a observación do ceo e das estrelas era algo funcional e vital na vida diaria de antano. Tamén un dos varios xeitos en maorí de nomear orixinariamente a illa norte e, despois, toda Nova Zelandia é *Aotearoa*, que presenta varias traducións. A tradución máis popular é “a terra da longa nube branca”, pero *aotea* tamén pode ser unha canoa ou a galaxia de Magalláns, satélite da Vía Láctea: “*ao*: nube, amencer, día ou mundo”, “*Tea*: branco, claro, brillante”, “*roa*: longa”. Outro significado é a galaxia Magalláns. Outra tradución de *Aotearoa* é “o mundo longo e brillante” ou “a terra do día permanente”, en contraste cos días máis curtos ao norte da Polinesia.

En galego contamos cunha abundante fraseoloxía de predición do tempo baseada na observación dos fenómenos atmosféricos. Pero tamén hai moita máis historia e tradición de recollida de ditos e refráns. Proba diso son os corpóra, libros e estudos como “Parecias meteorolóxicas galegas: crítica e hermenéutica deste xénero literario” (2012) de Xesús Ferro Ruibal, publicado en *Géolinguistique* 13. Neste estudo o autor subliña, entre outras cousas, a importancia de diferenciar o pensamento tradicional do pensamento científico e racional cando tratamos de interpretar os ditos e refráns:

A segunda peculiaridade é a lóxica propia do pensamento tradicional. Aínda que os refráns, pola súa redondez expresiva, parezan leis físicas, non o son nin o pretenden ser: son simples cautelas meteorolóxicas. Un refrán meteorolóxico aproxima dous feitos (Fume baixo, sinal de auga) ou aproxima un feito expreso a outro elíptico para provocar unha recomendación (Lúa deitada, mariñeiro en pé). [...] O pensamento tradicional non funciona co principio de contradición. Por iso os refráns meteorolóxicos nin son dogmas de fe nin son axiomas científicos inequívocos e inexorábeis. [...] A sincronía de dous feitos non é nin pretende ser causalidade nin inexorabilidade estatística. (2012:104-105)

Neste traballo e nas mostras recollidas, que non son exhaustivas nin totalmente representativas das culturas en cuestión, pódense indicar semellanzas de significado parcial en ambas as culturas, así como semellanzas parciais na imaxinería empregada. Porén, penso que hai unha maior tendencia en maorí a personificar aspectos meteorolóxicos e xeotermiais porque se trata dunha cultura que estivo relativamente illada do resto do mundo durante máis de oito séculos, e por razóns xeográficas pero tamén pola maior incidencia destes fenómenos (especialmente terremotos e actividade volcánica) e polos efectos radicais que estes poden causar na vida diaria. Algunhas semellanzas parciais proveñen dunha observación detallada dos sons e cantos dalgúns paxaros como o cuco ou a gaivota anunciando nas dúas linguas cando é bo tempo para a colleita, cando é apropiado ir pescar ou cando vai chover. Estas semellanzas parciais de significado e de imaxinería teñen unha fonte de inspiración común na observación da natureza e, con moita probabilidade, usáronse de guía tradicionalmente con fins diversos como arar a terra, pescar ou empezar ou rematar os labores agrícolas diarios.

4.1. Semellanzas dos ditos en base á orixe

4.1.1. Ditos de orixe local, (trans)nacional e universal

Os ditos en galego presentan diversas procedencias de orixe. Hai ditos de procedencia local como *Brétema en Padornelo*, *sardiña no garabelo*, *Cando chove e fai sol anda o demo no Ferrol*; ditos de orixe rexional como *A chuvia de San Xuan tolle o viño e non dá pan*, ou ditos de orixe nacional e plurinacional (ditos que son similares en varias linguas romances) como *Ano de neves ano de benes*, *Febreiro quente trae o demo no ventre*, *En abril augas mil*, etc. Moitos ditos en maorí teñen unha orixe plurinacional ou transnacional e reflicten antecedentes e fontes comúns a certas illas do Pacífico (Rarotonga, Tonga, Fiji), segundo os recompiladores dos ditos recollidos (Murdoch R., N. Grove, Moko Mead, M. Orbell). Outros ditos son de orixe local, especialmente os que teñen como referente un monte ou un lugar particular. E outros ditos son comúns en varias *iwis* na illa norte. Os dous pobos presentan semellanzas no uso de ditos meteorolóxicos en base á orixe. Outra cuestión, como se mencionou anteriormente, é a de comprobar a verdade ou veracidade dos ditos de predición do tempo, pois cando os ditos non teñen unha orixe local perden o sentido de referencialidade, poden adoptar elementos creativos ou, ao tratarse de ditos de hai moitos séculos, xa non reflicten os patróns do tempo hoxe en día. Como di Conde Tarrío con respecto á veracidade dos ditos en galego:

El refranero gallego no refleja con exactitud la climatología de Galicia: se fija más en las temperaturas que en las precipitaciones. Se nos habla de frío cuando en Galicia el frío es “sensible”, es decir, la gente lo siente por la gran humedad reinante, pero no es tan excesivo como se pretende. [...]

Si un refrán nace como fruto de la experimentación, como es el caso de los meteorológicos, nos atrevemos a afirmar que un agricultor gallego no puede constatar que el mes de abril sea el más lluvioso. Esto nos hace pensar que el proverbio “En abril augas mil” ha sido traído a nuestra tierra, tal vez por los

“alugados”, (personas que iban alugadas a Castilla para traballar en las faenas del campo) a su vuelta de la Meseta. (2001: 66)


Os ditos climatolóxicos recollidos en maorí tampouco reflicten con exactitude a climatoloxía variada do país, ademais cada *iwi* tiña cadansúas variantes lingüísticas e ditos e moitos non están recompilados por escrito. A maioría das *iwis* asentáronse en distintos lugares da illa norte e ían en canoas á illa sur basicamente na procura de xade ou para matar moas para comer (aves xigantes extintas). Outro problema é que en maorí dependemos da tradución ao inglés, unha lingua moi diferente e sen unha correspondencia semántica total ou literal. No proceso de translación semántica empobrecése ou límitase a posíbel riqueza de contido dos ditos na lingua orixinal. Ademais dos baleiros léxicos, temos o problema de transmitir contidos de tipo animista a unha lingua e pensamento racional non animista, limitando captar o sentido profundo e contextual ou a intuición do que os antigos maorís querían expresar. Outra limitación é que os ditos recollidos aquí proceden de fontes que só reflicten un fragmento da variada tradición oral de antano. Mais a pesar das limitacións lingüísticas, da perda de sentidos na tradución e da asincronía histórica entre os dous pobos, esta pequena mostra quere presentar que por riba das diferenzas lingüísticas, culturais, relixiosas e xeográficas que existen entre culturas tan separadas entre si, tamén se intúen algunhas semellanzas parciais na observación e función dos astros e dos animais no pensamento tradicional maorí e galego. Trátase de observacións semellantes de carácter funcional, non sempre referencial, e tamén simbólico, recollidas en ditos meteorolóxicos nunha época na que predominaba unha cultura oral de subsistencia agrícola, de caza e mariñeira.

5. Conclusións

Neste estudo comparativo de parecias de predición do tempo en galego e en maorí, -dúas linguas e culturas situadas xeograficamente nos antípodas do planeta e que non tiveron contactos entre si- ponse de manifesto a existencia de tendencias similares en ambas as linguas no proceso de observación do mundo natural (cantos particulares e a determinadas horas de certos paxaros, e peixes) e dos astros en relación coa predición do tempo. Un trazo popular en ambas as culturas é predicir a través dos animais o cambio de estación ou se vai facer bo ou mal tempo para a colleita, para sementar, ou se vai haber tormentas, temporais, etc. En ambas as dúas culturas existe unha presenza de *dictons* de orixe local (a veracidade destes ditos é intransferible dun lugar a outro), pero tamén hai expresións de orixe nacional e transnacional (das illas do Pacífico en maorí e, de Europa, sobre todo das linguas romances, no galego). Tamén se observan algunhas diferenzas. En maorí parece haber unha maior abundancia de unidades fraseolóxicas do tempo baseadas na observación dos astros, constelacións, etc., e tamén é máis común o uso de personificacións dos peixes, dos astros e dos paxaros. Este trazo reflicte unha ausencia de sincronización cultural e de cosmovisión entre o maorí e as linguas e culturas europeas modernas (inglés, galego etc.). Outros trazos contrastivos son a ausencia dunha lingua escrita en maorí até moi recentemente e a consecuente carencia de corpus lingüísticos

do maorí. En galego existe unha longa tradición de recollida de datos, fenómeno que favorece unha análise máis exhaustiva. En maorí sería necesario facer estudos de campo sistemáticos para rexistrar refráns e unidades fraseolóxicas orais que aínda se conservan na memoria dos maorís máis vellos que viven nas zonas rurais.

Para unha mellor visualización do territorio maorí en Nova Zelandia preséntase aquí un mapa co nome e a distribución das *iwis* na illa norte e os seus límites rexionais, que non están lexislados oficialmente. O seguinte mapa é a illa sur e presenta a distribución das *iwis* que estaban localizadas xeograficamente en zonas moito máis amplas, coa excepción da parte norte da illa sur que rexistra unha historia máis longa e dinámica de asentamentos.



http://www.takoa.co.nz/iwi_maps_north.htm



http://www.takoa.co.nz/iwi_maps_south.htm

6. Corpus, recursos e ligazóns útiles

6.1 En galego

- Instituto da Lingua Galega: [<http://ilg.usc.es/gl/recursos/>].
- AMPER-Galicia: [<http://ilg.usc.es/amper/>].
- Arquivo do Galego Oral (AGO): [<http://ilg.usc.es/ago/>].
- Dicionario de dicionarios da lingua galega (DdD): [<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>].
- Dicionario de dicionarios de xirias: [<http://sli.uvigo.es/xirias/>].
- Estudos de Lingüística Galega (ELG): [<http://www.usc.es/revistas/index.php/elg>].
- FOLERPA - Ferramenta On-Line para ExpeRimentación PerceptivA: [<http://ilg.usc.es/FOLERPA/>].
- Índices do Atlas Lingüístico Galego: [<http://ilg.usc.es/indices/>].
- Recursos Integrados da Lingua Galega (RILG): [<http://sli.uvigo.es/RILG/>].
- Rede Tecnoloxías e Análise dos Datos Lingüísticos (TecAnDaLi): [<http://ilg.usc.es/tecandali/>].
- Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG): [<http://ilg.usc.es/TILG/>].

- Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG): [<http://ilg.usc.es/tmilg/>].
- Ligazóns sobre revistas, arquivos, centros e estudos de cultura etnográfica: [<http://www.culturaspopulares.org/links1.php>].
- ParemioRom: [<http://stel.ub.edu/paremio-rom/es/%C3%A1mbito-tem%C3%A1tico-general>] // [<http://stel.ub.edu/paremio-rom/es/p%C3%A1ginas/enlaces-de-inter%C3%A9s>]

6.2. En maorí

- Mapas visuais e sonoros: [<http://www.teara.govt.nz/en/nga-manu-birds/page-3>] [<http://www.teara.govt.nz/en/nga-manu-birds/page-4>].
- Glossary of Māori Proverbs, Sayings and Phrases: [http://ojs.review.mai.ac.nz/info/proverbs_and_sayings.php].
- The Maori: Yesterday and To-day. Chapter IX. Whakatauki. Some maori proverbs and aphorisms: [<http://nzetc.victoria.ac.nz/tm/scholarly/tei-CowYest-t1-body-d1-d9.html>].
- Maori Proverbs Massey Univ.: [<http://www.massey.ac.nz/massey/maori/maori-language-month/korero/maori-proverbs.cfm>].
- Royal Society of NZ: [http://rsnz.natlib.govt.nz/volume/rsnz_12/rsnz_12_00_001250.html].
- Maori- Death- Mythological origins: [<http://www.teara.govt.nz/en/tangihanga-death-customs/page-2>].
- Planeta Maori Proverbs: [<http://planeta.wikispaces.com/maoriproverbs>].
- Maori Proverbs: [<http://www.maori.cl/Proverbs.htm>].
- Maori Sayings From Nature: Story: Kōrero taiao – sayings from nature: [<http://www.teara.govt.nz/en/korero-taiao-sayings-from-nature>].
- Traditional Maori Proverbs: Some General Themes: [<http://www.otago.ac.nz/deepsouth/vol3no1/moon2.html>].
- Mapa das iwis de Aotearoa:
Te-Ika-a-Māui= illa norte [http://www.takoa.co.nz/iwi_maps_north.htm] / Te Waipounamu= illa sur: [http://www.takoa.co.nz/iwi_maps_south.htm].
- Mitoloxía maorí: [<http://rongowhakaata.iwi.nz/culture/whakapapa/>].

7. Bibliografía

CELLARD, Jacques e DUBOIS, Gilbert (1985): *Dictons de la pluie et du beau temps*. Paris: Éditions Belin.

- CONDE TARRÍO, Germán (2001): “La verdad en el refranero: los refranes meteorológicos gallegos” en *Paremia* 7; 61-68.
- CORPAS PASTOR, Gloria (2003): *Diez años de investigación en fraseología, análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos*. Madrid: Iberoamericana.
- FERRO RUIBAL, Xesús (2012): “Parecias meteorolóxicas galegas: crítica e hermenéutica deste xénero literario” en *Géolinguistique* 13; 61-121.
- GREY, Sir George (1857): *Ko Nga Whakapepeha. Nga Whakapepeha a nga Tipuna. Aotearoa. Proverbial and Popular Sayings of the Ancestors of the New Zealand Race*. Cape Town: Saul Solomon and Co., Stream Printing Office.
- GROVE, Neil e MOKO MEAD, Hirini (2001): *Ngā Pēpeha. A ngā Tipuna. The Sayings of the Ancestors*. Wellington: Victoria University Press.
- HURTADO ALBIR, Amparo (2007): *Traducción y traductología: introducción a la traductología*. Madrid: Cátedra.
- KEANE, Kelly (2012): “Ngā manu – birds - Birds’ names” en *Te Ara - the Encyclopedia of New Zealand*. Actualizada 14.10.2012. [<http://www.TeAra.govt.nz/en/interactive/12179/bird-calls>]. [10.1.2015]
- MANN, Alden T. (1995): *The elements of reincarnation*. Great Britain: Element Books Ltd.
- McCONNELL, Robert N. e McCONNELL, Vivienne M. (2012): “Manuel José” en *Dictionary of New Zealand Biography. Te Ara - the Encyclopedia of New Zealand*. Actualizada 30.10.2012. [<http://www.TeAra.govt.nz/en/biographies/1m12/manuel-jose>]
- NGATA, Sir Apirana T. (1970): *Ngā Moteatea. Part III*. Wellington: The Polynesian Society.
- NORD, Christiane (1991): *Text Analysis in Translation*. Amsterdam: Rodopi.
- ONG, Walter J. (1987): *Oralidad y escritura. Tecnologías de la palabra*. México: Fondo de Cultura Económica.
- ORBELL, Margaret (1995): *The Illustrated Encyclopedia of Maori Myth and Legend*. New Zealand: Canterbury University Press.
- PHILLIPS, Jock (2012): “European exploration” en *Te Ara - the Encyclopedia of New Zealand*. Actualizada 9.11.2012. [<http://www.TeAra.govt.nz/en/european-exploration>].
- RILEY, Murdoch (1990): *Maori Sayings and Proverbs*. Compiled by Murdoch Riley. New Zealand: Viking Sevenses NZ Ltd.
- (2001): *Maori Bird Lore. An introduction*. New Zealand: Viking Sevenses NZ Ltd.
- RÍO CORBACHO, María Pilar (2005): “O refrán meteorolóxico: estudo, comparación con outras linguas (catalán e francés) e proposta de nova denominación” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 2005; 239-260. [<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg07.pdf>]
- RODEGEM, François-Marie (1984): “La parole proverbiale (II)” en SUARD, François e BURIDANT, Claude (1984): *Richesse du Proverbe*. Lille: Université de Lille III; 121-135.

- SANTAMARINA FERNÁNDEZ Antón (coord.): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega. USC: [<http://ilg.usc.es/TILG/>] [10.10.2014].
- SEVILLA MUÑOZ, Julia (1988): *Hacia una aproximación conceptual de las paremias francesas y españolas*. Madrid: Ed. Universidad Complutense.
- (1992): “Propuesta de sistematización de los dictons” en *Revista de Filología Francesa* 1, 1992; 175-187.
- ST CLAIR, John (1897): “The Ancient Wisdom of the Maoris” en *Theosophy*. April 1897.
[http://www.theosociety.org/pasadena/theos/v12n01p11_ancient-wisdom-of-the-moaris.htm]
- TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): *Refraneiro galego*. *Cadernos de Fraseoloxía galega* 2, 2000. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; 194 páxs.
- VV.AA. “History of the Māori language” (2014): Ministry for Culture and Heritage. [<http://www.nzhistory.net.nz/culture/maori-language-week/history-of-the-maori-language>]. [2.11.2014].
- WILLIAMS, Herbert W. (19717): *A Dictionary of the Māori Language*. Wellington: Govt. Printer.

Sinónimos fraseolóxicos no corpus e no dicionario

Phraseological Synonyms in Corpus and in Dictionary

Irina Parina¹

Staatliche Linguistische Universität Nischni Novgorod
parinai@yandex.ru

Resumo: Este artigo trata de comprobar se unha análise baseada en corpus de sinónimos fraseolóxicos pode conducir a unha descrición lexicográfica precisa. Tomarase como base para a obtención de datos o corpus de referencia do alemán DeReKo do Institut für Deutsche Sprache Mannheim. Analizaranse as locucións alemás do campo semántico TADEL (CRÍTICA) que en obras lexicográficas tradicionais se presentan frecuentemente co mesmo significado ou moi parecido. O estudo ten en conta especialmente os significados actuais e a estrutura das locucións, así como calquera modificación sintáctica como a transformación a pasiva, a conxugación de formas persoais do verbo ou as combinacións con atributos adxectivos e adverbiais. A análise do corpus mostra que as locucións de significado próximo se caracterizan por peculiaridades no seu uso. Nalgúns casos, estas peculiaridades teñen unha explicación, aínda que case ningunha é previsible. Polo tanto, sería recomendable incluír no dicionario comentarios sobre as peculiaridades sintácticas e pragmáticas das locucións. Nalgunhas ocasións, tamén se poden realizar conclusións sobre as características semánticas das locucións tendo en conta as peculiaridades no uso destas que permitan que as descricións lexicográficas sexan máis exhaustivas. Estas distincións tamén son importantes para a lexicografía bilingüe, así como para a fraseodidáctica no ensino de linguas estranxeiras.

Palabras clave: locución, sinónimo fraseolóxico, análise de corpus.

Abstract: *The subject of the following paper are German idioms of the semantic field DISAPPROVAL usually described in dictionaries as absolute synonyms. The aim of the study is to find out whether there are any significant differences between these idioms by analyzing their usage in contexts from the German reference corpus DeReKo. The paper considers the meaning and inner form of phraseological synonyms as well as such syntactic modifications as passivation, constructing personal forms of the verb, combinations with adjectives and adverbial modifiers. Corpus analysis shows that idioms of the same semantic field differ under these aspects. Therefore, detailed*

Data de recepción: 15.10.2015. Data de aceptación: 30.10.2015.

¹ O meu máis sincero agradecemento ao Dr. Steffan Ettinger, así como aos revisores anónimos polas valiosas observacións e propostas de corrección sobre esta achega.

Tradución de Beatriz Pérez Traseira.

comments on the syntactic and combinatorial properties of the idioms are necessary in dictionary to provide for their confident usage. Besides, some of the observed properties allow to make conclusions about the semantic and pragmatic features of idioms, which could also be mentioned in the dictionary to make the lexicographic descriptions of idioms more detailed and differentiated.

Keywords: idiom, phraseological synonymy, corpus analysis.

1. Introducción

Xa hai 25 anos, sinalou N. Švedova, a autora dun dos dicionarios semasiolóxicos de ruso máis coñecidos, que na descrición lexicográfica de lexemas sería máis razoable a ordenación por grupos de unidades próximas semanticamente correspondentes á mesma categoría gramatical que por orde alfabética. Deste xeito, permitiría delimitar mellor cada significado e presentar en xeral de maneira máis uniforme e coherente as descricións do significado e as entradas no dicionario (Švedova 1981: 171).

Este enfoque podería tamén aplicarse aos frasemas. As unidades de significado próximo son aínda máis frecuentes no caso dos frasemas que nos lexemas (Fleischer 1997; Hümmel 2007: 46). Varios investigadores afirman que os frasemas describen moi frecuentemente situacións, características e estados que provocan unha reacción negativa, de xeito que se constitúen grandes grupos de frasemas similares semanticamente en ámbitos cunha carga emocional (Burger 2015: 72–74; Mitschri 1998: 523–534; Rajhštejn 1980: 58–61; Stepanova/Černyševa 2003: 180).

Nesta achega comprobarase, tendo en conta as locucións en alemán do campo semántico TADEL (CRÍTICA), se a comparación baseada en corpus de frasemas de significado próximo pode levar a unha descrición lexicográfica precisa da súa semántica. A resposta a esta pregunta non é obvia, xa que por unha banda existen distintas interpretacións do concepto sinonimia, das que nos ocuparemos no seguinte apartado. Unha comparación máis exhaustiva dos sinónimos tería soamente lugar se se considera posible nun principio que haxa diferenzas entre estes. Non obstante, partimos da base de que as locucións dunha serie de sinónimos comparten o mesmo significado e abonda con enumeralas no dicionario. Por outra banda, grazas á investigación baseada en corpus obtense a información sobre o significado de frasemas a través da análise de documentos auténticos. Hümmel sinalou as dúbidas relacionadas ao observar que sería cuestionable se se aprecian diferenzas conceptuais na distribución de sinónimos ou se se trata de idiosincrasias de distribución puramente convencionais (Hümmel 2007: 48). Con todo, isto pode rebatirse, xa que habería que mencionar as diferenzas que chaman a atención no emprego de sinónimos nos dicionarios, independentemente de se se relacionan coa semántica do frasema ou non.

Como base da recollida de datos no presente estudo empregouse o corpus DeReKo (= Deutsches Referenzkorpus) do Institut für Deutsche Sprache en Mannheim. A semántica dos frasemas do campo semántico TADEL (CRÍTICA) foi, ademais, obxecto da miña tese, que, mediante a información extraída dun corpus, desenvolveu entradas para un dicionario de fraseoloxía ideográfico bilingüe. En total, ao longo do estudo analizáronse máis de 15.000 aparicións no corpus de 32 locucións (Parina 2010): *jmdn. unter Beschuss*

nehmen; etw./jmdn. aufs Korn nehmen; jmdm. etw. um die Ohren hauen/schlagen; jmdn. in die Pfanne hauen; etw./jmdn. in der Luft zerreißen; jmdm. an die Gurgel gehen; jmdm. eine vor den Latz knallen; jmdm. die/seine Meinung sagen; jmdm. die Leviten lesen; jmdn./etw. ins Gebet nehmen; jmdm. ins Gesicht springen, mit jmdm. ein paar Takte reden; jmdm./etw. den/einen Spiegel vorhalten; jmdm. den/einen Spiegel vors Gesicht halten; jmdm. eine Zigarre verpassen; jmdn. an/ans Portepée fassen/packen; jmdm. auf die Finger klopfen; jmdm. auf die Pfoten hauen; jmdm. die Ohren lang ziehen; jmdm./etw. den Marsch blasen; jmdm./etw. (die) Flötentöne beibringen; jmdn. Mores lehren; jmdm. aufs Dach steigen; jmdm. den Kopf waschen; jmdm. die Kappe waschen; jmdn. in den Senkel stellen; jmdm. den Kopf zurechtrücken; jmdm. eins auf den Deckel geben; jmdm. eins aufs Dach geben; jmdm. eins auf die Nase geben; jmdm. eins über die Rübe geben; jmdm. eins auf den Hut geben. Ante o significativo aumento da extensión do DeReKo dende o ano 2010 (dende 2,3 mil ata 29 mil millóns de palabras), os datos presentados neste artigo revisáronse con respecto ao uso das locucións e, en caso necesario, completáronse. Ademais, serviron como base para as entradas das locucións correspondentes para o corpus-dicionario “Moderne deutsch-russische Idiomatik”, no que traballa un equipo dirixido por A. Dobrovol’skij (locucións alemán-ruso: [<http://wvonline.ids-mannheim.de/idiome-russ/>]). Unha das entradas de dicionario que elaborei preséntase como adxunto do presente artigo.

2. As distintas interpretacións da sinonimia fraseolóxica

Na investigación fraseolóxica moderna entendéronse os sinónimos, quer como unidades cun significado similar, quer cun significado igual. A condición para unha sinonimia total é, segundo Schemann (2009: 111), un proceso de lexicalización completo, polo tanto o significado da expresión idiomática non se relacionaría máis no seu conxunto co significado non idiomático dos seus compoñentes. Aínda que Schemann recoñece que acontecen con moita frecuencia fenómenos transitorios, este afirma que ao parecer na lingua alemá hai centos, se non son miles, de unidades idiomáticas co mesmo significado (Schemann 2009: 110).

Este punto de vista reflíctese no *Synonymwörterbuch der deutschen Redensarten* (Schemann 2012), que ata hai pouco tempo era o único dicionario de sinónimos de locucións en alemán. Os frasemas de significado próximo, “que son intercambiabiles en contextos concretos”, preséntanse en bloques de sinónimos (Schemann 2012: XII). No título de cada bloque represéntase o esencial do seu significado a través de palabras clave ou exemplos de frasemas dese bloque.

Tamén segundo Proost (2007: 110-111), os frasemas considéranse sinónimos totais, pois o seu significado denotativo é equivalente. A autora considera irrelevantes as diferenzas nos compoñentes figurativos, xa que, dende o seu punto de vista, os grupos completos de sinónimos fraseolóxicos (por exemplo *jmdm. eins auf Dach geben, jmdm. eins auf den Deckel geben, jmdm. eins auf den Hut geben, jmdm. eins auf die Nase geben*) existen como consecuencia dos esforzos de formar expresións a través dunha variación *ad hoc* do compoñente léxico. Non obstante, engade que, se a imaxe se considerara

parte do significado connotativo, se poderían dar en moi poucas ocasións nos frasemas sinónimos totais.

Nos enfoques nos que se lle dá moita importancia aos compoñentes figurativos do significado do frasema, os frasemas de significado próximo considéranse similares, mais non equivalentes. Fleischer (1997) entende por sinónimos fraseolóxicos os frasemas que comparten matices de significado “esenciais”. O seu grao de motivación figurativo, a súa marca estilística e a súa forma sintáctica poden ser diferentes. En Fleischer (1997: 195-196) tamén se fai fincapé no modelo de construción das locucións do campo semántico de TADEL (CRÍTICA). Indicáronse distintos significados figurativos iniciais: por exemplo, “lavar, limpar”, *den Kopf waschen*, “golpear”, jmdm. *eins auf den Deckel geben* e “instruír”, como. jmdm. *die Leviten lesen*. Con respecto a isto, xorde a cuestión de se a diferenza entre locucións de significado próximo (se se detectan) se poida deber a diferenzas nos modelos de construción.

Toledo (1993: 35) sinala que debido a imaxes diferentes pode ser posible moi poucas veces o intercambio de frasemas. Šanskij (1985: 52) fai tamén referencia á función diferenciadora de significado das imaxes fraseolóxicas. No enfoque cognitivo-lingüístico, representado por Dobrovol'skij (1996: 71–93; 2007: 789–818), considérase que a a imaxe mental que representa a locución provoca restricións no seu uso. En Dobrovol'skij (2007: 800-803) compróbase, tendo en conta locucións do campo semántico ANGST (MEDO), que as diferentes imaxes contribúen a unha reprodución e unha diferenciación máis precisas dos significados que expresan as locucións. No caso das locucións cunha estrutura diferente, trátase de cuasisinónimos que só son intercambiabiles en contextos concretos.

Ademais, documentáronse experimentalmente diferenzas no significado e uso de frasemas dun grupo de sinónimos. Hümmel (2007: 295), tras realizar unha investigación baseada en corpus de frasemas do campo semántico “Capacidade”, chegou á conclusión de que, dentro dun grupo de sinónimos, cada elemento ten un papel único que diferencia a este elemento do resto. En Parina (2014) describíronse diferenzas entre os frasemas co significado de *echt, typisch, durch* e *durch* (“auténtico, típico, completamente”) coa axuda dunha análise de corpus.

Os resultados do estudo comparativo de sinónimos fraseolóxicos ata o momento apenas se puideron integrar na praxe lexicográfica. Nos dicionarios xerais actuais en alemán e de fraseoloxía (por exemplo *Duden* 1997; *Duden* 2002; *Langenscheidts Großwörterbuch; Redensarten-index.de*) atópanse listaxes completas de frasemas con definicións moi parecidas ou iguais. Algúns exemplos do campo semántico TADEL (CRÍTICA) poden ilustralo:

jmdm. *auf die Finger klopfen* (ugs.): jmdn. scharf zurechtweisen (*Duden* 2002: 222);

jmdm. *den Marsch blasen* (salopp): jmdn. gehörig zurechtweisen (*Duden* 2002: 504);

- jmdn. Mores lehren (ugs.): jmdn. energisch zurechtweisen (Duden 2002: 522);*
jmdn. in den Senkel stellen (ugs.): jmdn. scharf zurechtweisen (Duden 2002: 701);
jmdm. eine Zigarre verpassen (ugs.): jmdn. zurechtweisen, tadeln (Duden 2002: 902);
jemandem aufs Dach steigen gespr; *jemanden energisch rügen, tadeln (Langenscheidts Großwörterbuch);*
jemandem auf die Finger klopfen gespr; *jemanden streng tadeln (Langenscheidts Großwörterbuch);*
jemandem eine Zigarre verpassen gespr; *jemanden heftig tadeln (Langenscheidts Großwörterbuch).*
jemandem auf die Finger klopfen: *jemanden zurechtweisen /tadeln /warnen (Redensarten-index.de);*
jemandem eins aufs Dach geben: *jemanden tadeln /zurechtweisen (Redensarten-index.de);*
ein paar Takte mit jemandem reden: *jemanden zurechtweisen (Redensarten-index.de).*

Un dos motivos de presentar unha mesma descrición de significado podería ser que os autores do dicionario consideren estes frasesmas sinónimos totais ou que no dicionario se recolla soamente o esencial do significado denotativo, de tal xeito que os compoñentes de significado periféricos queden excluídos.

Non obstante, algúns frasesmas do campo semántico TAFEL (CRÍTICA) dispoñen de definicións máis detalladas (por exemplo en Duden 2002):

- jmdm. die Leviten lesen (ugs.): jmdn. wegen eines tadelnswerten Verhaltens zurechtweisen (Duden 2002: 481);*
jmdm. die Ohren lang ziehen (ugs.): (in Bezug auf Kinder) jmdn. tadeln, [scharf] zurechtweisen (Duden 2002: 556).

A primeira definición non é en realidade máis informativa que as amosadas anteriormente, pois a actividade descrita co verbo *zurechtweisen* xa dá por suposta unha actitude censurable do obxecto.

- zu|recht|wei|sen* <st. V.; hat>: *jmdm. gegenüber wegen seiner Verhaltensweise sehr deutlich seine Missbilligung ausdrücken, ihn nachdrücklich tadeln (Duden 1997)*

A definición da locución *jmdm. die Ohren lang ziehen* achega información pragmática adicional. Con todo, non se sabe se se debe considerar unha característica distintiva, pois a locución, a diferenza dos seus sinónimos, debería aplicarse unicamente en relación aos nenos.

Ademais, atópanse definicións (por exemplo en *Duden* 2002) que se expresan dunha maneira completamente distinta que a maioría dos frasemas dunha listaxe de sinónimos:

jmdn. ins Gebet nehmen: jmdn. eindringlich ermahnen u. zu einer Änderung seines verkehrten, missbilligten Verhaltens zu bewegen suchen (*Duden* 2002: 259);

jmdm. die/seine Meinung sagen/(salopp:) geigen: jmdm. gegenüber unmissverständlich sein Missfallen, seinen Unmut zum Ausdruck bringen (*Duden* 2002: 510);

jmdm. den Spiegel vorhalten: jmdn. deutlich auf dessen Fehler hinweisen (*Duden* 2002: 715).

A pesar de que as definicións sexan moi exhaustivas e totalmente distintas, faise difícil realizar conclusións destas sobre se esa locución significa algo diferente a, por exemplo, *jmdm. die Leviten lesen* ou se só se refire a unha crítica.

Para os usuarios de dicionarios é unha vantaxe se coincide o significado dos sinónimos e se destacan de xeito claro as posibles diferenzas. Tamén para a lexicografía bilingüe a comparación de sinónimos fraseolóxicos é un paso importante para a selección de equivalencias adecuadas e precisas na lingua de destino. Os resultados de tal comparación poden aplicarse á fraseodidáctica, pois a descodificación do frasema faise difícil con frecuencia na aprendizaxe de linguas estranxeiras, debido a unha falta de precisión en recollidas xa dispoñibles (cf. Ettinger 2004: 315-329, Ettinger 2007: 893-908 e Ettinger 2009: 45-64). Con todo, só é posible unha descrición precisa cando se observan diferenzas reais entre os frasemas de significado próximo. A continuación describíranse detalladamente os resultados da análise de corpus.

A información sintáctica e pragmática, á que se lle presta pouca atención polo xeral en obras lexicográficas, especialmente se os sinónimos fraseolóxicos non son equivalentes neste sentido, proporcionaríalles máis seguridade aos usuarios dos dicionarios nun uso activo das locucións. Por iso na comparación baseada en corpus de locucións de significado próximo téñense en conta estas características.

3. Resultados da comparación baseada en corpus de locucións de significado próximo

Durante o estudo analizáronse coa axuda das entradas do corpus o significado dos frasemas, a integración no contexto, a combinatoria do frasema, as especificacións estilísticas e pragmáticas do seu uso, así como a súa modificabilidade. Identificáronse numerosos casos de modificacións léxicas, é dicir, cambio dos seus constituíntes, como é o caso de *jmdm. an die Gurgel gehen/springen/fahren* e de modificacións léxico-sintácticas e sintácticas. Ás últimas pertencen, entre outras, a transformación en voz pasiva (*Gerhard Schröder wurde in Mannheim in den Senkel gestellt*) e o emprego de formas alternativas da pasiva (*Team des Ex-Coaches bekommt die Leviten gelesen*), topicalización do compoñente substantivo (*Den Kopf wusch Dlouhy der Dritte im*

Bunde), nominalización (*Die Verwechslungsgefahr wurde durch energisches „Auf die Finger Klopfen“ beseitigt*), inserción dunha oración relativa (*Wir haben verdiente Waldhörer ins Gebet genommen, ihre guten Kontakte zu nutzen*) e ampliación a través de adverbios (*Ich gebe einem Spieler schnell mal eines auf den Deckel und bin sparsam mit Lob*) ou atributos adxectivos (*Die Elfjährige hielt dabei den Gästen kritisch den närrischen Spiegel vors Gesicht*).

Mentres que falte información nos dicionarios convencionais sobre as modificacións sintácticas, a información sobre a variación léxica é na maioría das ocasións un compoñente da entrada do dicionario. Non obstante, esta pode relacionarse cos resultados do estudo, xa que as locucións analizadas resultaron ser na maioría dos casos modificables, como por exemplo no *Duden* (2002). No caso dunha locución, comprobouse a variación dos compoñentes substantivos: *jmdm. einen Spiegel vors Gesicht/vor Augen/vor die Nase halten*. O compoñente verbal é variable en dezasete locucións, por exemplo *jmdm. etw. um die Ohren hauen/knallen/werfen*. Varias locucións que amosan unha imaxe común de golpear presentan ao lado da forma canónica que aparece no *Duden* (2002) unha variante co verbo *hauen*: *jmdm. auf die Finger klopfen/ hauen*, *jmdm. eins aufs Dach geben/ hauen*, *jmdm. eins auf den Deckel geben/hauen*. No frasema *mit jmdm. ein paar Takte reden* varían os constituíntes verbais: *jmdm. ein paar Takte sagen/ flüstern/ erzählen*, *mit jmdm. ein paar Takte schwatzen/plaudern/quatschen*, tamén *ein paar Takte filmen/ fotografieren/spielen*, etc. Sería probablemente máis económico non tratar o verbo como parte da locución e describir *ein paar Takte* como unha locución co significado de “un pouco” que se pode relacionar libremente con verbos en infinitivo.

A este respecto, xorde a cuestión de que modificacións de locucións se empregan ocasionalmente e cales habitualmente. O criterio de frecuencia estatístico non é sempre eficaz, pois está comprobado que os frasemas aparecen relativamente en poucas ocasións en textos escritos dos corpóra (Colson 2003; Cowie 2003). Deste xeito, para algúns dos frasemas analizados (*jmdm. eine Zigarre verpassen*, *jmdm. auf die Pfoten klopfen/hauen*, *jmdm. auf den Hut hauen/einen auf den Hut geben*) na versión máis actualizada do DeReKo documéntanse menos de 50 aparicións. Ademais, por exemplo, Dobrovol'skij (2013: 626) considera que a linguaxe dos medios, moi presente nos corpóra de textos dixitais proporcionalmente a outros tipos de texto, se ve mellorada grazas ás modificacións de locucións que son diferentes ás habituais. A oposición “usual vs. ocasional”, relacionada co tipo de variación, non podería ser posible, pois poden xurdir cambios substanciais na estrutura da locución co uso (Dobrovol'skij 2013: 496).

Ademais da oposición “usual vs. ocasional”, Dobrovol'skij (2013: 495ff) diferencia entre modificacións derivadas das regras gramaticais e idiosincráticas. As modificacións idiosincráticas son imprevisibles porque non se pode determinar unha norma léxica ou sintáctica (como por exemplo o intercambio, a modo de xogos de palabras, dos compoñentes substantivos nas locucións *jmdm. den Kopf waschen* en singular pola súa forma plural: *Einen Tag nach dem 0:2 gegen Salzburg hat Präsident Kartnig nämlich seinen Blackies in Messendorf ordentlich die Köpfe gewaschen*). Polo contrario, as modificacións derivadas das regras gramaticais, entre as que se inclúen moitos cambios

sintácticos, como a transformación en voz pasiva ou a nominalización, son en certa medida previsibles. Non obstante, as locucións presentan con frecuencia defectos de transformación, polo que as modificacións derivadas das regras gramaticais non son usuais en cada locución.

O descubrimento de transformacións fixadas co uso e regulares en todas as locucións do campo semántico permitiría establecer normas comúns para todo o grupo e evitar consultar a entrada do dicionario para cada locución. Ademais, as posibles diferenzas na modificabilidade tamén serían lexicograficamente relevantes por ter a peculiaridade de impedir o intercambio pleno de locucións sinónimas. Durante o estudo comprobouse se as locucións de significado próximo permiten as mesmas modificacións léxico-sintácticas e sintácticas. Ilustráranse con exemplos algúns resultados ao longo deste documento.

3.1. A transformación en voz pasiva como modificación sintáctica regularizada

Para a maioría das locucións do campo semántico (29 de 32) atopáronse exemplos de transformación en voz pasiva. Neste caso, permiten habitualmente unha transformación deste tipo os frasemas que presentan unha valencia de acusativo externa (*jmdn. unter Beschuss nehmen, jmdn. aufs Korn nehmen, jmdn. in die Pfanne hauen, jmdn. in der Luft zerreißen, jmdn. ins Gebet nehmen, jmdn. in den Senkel stellen, jmdn. an/ans Portepée fassen/packen, jmdm. etw. (Akk.) um die Ohren hauen*). Neste tipo de transformacións o obxecto de acusativo non incluído na locución convértese en suxeito da oración pasiva.

(1) *Die Regierung wurde dabei von der Fortschrittlichen Bürgerpartei schwer unter Beschuss genommen.* (Vorarlberger Nachrichten, 18.09.1998)

(2) *„Uns wird ständig der Erfolg der Fachhochschulen um die Ohren gehauen“, sagte der Rektor der Uni Wien, Alfred Ebenbauer.* (Salzburger Nachrichten, 01.04.1998)

Os constituíntes trasladáranse da posición de obxecto en activa a suxeito da oración en pasiva no caso de doce locucións cunha valencia de acusativo interna (*jmdm. die Meinung sagen, mit jmdm. ein paar Takte reden, jmdm. die Leviten lesen, jmdm. den Spiegel vorhalten, jmdm. den Spiegel vors Gesicht halten, jmdm. die Flötentöne beibringen, jmdm. den Kopf waschen, jmdm. die Kappe waschen, jmdm./jmdn. Mores lehren, jmdm. die Ohren langziehen, jmdm. den Kopf zurechtsetzen, jmdm. den Marsch blasen*).

(3) *Etwas abseits werden dem Zugkommandanten die Leviten gelesen.* (Kleine Zeitung, 09.02.1997)

(4) *Die Leistung meines Teams war katastrophal. Einigen Spielern muss mal so richtig der Kopf gewaschen werden.* (Berliner Morgenpost, 20.10.1999)

En canto ás locucións nas que os pronomes indefinidos *einen, eine* ou *eins* estean no obxecto acusativo (*jmdm. eine/eins/einen vor den Latz knallen, jmdm. eins/eine/einen auf den Deckel geben; jmdm. eins/eine/einen aufs Dach geben; jmdm. eins/eine/einen auf die Nase geben; jmdm. eins über die Rübe geben; jmdm. eins/eine/einen auf den Hut geben*), documéntanse casos particulares do uso da pasiva (5). Non obstante, empréganse

frecuentemente variantes conversivas nas que, en vez de utilizarse a forma pasiva do verbo *geben*, se empregan os verbos *bekommen*, *gehören* e *lassen* (6).

(5) *Zudem wurde den Stadtpolizisten vom Gemeinderat noch einmal eins aufs Dach gegeben, mit der Schaffung der Beschwerdestelle.* (Neue Zürcher Zeitung, 04.10.2002)

(6) *Die Bad Homburger Wettbewerbshüter prüften vorsichtig, baten Wedell um Stellungnahme und bekamen erst einmal eins vor den Latz.* (Computer Zeitung, 23.11.1995)

En Dobrovol'skij (2015) trátanse detidamente dende o punto de vista da gramática construtivista algunhas variantes conversivas: (jmdm.) *eins/eine/einen aufs Dach geben* ↔ *eins/eine/einen aufs Dach bekommen/kriegen* (von jmdm.), (jmdm.) *eins/eine/einen auf den Deckel geben* ↔ *eins/eine/einen auf den Deckel bekommen/kriegen* (von jmdm.), (jmdm.) *eins/eine/einen auf die Nase geben* ↔ *eins/eine/einen auf die Nase bekommen/kriegen* (von jmdm.), (jmdm.) *eins/eine/einen über die Rübe geben* ↔ *eins/eine/einen über die Rübe bekommen/kriegen* (von jmdm.)

No caso das locucións *jmdm. einen auf den Deckel/aufs Dach/auf die Nase/über die Rübe/auf den Hut geben*, están incluso máis estendidas as variantes conversivas que as formas co verbo *geben* e no lugar do verbo *bekommen* aparecen outros sinónimos, como por exemplo *kriegen* ou *erhalten*:

(7) *Der Gemeinderat, weil er, als er den Schutz wegen fortlaufenden Zerfalls wieder aufhob, via Heimatschutz von der Baurekurskommission eins aufs Dach erhielt ...* (Zürcher Tagesanzeiger, 02.10.1996)

(8) *„Wer jetzt mit den alten Spielchen fortfährt, wird eine über die Rübe kriegen“, warnte das Vorstandsmitglied.* (Mannheimer Morgen, 17.11.1995)

As variantes conversivas da pasiva están presentes noutras locucións, por exemplo: *etw. um die Ohren gehauen bekommen/kriegen*, *die Meinung gesagt bekommen/kriegen*, *den Spiegel vorgehalten bekommen/kriegen*, *die Leviten gelesen bekommen/kriegen*. Tamén son posibles as conexións con outros verbos, como *unter Beschuss geraten/stehen/kommen* (9). Probablemente se poida explicar o seu uso polo feito de que nestas ocasións o suxeito temático (a persoa á que se critica) tamén se mantén como suxeito gramatical da oración (10). Nunha transformación en voz pasiva os constituíntes da locución que non sexan realmente o suxeito semántico converteríanse en suxeito gramatical (11).

(9) *Man kann hier nicht in Ruhe arbeiten. Ich bin am 4. Februar gekommen und stehe seit dem 6. Februar unter Beschuss.* (Mannheimer Morgen, 08.11.2004)

(10) *Aber auch Scholl bekommt nach seiner abwertenden Bemerkung über Lothar Matthäus ... gleich den Kopf gewaschen.* (Mannheimer Morgen, 01.06.1999)

(11) *Den Kirchenbesuchern wurde aber nicht nur der Kopf gewaschen, sie hatten auch oft regelrecht Spaß an den Predigten ihres Pfarrers.* (Kleine Zeitung, 29.06.1997)

Ademais, estas frases utilizaranse en oracións nas que o uso da pasiva sexa inadecuado, por exemplo, porque non están determinados o suxeito nin o obxecto da acción.

(12) *Es sei gut, wenn man von jemandem einen Spiegel vorgehalten bekomme, Art und Inhalt der Kritik finde sie gut, meinte Petrovic.* (Salzburger Nachrichten, 30.09.1995)

Por outra parte, dúas locucións que non presentan unha valencia de acusativo nin externa nin interna documéntanse en forma de pasiva impersonal.

(13) *Slowenien wird von den Brüsseler Prüfern besonders kräftig auf die Finger geklopft.* (Die Presse, 11.11.1998)

(14) *„Dem ersten, der auf dem Balkan wieder mit Krieg beginnt, muß kräftig auf die Pfoten gehauen werden“, fügte er hinzu.* (Mannheimer Morgen, 18.12.1995)

Tamén se emprega en pasiva impersonal a locución *jmdm./etw. aufs Dach steigen*, aínda que só en combinacións de palabras libres ou en contextos de xogos de palabras nos que o significado figurativo se actualice. A actualización de xogos de palabras de ambos significados tamén está moi difundida na forma activa.

(15) *Mit dem Besuch der Kuppel des Reichstagsgebäudes konnte sogar dem Bundestag aufs Dach gestiegen werden.* (Rhein-Zeitung, 28.09.2012)

No caso das locucións restantes (*jmdm. eine Zigarre verpassen*, *jmdm. an die Gurgel gehen* e *jmdm. ins Gesicht springen*), non se comprobou en documentos do corpus a posibilidade de uso en pasiva, aínda que unha busca adicional en Internet a través de Google amosa algunhas aparicións da pasiva:

(16) *Dem Andersdenkenden oder Andershandelnden wird an die Gurgel gegangen, so gibt es wie im Film, die Guten und die Boesen.* (<http://www.forum-ddr-grenze.de/t8744f47-Auf-den-Spuren-von-KID-Jens-Karney.html>)

(17) *Möglicherweise haben sich die beiden auch nur krumm gelacht und dem Mitarbeiter wird eine „Zigarre“ verpasst.* (<http://www.dvdboard.de/forum/showthread.php?85103-Wie-bekomme-ich-nen-Job-Die-andere-Seite/page4>)

O uso da pasiva ou de formas similares na locución pode deberse na maioría das ocasións a unha razón sintáctica. Sen dúbida trátase de transformacións regularizadas. Debido a que existen varias formas paralelas para expresar un significado pasivo e nas locucións analizadas son usuais en distinta medida, sería desexable fixar nas entradas do dicionario a información correspondente a cada locución concreta do campo semántico.

3.2. A conjugación de formas persoais: preferencias semánticas

Outra transformación regularizada que sería posible dende un punto de vista sintáctico en todas as locucións analizadas é a conjugación das diferentes formas persoais do verbo. As entradas do corpus demostran que non se pode realizar en todas as formas

persoais e que se poden integrar no contexto de xeitos diferentes. Isto afecta, en primeiro lugar, ás formas da primeira persoa singular e plural. Segundo o uso da primeira persoa, as locucións poden clasificarse en varios grupos.

O primeiro grupo está formado por locucións nas que as formas verbais da primeira persoa se empregan sobre todo no pasado (en menor medida no presente) para asignar unha acción realizada. Este uso é o habitual das locucións *jmdn. aufs Korn nehmen*, *jmdm. die Meinung sagen*, *jmdn. ins Gebet nehmen*, *jmdn. in den Senkel stellen*, *jmdm. den Spiegel vorhalten*.

(18) *Ich habe ihm so deutlich die Meinung gesagt, wie es ihm gehört hat.* (St. Galler Tagblatt, 28.05.2009)

(19) *Ich habe die Mannschaft deshalb im Training ins Gebet genommen.* (Mannheimer Morgen, 28.03.2013)

(20) *Und die Leute, die ich aufs Korn nehme, sind Personen von öffentlichem Interesse, Wirtschafts- und Politleute.* (Zürcher Tagesanzeiger, 20.04.1996)

No segundo grupo inclúense locucións nas que as formas verbais da primeira persoa se utilizan con máis frecuencia no futuro simple ou no conxuntivo ou se combinan cun verbo modal. As formas de pasado son tamén posibles pero están moito menos estendidas. Estas locucións sinalan aqueles actos ilocucionarios como desexos, promesas ou ameazas. A este grupo pertencen *jmdm. die Leviten lesen*, *jmdm. auf die Finger klopfen*, *jmdm. den Kopf waschen*, *jmdm. den Kopf zurechtrücken*.

(21) *Ich werde deswegen wohl einigen Spielern den Kopf waschen müssen.* (Rhein-Zeitung, 24.09.2001)

(22) *Hier doch nicht, da läuft es ja wie geschmiert. Aber es gibt schon Firmen, deren Chefs ich gerne einmal auf die Finger klopfen würde.* (Mannheimer Morgen, 15.05.2006)

(23) *„Wir müssen denen in Berlin auf die Finger klopfen und versuchen, in den Gremien mehr Einfluss zu gewinnen“, war der einhellige Tenor. Kübler meinte dazu, dass es richtig sei, für seine Interessen politisch einzutreten.* (Mannheimer Morgen, 15.05.2006)

O polo oposto a estes dous grupos fórmano as locucións *jmdn. in die Pfanne hauen* e *jmdm. an die Gurgel gehen*. Na primeira persoa empréganse principalmente en negativo:

(24) *Meine Freunde haue ich ja auch nicht in die Pfanne.* (Zürcher Tagesanzeiger, 01.10.1997)

(25) *Bartsch, der dem Reformflügel der Partei zugerechnet wird, hatte sich in der Zeitung „Die Welt“ offen für eine Doppelspitze mit Wagenknecht gezeigt. „Wir sind beide stellvertretende Fraktionsvorsitzende und gehen uns nicht an die Gurgel.“* (Nordkurier, 21.05.2012)

Pódense expoñer varias xustificacións deste uso. En primeiro lugar, explicárase a través da estrutura da locución, xa que ambas as locucións se basean na imaxe dunha acción que conduce á destrución ou ben á morte do obxecto e, polo tanto, non é recomendable. Con todo, non se atoparon preferencias de uso nestas outras locucións do campo semántico, cuxo compoñente figurativo reflicte unha situación que pode ser mortal *jmdn. in der Luft zerreißen* e *jmdn. unter Beschuss nehmen*. Na locución *jmdn. in der Luft zerreißen* as formas da primeira persoa, sexan negativas ou non, están presentes na mesma medida. *Jmdn. unter Beschuss nehmen* emprégase na primeira persoa tanto con negación coma sen ela (en máis de 2.000 entradas atopáronse só dúas aparicións), aínda que é máis común a forma na primeira persoa de singular (*ich*) ou de plural (*wir*) nas variantes conversivas (*unter Beschuss kommen/stehe/geraten*) sen negación:

(26) *Wir kommen als Industrie immer wieder unter Beschuss, weil die Transparenz nicht hoch genug sei. Dabei gibt es aber auch falsche Vorstellungen, etwa, dass strukturierte Produkte teurer sein sollen als Fonds.* (NZZ am Sonntag, 17.10.2010)

No caso de *jmdn in die Pfanne hauen* pode xurdir outra explicación de acordo coa teoría de Hümmer (2007: 295). Esta sinala que a cada elemento dun grupo de sinónimos lle corresponde un único lugar. Dos rexistros no corpus dedúcese que a locución, doutro modo que no caso de moitas locucións do mesmo campo semántico, sinala unha crítica non xustificada, polo que se usa en contextos nos que non se caracteriza como recomendable.

(27) *Er arbeite an seinen Lebenserinnerungen, die im Herbst erscheinen sollen. Seine Memoiren würden keine Abrechnung, erläuterte Bohlen. „Ich werde in meinem Buch niemanden in die Pfanne hauen. Ich schreibe nur die Wahrheit - nichts als die Wahrheit.“* (Nürnberger Nachrichten, 25.03.2002)

A tendencia de empregar a locución *jmdm. an die Gurgel gehen* na primeira persoa en contextos con negación probablemente teña relación con que a locución sexa ambigua e que poida levar á descrición dunha agresión. Tamén é posible a actualización simultánea de ambos os significados (neste caso o exemplo é da terceira persoa):

(28) *In den 90 Minuten zuvor sind sich die zerstrittenen Familienmitglieder verbal und handgreiflich an die Gurgel gegangen.* (Frankfurter Rundschau, 03.03.1998)

En canto a outras locucións que poidan designar, ademais da crítica verbal, unha agresión, apréciase a tendencia de uso maioritario na primeira persoa para referirse a unha ameaza. Os compoñentes figurativos poden actualizarse mediante un xogo de palabras (28):

(29) *Ich bin ein alter Sozi, ein alter 68er, und ich springe jedem ins Gesicht, der gegen den Torberg was sagt.* (Die Presse, 24.09.1998)

(30) *„Wenn ich mal einen erwisch‘, der auf Katzen schießt, dann zieh ich ihm die Ohren lang, dass er im kommenden Jahr als Osterhase gehen kann!“* (Burgeländische Volkszeitung, 12.04.2012)

O campo semántico TADEL (CRÍTICA) presenta locucións que son neutrais na conxugación de formas persoais. As locucións *jmdm. den Marsch blasen*, *jmdm. einen auf den Deckel geben* e a xa mencionada *jmdn. in der Luft zerreißen* pódense empregar en primeira persoa con ou sen negación e tamén en pasiva ou formas alternativas.

Ademais, nas locucións de significado próximo é posible realizar as mesmas transformacións de distintas maneiras. Poden explicarse os motivos destas preferencias de uso, mais apenas son predicibles. É controverso se a información correspondente na entrada do dicionario e en que medida se pode incluír. Dende o meu punto de vista, sería axeitado incluír a información correspondente nun dicionario activo, é dicir, un dicionario co obxectivo de ofrecer información ao usuario sobre o uso dos frasemas e incidir nas súas características semánticas, sintácticas e pragmáticas máis importantes. Debido á posibilidade de publicar obras lexicográficas electronicamente, a extensión da entradas do dicionario xa non está limitada. Os datos relevantes poden integrarse na entrada en forma de comentarios (con documentos reais). Terían importancia sobre todo as características que diferencian cada locución de expresións sinónimas.

Tamén se poden sinalar diferenzas entre as locucións naquelas modificacións léxico-sintácticas como a inserción de adxectivos ou a ampliación a través dun adverbio.

3.3. A ampliación a través de adverbios ou atributos adxectivos

A ampliación a través dun complemento adverbial amósase dende un punto de vista sintáctico como unha modificación estándar e ten lugar en todas as locucións analizadas. Na maioría das ocasións as locucións combínanse con adverbios de gradación e aqueles que poñen de manifesto a intensidade da acción: *kräftig*, *gehörig*, *massiv*, *ordentlich*, *prompt*, *regelrecht*, etc.:

(31) *Gleich nach ihrer Ankunft nahmen sie den Beamtenstand gehörig aufs Korn.* (St. Galler Tagblatt, 03.05.1999)

(32) *Unser Trainer hat uns in der Pause ordentlich die Leviten gelesen. Dann haben wir wesentlich konzentrierter gespielt.* (Kleine Zeitung, 16.01.2000)

Tamén son comúns os adverbios que sinalan a repetición da acción: *regelmäßig*, *immer wieder*, *selten*, *oft*, *permanent*, etc.

(33) *Obgleich ranghoher Vertreter der CDU, haut er deren Repräsentanten regelmäßig in die Pfanne.* (Mannheimer Morgen, 19.01.2002)

(34) *Sowohl Julia als auch ihre Helfer stammen aus der Bewegung „Earth First“, die Umweltsündern permanent auf die Finger klopft.* (Neue Kronen-Zeitung, 19.04.1999)

Non obstante, é posible en locucións concretas do campo semántico realizar combinacións con adverbios ou combinacións de palabras coa función dun complemento circunstancial que destacan un aspecto específico da acción expresado pola locución.

Deste xeito, os frasemas *jmdn. in den Senkel stellen, jmdm. die Meinung sagen* teñen relación con complementos circunstanciais que indican o número de persoas que participan na situación, é dicir, se a crítica se realiza publicamente ou en privado: *unter vier Augen, persönlich, in internen Kreis, im kleineren Kreis; offen, öffentlich*.

(35) *Offene Kontroverse. José Manuel Barroso und Angela Merkel sagen sich nicht nur unter vier Augen die Meinung. Auch öffentlich setzt es verbale Watschen.* (Focus, 28.11.2011)

(36) *Als junges Ratsmitglied, auch das Erinnerungen, die mit einem Lächeln erzählt werden, hatte Dieter Clasen vehement eine Bücherei für die gesamte Verbandsgemeinde gefordert – und wurde vom SPD-Chef Gerd Winschermann vor versammelter Mannschaft in den Senkel gestellt.* (Rhein-Zeitung, 03.07.2012)

Os complementos circunstanciais tamén serven para enfatizar o medio polo que se realiza a crítica.

(37) *Peter Michael Lings, Journalist und langjähriger Herausgeber von „profil“ und „Wirtschaftswoche“, will nicht mehr publizistisch Mores lehren, sondern Studenten beibringen, wie man schreibt* (Die Presse, 03.10.1996)

Adverbios como *verbal* ou *rhetorisch* non se usan para nomear o medio (en todo caso dedúcese polo contexto se se trata dunha crítica verbal), senón máis ben para facer ambigua a frase. Ao excluír en certo sentido a posibilidade de entender a frase “doutro xeito”, a segunda interpretación do significado actualízase, é dicir, a estrutura da locución. Deste modo, acádase o efecto dun xogo de palabras.

(38) *Wer allerdings versucht, an der Selbstscanner-Kassen dadurch zu sparen, dass er den oder anderen Artikel ungescannt in die Einkaufsstüte legt, dem klopft man zumindest verbal auf die Finger.* (Mannheimer Morgen, 29.04.2003)

(39) *Endlich wieder ein Fraktionschef, der seinem CDU-Widerpart Christian Wulff rhetorisch die Ohren lang zog, auch wenn Gabriel manchmal in der Wortwahl schwer danebenlag und sich dafür später entschuldigen musste.* (Frankfurter Rundschau, 29.11.1999)

Nos casos de ambigüidade de dobre sentido por xogos de palabras rebátese a consideración de que o significado da expresión idiomática xa non está relacionado co significado dos seus compoñentes, formulada por exemplo por Schemann (2009: 111), e confírmase a tese de que as locucións motivadas metaforicamente presentan unha estrutura interna viva que pode centrarse en contextos concretos (Dobrovol'skij 2013: 487). Neste estudo atopáronse aparicións de xogos de palabras para todas as locucións analizadas, o que se debería a que na gran variedade de linguaxe periodística do corpus son comúns xogos lingüísticos de distinto tipo.

O feito de que a locución non represente un conxunto transformado semanticamente confirma a súa combinabilidade con atributos adxectivos. Ao contrario do que acontece coas frases adverbais, a ampliación a través de atributos adxectivos é unha modificación

ocasional, aínda que non idiosincrática. Chama a atención que apareza naquelas locucións analizadas cuxo compoñente substantivo en sentido figurado represente a crítica: *jmdn. unter Beschuss nehmen, jmdm. die Meinung sagen, jmdm. die Leviten lesen, jmdn. ins Gebet nehmen, jmdn. den Marsch blasen, jmdm. die Flötentöne beibringen*, etc.

(40) *In der Tat hat genau dieser Umstand Pauli zu einer Unabhängigkeit verholffen, mit der sie jetzt ohne Angst... Stoiber unter politischen Beschuss nehmen kann.* (Mannheimer Morgen, 27.12.2006)

(41) *Jede Party wird zum Runden Tisch und muss ich mir als Repräsentant eines unverbesserlichen Bergvolkes regelmäßig antifaschistische Leviten lesen lassen.* (Kleine Zeitung, 12.03.2000)

(42) *Nicht einmal aus der Causa Sparpaket hat sie gelernt, daß man für die ungeschickte Vorbereitung eines Vorhabens prompt seine politische Zigarre verpasst bekommt.* (Salzburger Nachrichten, 27.02.1995)

A transformación dáse en contadas ocasións naquelas locucións cun compoñente substantivo relacionado co obxecto da crítica (*jmdm. an die Gurgel gehen, jmdm. auf die Finger klopfen; jmdm. auf die Pfoten hauen; jmdm. die Ohren lang ziehen*, etc.). Ao longo do estudo só se atoparon dous contextos nos que a imaxe na que se basea a locución se converte nun xogo de palabras:

(43) *Das Shampoo, das Haider Sonntag in Graz so reichlich fließen ließ, als er seinen Funktionären die eingezogenen Köpfe wusch, hat er Tropfen für Tropfen spätestens seit dem total verpatzten Euro-Volksbegehren zusammengespart.* (Salzburger Nachrichten, 13.01.1998)

(44) *Der braune Mob bekam von den Gegendemonstranten gewaltig eins auf den rasierten Deckel.* (Hamburger Morgenpost, 04.07.2005)

A introdución dun adxectivo tamén é unha transformación que conduce á actualización da locución, polo que é un xogo de palabras. Un argumento a favor de describir a estrutura da locución no dicionario (polo menos nun dicionario electrónico para falantes estranxeiros) é o feito de que, co seu uso, esta poida gañar importancia/pasar a un primeiro plano.

3.4. A estrutura da locución

A estrutura da locución non se pode identificar directamente, a diferenza das transformacións léxico-semánticas. Non obstante, coa axuda dos resultados do corpus pódense identificar os coñecementos relacionados cos compoñentes léxicos da locución que interveñen no contexto. Destacan especialmente os xogos de palabras, aínda que tamén poden proporcionar información sobre a estrutura as características da introdución da locución nun contexto “normal”.

Frecuentemente, mais non sempre, coincide a estrutura co significado directo da frase (45) ou cos compoñentes figurativos. Nun segundo caso, o significado dun compoñente

actualízase, como acontece coa locución *jmdm. eine aufs Dach geben*, que se apoia na imaxe dun golpe na cabeza (46).

(45) *Das Vorurteil, daß bei den Friseuren alles locker und leicht läuft und die Obermeister den Lehrlingen auch bei der Gesellenprüfung nicht den Kopf waschen, diesen alten Zopf wollen die Friseure jetzt radikal kürzen.* (Frankfurter Rundschau, 16.07.1997)

(46) *Es passiert ihm immer öfter. Franz Vranitzky spürt einen inneren Drang, krempelt die Nadelstreif-Ärmel hoch, legt das Florett beiseite, nimmt den verbalen Vorschlaghammer und gibt Jörg Haider eine aufs Dach.* (Salzburger Nachrichten, 02.05.1995)

Con todo, nalgúns casos os coñecementos teñen máis complexidade que o que se pode extraer do significado directo dos compoñentes ou da imaxe. Un exemplo son algunhas locucións do campo semántico TADEL (CRÍTICA) que teñen como base a imaxe dun ataque violento: *jmdm. eine vor den Latz knallen*, *jmdm. eins auf die Nase geben*, *jmdm. eins über die Rübe geben*, *jmdm. auf die Pfoten hauen*, etc. Poderíase supoñer que a estrutura da locución *jmdm. auf die Finger klopfen* tamén está relacionada coa imaxe dunha pelexa. Non obstante, isto non explicaría a razón pola que algúns resultados con esta locución (doutro xeito que nas indicadas anteriormente) conteñen a idea de que a través da acción que designa a locución se contribúe ao establecemento da orde:

(47) *„Es ist jetzt sehr wichtig, dass wir positive und negative Rückmeldungen bekommen, damit wir zum Beispiel einem Arzt, der die Karte einfach ignoriert, auf die Finger klopfen können“, sagte Angelika Eger.* (Frankfurter Rundschau, 06.02.1997)

(48) *„Den Designern werden wir auf die Finger klopfen“, meint die junge Frau und verweist auf einen Wecker, der Ton in Ton durchgestylt ist: Schwarz ist die Uhr; schwarz der Zeiger; schwarz das Ziffernblatt.* (Frankfurter Rundschau, 16.01.1999)

A explicación podería situarse na etimoloxía da locución, pois orixinariamente *auf die Finger klopfen* (“golpear os dedos”) era un tipo de castigo para os alumnos.

(49) *Eine 1924 eingeschulte Frau erinnert sich in der zum 100. Jubiläum herausgegebenen Chronik an die Armenspeisungen, an die Schürze, die man auch im Unterricht trug und an das Stöckchen, mit dem Lehrer unartige Kinder auf die Finger schlugen.* (Mannheimer Morgen, 13.06.2002)

(50) *Was wir Lehrerinnen und Lehrer an Erziehungsmitteln brauchen, ist nicht das Recht, Schüler mit dem Rohrstab auf die Finger klopfen zu dürfen...* (Salzburger Nachrichten, 29.06.1999)

Na estrutura desta locución tamén están implícitas complexas estruturas de coñecementos como a imaxe/metáfora relacionada cos compoñentes directos do significado. Estas

deberían mencionarse nos dicionarios, pois esta información en realidade non é evidente para os usuarios (sobre todo para os non nativos).

A estrutura (viva) é, ademais, un parámetro ao carón das características do comportamento sintáctico e dedutivo, segundo o que se diferencian as locucións do campo semántico TADEL (CRÍTICA). Por último, cómpre mencionar o significado actual destas locucións.

3.5. A estrutura semántica das locucións

A análise das aparicións no corpus de 32 locucións do campo semántico TADEL (CRÍTICA) amosa que se diferencian unhas de outras pola súa estrutura semántica, entre outros aspectos.

En primeiro lugar, os seus significados pódense situar en diferentes niveis de concreción. Deste xeito, as locucións *jmdm. die Meinung sagen* e *jmdm. eine Zigarre verpassen* soamente se refiren á crítica verbal.

(51) *Ich habe Starek angerufen und ihm gehörig meine Meinung gesagt“, erinnert sich Birgit Ramusch. (Kleine Zeitung, 15.08.1998)*

(52) *Im neuen Dreieich-Info des SPD Ortsvereins, das am Saaleingang ausliegt, hat Müller bereits der Parteispitze schon eine Zigarre verpasst: „Wenn der Bundeskanzler im Kaschmir-Mantel in einer Modezeichnung posiert, ist das vielleicht eine Geschmacklosigkeit, aber kein wirkliches Problem - eine Mitgliedschaft, die die Politik der SPD nur noch aus den Medien zur Kenntnis nimmt, schon eher.“ (Frankfurter Rundschau, 27.10.1999)*

O significado da locución *jmdn. ins Gebet nehmen* é aínda máis específico. Non designa simplemente crítica, senón o intento de convencer a alguén para que realice unha acción determinada: fariase unha crítica incluíndo como evitar ese comportamento e como mellorar. A locución pode comezar unha frase de relativo que designe a acción para a que se mobiliza o obxecto.

(53) *Die USA hatten Kroatien-Präsident bei dessen USA-Besuch schwer ins Gebet genommen, die Mostar-Kroatien zum Einlenken zu bewegen. (Oberösterreichische Nachrichten, 05.08.1996)*

(54) *Wir haben verdiente Waldhöfer ins Gebet genommen, ihre guten Kontakte zu nutzen. (Mannheimer Morgen, 21.05.2003)*

Polo contrario, algunhas locucións deste campo semántico teñen un significado máis amplo que primeiro se concreta no contexto. Desta maneira, pódese definir *jmdm. den Marsch blasen* como *seine Unzufriedenheit mit jmdm. zum Ausdruck bringen* (“expresar o seu descontento con alguén”). En contextos nos que aparece a locución, o discurso pode referirse tanto a crítica verbal como, por exemplo, á participación nunha manifestación.

(55) *Hat Joschka Fischer Condoleezza Rice nun einmal kräftig den Marsch geblasen? Hat er mal klipp und klar gesagt, was die Deutschen von der Aussicht auf einen neuen Krieg halten? (Mannheimer Morgen, 27.01.2005)*

(56) *Verärgerte Bauarbeiter blasen den Unternehmern den Marsch. In Wien protestierten am Mittwoch mehr als tausend Bauarbeiter gegen die Pläne der Arbeitgeber für einen neuen Kollektivvertrag.* (Salzburger Nachrichten, 09.04.1998)

Jmdm. den Spiegel vors Gesicht halten pode definirse como *jmdm. wahrheitsgetreu die Nachteile und Schwächen zeigen* (“amosarlle a alguén veridicamente os prexuízos e debilidades”). O suceso da acción é habitualmente un neno, un artista ou unha obra de arte.

(57) *Bei aller Unterhaltung aber steckte doch eine gehörige Portion Menschenkenntnis in dem Stück, das auch den Zuhörern den Spiegel vors Gesicht hielt. Dankbarer Applaus machte das deutlich.* (Braunschweiger Zeitung, 31.03.2008)

(58) *Auf dem Kinofest Lünen 1997 als bester deutscher Film ausgezeichnet, halten die Macher Thomas Fricke und Matthias Beltz darin dem deutschen Volke in Form einer Kamera gnadenlos den Spiegel vors Gesicht.* (Frankfurter Rundschau, 20.03.1999)

As locucións *jmdn. aufs Korn nehmen*, *jmdn. in der Luft zerreißen* e *jmdn. in die Pfanne hauen* presentan a crítica como burla sarcástica ou crítica mordaz:

(59) *Provinzielle Selbstgerechtigkeit, Sportfanatismus... und die Unterhaltungsindustrie werden ebenfalls mit Satire und Zynismus aufs Korn genommen.* (Vorarlberger Nachrichten, 10.02.1997)

(60) *Der Fairness halber sei eingeräumt, dass man natürlich jeden Vortrag durch Herausgreifen einzelner Zitate in der Luft zerreißen könnte.* (Mannheimer Morgen, 06.11.2004)

Outras locucións (*jmdm. eins aufs Dach geben*, *jmdm. eins auf den Deckel geben*, *jmdm. eins auf den Hut geben*, *jmdm. eine vor den Latz knallen*) reúnen no seu significado as ideas de crítica e de castigo:

(61) *So lächerlich Bush oder Gore in den nächsten Monaten medial vermittelt werden, ab Jänner wird es beim Erscheinen des Siegers heißen „The president of the United States“. Und wer das falsch einschätzt, bekommt eine aufs Dach.* (Kleine Zeitung, 29.07.2000)

(62) *Aber ein Schiedsrichter mit der Reputation und dem Leistungsausweis wie ich ihn habe, dürfe sich so etwas nicht leisten. Es ist doch klar, die Uefa wollte mir, nach alldem, was da vorgefallen war, eins auf den Deckel geben.* (Züricher Tagesanzeiger, 11.04.1997)

Resulta difícil determinar as acepcións da crítica e do ataque físico nalgúñas locucións (por exemplo *jmdm. an die Gurgel gehen* e *jmdm. ins Gesicht springen*):

(63) *Im Sommer, 93 habe er... alle wesentlichen Reformaufgaben benannt. Nicht immer zur Freude von Kabinettskollegen. „An die Gurgel sind sie mir gegangen“, weil er damals auf Finanzprobleme der Rentenkassen hingewiesen habe, erinnert sich Rexrodt* (Frankfurter Rundschau, 05.09.1998)

(64) *Der Bischof von St. Pölten springt mir immer ins Gesicht, wenn ich vom Suchen spreche, da gibt es kein Suchen, da ist die Wahrheit im Schubladl“, attackiert er den nicht anwesenden Bischof Kurt Krenn.* (Die Presse, 11.10.1995)

O significado de agresión violenta é característico de varias locucións. Este pode estar illado da acepción de crítica en determinados contextos. As locucións polisémicas son *jmdn. unter Beschuss nehmen, jmdm. etw. um die Ohren hauen, jmdm. eine vor den Latz knallen, jmdm. auf die Pfoten hauen, jmdm. eins auf die Nase geben, jmdm. eins über die Rübe geben*.

(65) *Die Mitglieder des Repräsentantenhauses veranstalten dennoch nicht nur verbale Saalschlachten. „Congressmen“ haben sich bei Debatten schon die Zähne ausgeschlagen, Kontrahenten mit dem Gehstock eins über die Rübe gegeben und mit Pistolen rumgefuchelt.* (Kleine Zeitung, 09.01.1999)

As locucións *jmdm. einen aufs Dach geben* e *jmdm. eine auf den Deckel geben* presentan unha acepción adicional que leva a un primeiro plano a idea de dano causado polo obxecto (este significado localízase con máis frecuencia en formas alternativas da pasiva):

(66) *Schwere Unwetter wüten weiter zwischen dem äußersten Osten und Westen der USA. Eine Besserung ist nach Angaben von Meteorologen vorerst nicht in Sicht. „Wir kriegen ziemlich einen aufs Dach“, sagte Dan Keirns vom nationalen Wetterdienst.* (Mannheimer Morgen, 07.02.1998)

En dez locucións do campo semántico TADEL (CRÍTICA) (*jmdn. in die Pfanne hauen, jmdm. eine vor den Latz knallen, jmdm. die Kappe waschen, jmdm. auf die Pfoten hauen, jmdm. die Ohren lang ziehen, jmdm. eins auf den Deckel geben; jmdm. eins aufs Dach geben; jmdm. eins auf die Nase geben; jmdm. eins über die Rübe geben; jmdm. eins auf den Hut geben*) descubriuse outro significado, do que o Duden (2002) non proporciona ningunha información, *jmdm. im Sportspiel besiegen* (“vencer a alguén no xogo deportivo”). Sobre a modificación dos frasemas na linguaxe deportiva, véxase Ettinger (2009: 45-64).

(67) *So ist es möglich, dass ... einem mit 0:22/1:19 die „Kappe gewaschen“ wird.* (St. Galler Tagblatt, 06.04.1998)

(68) *Auswärts hatte man die Iren mit 3:1 in die Pfanne gehaut.* (Die Presse, 02.09.1995)

(69) *Champions League. Real Madrid will dem Titelverteidiger aus Amsterdam den Marsch blasen.* (Die Presse, 22.11.1995)

Neste caso trátase dunha posible polisemia regular, que non ten lugar en todas as locucións deste campo semántico. O significado adicional é característico de locucións cuxos

compoñentes de significado figurativo están relacionados cunha agresión. As excepcións son *jmdm. auf die Finger klopfen*, *jmdm. den Kopf waschen*; *jmdn. in den Senkel stellen*; *jmdm. den Kopf zurechtrücken*, para a que non se documenta este significado. A falta deste significado en *jmdm. auf die Finger klopfen* pode explicarse pola influencia da estrutura, na que, como se describe anteriormente, se destaca o significado do típico castigo na escola (e non do golpe). A causa da locución *jmdm. den Kopf waschen* e *jmdm. den Kopf zurechtrücken* podería ser que o compoñente *Kopf* se asocie en primeiro lugar coa actividade verbal. Non se atopou ningunha posible explicación sobre a locución *jmdn. in den Senkel stellen*. En calquera caso, as explicacións non son dunha natureza prospectiva, senón retrospectiva, é dicir, os significados para cada estrutura deben establecerse separadamente.

4. Conclusión

Ao longo do estudo verificouse que as locucións do campo semántico TADEL (CRÍTICA) de significado próximo que se definen no dicionario na maioría das ocasións cos lexemas *tadeln*, *zurechtweisen* (criticar, reprender) non son sinónimas. Frecuentemente teñen un significado máis amplo e nalgúns casos máis limitado que pon de manifesto un aspecto concreto da crítica. As locucións analizadas non son sinónimos totais e diferéncianse unhas de outras polas súas características semánticas e pragmáticas.

En locucións do mesmo campo semántico, aquelas modificacións derivadas das regras gramaticais como a transformación en voz pasiva, a ampliación a través dun adverbio ou un atributo adxectivo e a conjugación de formas persoais realízanse de maneiras distintas. Nalgúns casos as particularidades no uso poden estar relacionadas coa estrutura sintáctica da locución (aínda que estas observacións non presentan ningún valor predictivo). Noutros casos estas diferenzas tamén teñen unha causa semántica, é dicir, destas pódense realizar conclusións sobre a semántica da locución.

Para garantirlles aos usuarios do dicionario seguridade no uso destas locucións, cumpriría delimitalas claramente por medio de explicacións sobre o significado ou comentarios en caso necesario. No anexo desta achega amósase o que se pode realizarse na praxe. A entrada para un dicionario fraseolóxico bilingüe representada contén, ademais da información relativa ao significado actual, comentarios sobre as características do comportamento sintáctico da locución e aparicións reais do corpus coa tradución na lingua de destino (os comentarios realizáronse orixinariamente na lingua de destino, soamente para este artigo se traduciron ao galego).

Os resultados de estudos baseados en corpus tamén teñen importancia para a fraseodidáctica, pois, segundo Ettinger (2007: 899), a indicación precisa e detallada das condicións de uso é unha parte imprescindible das follas de traballo para descifrar frases auténticas na clase de linguas estranxeiras.

5. Bibliografía

BURGER, Harald (2015): *Phraseologie. Eine Einführung am Beispiel des Deutschen*. 5ª edición editada. Berlin: Erich Schmidt.

- COLSON, Jean-Pierre (2003): “Corpus Linguistics and Phraseological Statistics: a few Hypotheses and Examples” en: *Flut von Texten – Vielfalt der Kulturen. Ascona 2001 zur Methodologie und Kulturspezifik in der Phraseologie*. Baltmannsweiler: Schneider Verlag Hohengehren; 47-59.
- COWIE, Anthony Paul (2003): “Exploring native-speaker knowledge of phraseology: informant testing or corpus research?” en: *Flut von Texten – Vielfalt der Kulturen. Ascona 2001 zur Methodologie und Kulturspezifik in der Phraseologie*. Baltmannsweiler: Schneider Verlag Hohengehren; 73-83.
- DOBOVOL'SKIJ, Dmitrij O. (1996): “Obraznaja sostavl'ajuščaja v semantike idiom [Bildliche Komponente der Idiomsemantik]” en *Voprosy jazykoznanija* 1 (1996); 71-93.
- (2007): “Cognitive approaches to idiom analysis” en BURGER, Harald; DOBOVOL'SKIJ, Dmitrij; KÜHN, Peter e NORRICK, Neal R. (eds.) (2007): *Phraseologie / Phraseology. Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung / An International Handbook of Contemporary Research*. Berlin/New York: Walter de Gruyter; 789-818.
- (2013): *Besedy o nemeckom slove. Studien zur deutschen Lexik*. Moskva: Jazyki slav'anskoj kul'tury.
- DUDEN (1997): *Duden Deutsches Universalwörterbuch A-Z*. 3ª edición completamente editada e ampliada. Mannheim: Bibliographisches Institut & F.A. Brockhaus AG.
- DUDEN (2002): *Redewendungen und sprichwörtliche Redensarten. Wörterbuch der deutschen Idiomatik*. Editado e modificado DROSDOWSKI, Günther e SCHOLZE-STUBENRECHT, Werner. Mannheim et al.: Dudenverlag.
- ETTINGER, Stefan (2004): “„Zeig Pelz die kalte Schulter“: Phraseographie und Sprachwirklichkeit” en *Lexikalische Semantik, Phraseologie und Lexikographie. Abgründe und Brücken. Festgabe für Regina Hessky*. Editado por BRDAR-SZABÓ, Rita e KNIPF-KOMLÓSI, Elisabeth (= Duisburger Arbeiten zur Sprach- und Kulturwissenschaft, 57). Frankfurt am Main: Peter Lang; 315-329.
- (2007): “Phraseme im Fremdsprachenunterricht” en BURGER, Harald; DOBOVOL'SKIJ, Dmitrij; KÜHN, Peter e NORRICK, Neal R. (eds.) (2007): *Phraseologie. Phraseology. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung. An International Handbook of Contemporary Research*, (= Handbücher zur Sprach- und Kommunikationswissenschaft, Band 28.1 und 28.2). Berlin-New York: Walter de Gruyter; 893-908.
- (2009): “Haben die Männer am Grill die Hosen an? Phraseografie und Sprachwirklichkeit” en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Theorie und Praxis der idiomatischen Wörterbücher*, (= Lexicographica, Series Maior, Band 135).Tübingen: Niemeyer; 45-64.
- FLEISCHER, Wolfgang (1982): *Phraseologie der deutschen Gegenwartssprache*. Leipzig: VEB Bibliographisches Institut.
- HÜMMER, Christiane (2007): *Synonymie bei phraseologischen Einheiten – eine korpusbasierte Untersuchung*. Tese. Universität Potsdam.
- LANGENSCHIEDTS GROßWÖRTERBUCH DEUTSCH ALS FREMDSPRACHE (1999). *Das aktuelle Standardwerk mit vielen lernerfreundlichen Extras* [CD-ROM]. Version 2.0 ; con paquete adicional. Berlin et al.: Langenscheidt.

- MITSCHRI, Elena (1998): “Idiommodelle aus psycholinguistischer Sicht als Voraussetzung für das Erschließen des Gemeinsamen und des Besonderen in den einzelnen Sprachen” en EISMANN, Wolfgang (ed.): *EUROPHRAS 95. Europäische Phraseologie im Vergleich: gemeinsames Erbe und kulturelle Vielfalt*. Bochum: Brockmeyer; 523–534.
- PARINA, Irina (2010): *Predstavlenie semantiki frazeologizmov v ideografičeskom slovarě (na materiale nemeckich idiom semantičeskogo polja „rečevaja dejatel'nost'“)* [Darstellung der Semantik von Phraseologismen in einem ideographischen Wörterbuch (am Beispiel deutscher Idiome des semantischen Feldes „Sprechen“)]. Tese. Moskva.
- (2014): “Ein Gentleman vom Scheitel bis zur Sohle: Korpusbasierte Untersuchung und lexikographische Beschreibung der phraseologischen Synonyme” en DALMAS, Martine e PIIRAINEN, Elisabeth (eds.): *Figurative Sprache Figurative Language Langage Figuré. Festgabe für Dmitrij O. Dobrovol'skij*. Tübingen: Stauffenburg Verlag; 161-172.
- PROOST, Kristel (2007): “Paradigmatic relations of phrasemes” en: BURGER, Harald; DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij; KÜHN, Peter e NORRICK, Neal R. (eds.): *Phraseologie / Phraseology. Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung / An International Handbook of Contemporary Research*. Berlin/New York: Walter de Gruyter; 110-118.
- RAJHŠTEIN, Aleksandr D. (1980): *Sopostavitel'nyj analiz nemeckoj i russkoj frazeologii* [Vergleichende Analyse der deutschen und russischen Phraseologie]. Moskva: Vysšaja Škola.
- REDENSARTEN-INDEX.DE: *Online-Wörterbuch für Redensarten, Redewendungen, idiomatische Ausdrücke, feste Wortverbindungen*. [<http://www.redensarten-index.de/suche.php>] [Última visita: 5.10.2015].
- ŠANSKIJ, Nikolaj M. (1985): *Frazeologija sovremennogo russkogo jazyka* [Phraseologie der russischen Gegenwartssprache]. Moskva: Vysšaja Škola.
- SCHEMANN, Hans (2009): “Zur Anlage idiomatischer Wörterbücher – einige Maximen und Reflexionen” en MELLADO BLANCO, Carmen (ed.): *Theorie und Praxis der idiomatischen Wörterbücher*. Tübingen: Niemeyer; 101–118.
- (2012): *Synonymwörterbuch der Deutschen Redensarten*. 2ª ed. ampliada por unha introdución sobre ‘Synonymie und Idiomatik’. Berlin/Boston: Walter de Gruyter.
- STEPANOVA, Marija D. e ČERNÝŠEVA, Irina I. (2003): *Lexikologie der deutschen Gegenwartssprache*. Moskva: Akademija.
- ŠVEDOVA, Natalia Ju. (1981): “Odnomnyj tolkovyj slovar' (specifika žanra i nekotorye perspektivy dal'nejšej raboty) [Einbändiges Bedeutungswörterbuch (Spezifik des Genres und einige Perspektiven der weiteren Arbeit)]” en *Russkij jazyk: Problemy hudožestvennoj reči*. Moskva: Nauka; 166-179.
- TOLEDO, Emilio (1993): *Vergleichende Phraseologie der spanischen und der deutschen Sprache*. Untersuchungen anhand einer Auswahl verbaler Phraseologismen mit der allgemeinen Bedeutung “Angriff auf eine Person”. Hamburg: Verlag Dr. Kovač.

6. Anexo

Exemplo dunha entrada de dicionario

(jmdm., etw.) den [einen] Spiegel vorhalten

нейтр. (достоверно, правдиво) показать недостатки, слабые стороны (кого-л., чего-л.), показать (кого-л., что-л.) во всей красе [*neutral* wahrheitsgetreu die Nachteile und Schwächen (*von jmdm., etw.*) zeigen]

4 Satirische Texte zu machen ist die einfachste Möglichkeit, um Dinge, die einem nicht passen, loszuwerden. Mein Publikum sind aber nicht die klassischen Kabarettbesucher. Ich versuche, mir und meinem Publikum *einen Spiegel vorzuhalten*. (Tiroler Tageszeitung, 29.01.2000)

Сочинение сатирических текстов – это самый простой способ избавиться от вещей, которые тебя не устраивают. Но мою публику нельзя назвать классическими посетителями кабаре. Я стараюсь показать себя и свою публику во всей красе.

4 Sie haben mir *den Spiegel vorgehalten*. Ich war mir das gar nicht so bewusst. (St. Galler Tagblatt, 24.11.1998)

Вы раскрыли мне глаза. Я этого раньше как-то не осознавал.

4 Kulturelle Werke *hielten* uns *einen Spiegel vor*, beurteilten unsere Taten und Untaten. (St. Galler Tagblatt, 17.10.1998)

Культурные творения позволяли нам увидеть себя со стороны, оценивали наши поступки и проступки.

& в структуру идиомы может быть введено определение к именному компоненту [die substantivische Komponente kann mit Attribut verwendet werden]

4 Er hat auf Papier festgehalten, was ihm ins Auge fiel, und er konnte seiner Mitwelt in seinen Zeichnungen *einen* lustigen, aber auch treffenden *Spiegel vorhalten*. (Mannheimer Morgen, 16.06.2000)

Он переносил на бумагу все то, на что падал глаз, и смог в своих рисунках показать окружающему миру его весёлое, но в то же время точное отражение.

& может употребляться в форме *einen/den Spiegel vorgehalten bekommen/kriegen, sich einen Spiegel vorhalten lassen* для обозначения того, что кто-л. подвергся критике [zum Ausdruck der konversen Bedeutung werden folgende Formen verwendet: *einen/den Spiegel vorgehalten bekommen/kriegen, sich einen Spiegel vorhalten lassen*]

4 Es sei gut, wenn man von jemandem *einen Spiegel vorgehalten bekomme*, Art und Inhalt der Kritik finde sie gut, meinte Petrovic in einer ersten Reaktion. (Salzburger Nachrichten, 30.09.1995)

Хорошо, когда кто-то даёт тебе возможность увидеть себя со стороны, по манере и содержанию критика хорошая, - такова была первая реакция Петрович.

& идиома может употребляться в возвратной форме для обозначения действия, направленного на себя: *sich (D) den/einen Spiegel vorhalten* [kann in reflexiver Form verwendet werden: *sich (D) den/einen Spiegel vorhalten*]

4 Es gehört natürlich eine Portion Mut und die Bereitschaft zu Eigenverantwortung dazu, *sich den Spiegel vorzuhalten*. (Nach: Zürcher Tagesanzeiger, 04.10.1999)

Конечно, чтобы взглянуть на себя со стороны, нужно немного мужества и готовности отвечать за свои поступки

Recadávivas Compilations

Locucións, fórmulas e paremias do concello das Pontes de García Rodríguez

Idioms, expressions and proverbs from the municipality of As Pontes de García Rodríguez

Xosé María López Ferro

Museo Etnográfico Monte Caxado. As Pontes de García Rodríguez

Resumo: Compilación de material fraseolóxico e paremiolóxico do concello das Pontes de García Rodríguez realizada entre 2001 e 2015.

Palabras clave: fraseoloxía galega, paremioloxía galega, traballo de campo.

Abstract: Compilation of phraseological and paroemiological material from the municipality of As Pontes de García Rodríguez between 2001 and 2015.

Keywords: Galician phraseology, Galician paroemiology, fieldwork.

Cando lembro a fala dos meus devanceiros (avós maternos e paternos, tías e tíos, avós e veciños maiores) da zona do Paraño e da Forxa (lugares onde naceron meus pais), esa fala que eu escoitei de neno e, cando a comparo coa nosa fala de hoxe, coido que, se eu puidese falar con eles (xa morreron), non me ían entender nin a metade das palabras ou, cando menos, pensarían que eu viña doutra terra veciña onde se falaría algo parecido ó galego deles. E digo isto porque lembro que eles empregaban: *pra, prá, pro, pró*, facían a gheada, etc. Pero, sobre todo, estrañarían a falta de moitas expresións que eles empregaban, principalmente na introdución das frases e nas respostas.

Moitas destas expresións eran parte desa retranca que dicimos que amosa o carácter do galego; mostran o enxeño da contestación, de expresar algo no que o significado non é o literal, senón que vai máis aló.

O galego dialogado de agora está orfo delas e de refráns que noutrora eran un tanto por cento importante na fala diaria. Para escoitalas na actualidade temos que poñernos ó carón de xente de setenta ou oitenta anos; e ónselle máis á xente de aldea cá de vila.

Data de recepción: 16.7.2015. Data de aceptación: 1.12.2015

Esta riqueza da fala estase a perder, como se perde a variedade de vocabulario existente para nomear, por exemplo, as partes do carro que en cada lugar tiñan o seu nome; e, quen di do carro, di doutros apeiros ou trebellos empregados na vida diaria. É unha parte desa cultura inmaterial a que, cada vez que morre un galego entrado en anos, se perde con el para sempre.

Unha expresión das que gardo con agarimo na miña memoria e que xa non se escoita a miúdo era unha que introducía frases: *¡Ai ho!...* E dixeran que a gardo con agarimo porque meu pai, Amador, usábaa para contarme o conto do parvo e do listo (*¡Ai ho! Que dis? Que pille a cancela e que a leve ó lombo?* – dicíalle o parvo ó listo-) e tamén no conto do raposo e do labrego (*¡Ai ho! Fai que me metes –no saco- e non me metes*). Outra que tamén se empregaba moito e no mesmo senso que a anterior é a de *¡Oes!...* Eran formas de iniciar unha intervención na conversa, que dalgún xeito cambiaba o tema ou a perspectiva. Tanto unha coma outra á volta doutra xeración estarán esquecidas por falta de uso, polo menos nesta zona.

Ó longo dos anos fun recollendo expresións que escoitaba na fala da nosa xente (nas rúas, nas feiras, nas aldeas, na casa dos meus pais, na de meus sogros, cando estaba traballando coa xente, etc.). Delas, algunhas esquecéronme por non anotalas no momento. Outras funas apuntando en anacos de papel e logo pasándoas a un caderno xunto con algúns refráns, adiviñas, contos... que tamén escoitaba e que recollín, aínda que en menor cantidade cás expresións. Hoxe sigo aproveitando calquera oportunidade para seguir recompilándoas, aínda que –como dixeran- xa é raro escoitalas. A última oínlle a meu tío nunha conversa que mantiñamos os dous e estabamos a falar dunha terceira persoa e entón díxome: *Ese bótalle pan ó caldo!*, referíndose a que era home con cartos. Desta frase xa se ten dito que leva dentro a memoria colectiva da fame, porque, se poderlle botar pan ó caldo era símbolo de riqueza, a fame das maiorías era moita.

Non deben perderse, nin quedar esquecidas. Un labor importante sería volver ó seu uso na fala, pois manteríanse vivas. Hai unha perda constante do noso patrimonio cultural-etnográfico material e inmaterial e todos debemos de facer algo para evitalo. A escola é un bo lugar para facelo, dándoo a coñecer, explicándoo e facendo que se usen. A lingua sen expresións, sen refráns ou ditos é unha lingua á que lle falta algo importante, pois elas representan a vida da xente que está viva na fala; son as súas experiencias feitas expresións.

Na lembranza de toda esa xente que xa non está presente connosco dun xeito físico, mais si presente na fala, para toda a outra que aínda as segue empregando e, sobre todo, para os que veñen detrás e teñen que aprendelas, para eles vai dedicado este traballo. *O que garda sempre ten* -dicía Amador do Paraño. Gardemos a nosa fala para termos unha identidade propia.

Permítaseme engadir unha nota sobre a orixinalidade deste traballo. A miña preocupación pola fraseoloxía xa ten algúns anos: no ano 2001 publiquei unha recadádica de 138

unidades dentro do programa das *Festas do Carme e da Fraga do 20 ó 25 de xullo de 2001 As Pontes*¹.

Era aquel un folleto de circunstancias, realizado pola Comisión de Festas e, coma moitos outros semellantes, carece de Depósito Legal e de ISBN pois só ten como función publicita-los acontecementos festivos locais dese ano 2001 e de feito a información aparece nas páxinas impares 115-117-119-121-123 e 125, dado que as pares (116-118-120-122 e 124) resérvanse para a publicidade das empresas e comercios que ese ano pagaron a publicación.

Se aquel traballo do 2001 contiña 138 unidades, o que aquí se presenta en 2015 contén 784 e ademais mellora a estrutura, a definición e mailos exemplos de uso. O que aquí se ofrece é, polo tanto, un traballo novo non só pola cantidade de unidades (138 > 784), senón pola disciplina fraseográfica.

Nota sobre a lingua desta recadádiva

Como é natural trato de reproducir sempre a lingua realmente falada nas Pontes polas persoas das que eu recollo ditos e refráns. A maior parte do material cadra plenamente co que hoxe se considera galego estándar, confirmando así que o galego é unha lingua compacta e que a norma (galego normativo) recolle bastante ben o que os falantes realmente dicimos.

Pero, como acontece en tódalas linguas, hai variacións que teñen que ver coa xeografía (*roa, sube, suda, pró, bon, soupo, descubreu, ladrós*), outras coa afectividade (*chiculate* por *chocolate*) e algunhas coas inevitables interferencias da lingua estatal (**xaula, *según, *xusticia*).

Coido que unha recadádiva non é un dicionario normativo senón unha escolma da lingua real dun lugar. O que ten que ser normativo é a definición. Por iso, coma no TILG, recollo variantes dialectais e afectivas e mesmo palabras que o DRAG hoxe considera castelanismos (**según, *precio, *xaula, *xorobado, *disfrutar*) pero que ata a aparición do VOLGA non estaban negativizadas. Non oculto este tipo de palabras pero márcoas cun asterisco, para que o lector as identifique como non normativas no estándar actual. Paréceme marca suficiente e, se cadra, algún día resulta útil facelo así, porque documentará a paulatina penetración dos cambios normativos na sociedade.

¹ *Festas do Carme e da Fraga do 20 ó 25 de xullo de 2001 As Pontes*. Imprime Grafigal SL. As Pontes.

1. Colocacións

1. **andar amouchado** col. Andar coa cabeza baixa, preocupado ou decaído. Véxase a loc. *coma un moucho*.
2. **andar (medio) encabuxado** col. Estar incomodado. a) *Anda encabuxado porque quería ir e non o levaron* b) *Anda medio encabuxado, porque coida que pra el non hai agasallo*.
3. **cantarlle os dentes a [alguén] / tarruscar nos dentes** col. Bater involuntariamente os dentes de alguén por cousa do frío ou do medo. a) *Cántanlle os dentes!* b) *Tarrusca nos dentes!*
4. **darlle unha malleira a [alguén]** col. Zoupar, pegar, tundar. *¡Deulle unha malleira que non sei se non terá que estar deitado unha semana!*
5. **levar unha labazada** col. Ameazar. *¡Cando o pille por banda vai levar unha labazada! Verás como non volta facelo*.
6. **darlle unha tunda a [alguén]** col. Tundar, zoupar, pegar. *Enfadouno e deulle unha tunda*.
7. **darlle unhas fregas a [alguén]** col. Zoupar, ou masaxear, a alguén. *Como tiña dor nas costas deulle unhas fregas*.
8. **levar unha malleira** col. Levar unha tunda. *Viña todo ferido ¡Collérono entre varios e levou unha malleira!*
9. **prende-la luz** col. Activa-lo sistema de iluminación dun lugar. *¡Prende a luz!*
10. **ter doca** col. Preguiza, desgana, cansazo. Sinónimo de *galbana*. *¡Veño da sega e teño unha doca! Se me sento, durmo*.
11. **ter galbana** col. Preguiza, desgana, cansazo. Sinónimo de *doca* *¡Coa*

calor que vai, teño unha galbana! Só quero durmir.

12. **xenio rabudo** col. Ter mal xenio ou carácter. *¡Non o amoles, tenche o / un xenio rabudo! Igual che dá unha mala contestación*.

2. Locucións

2.1. Locucións substantivas

13. **a *xusticia da carballeira** l.subs. Vinganza mediante violencia física. *Precisa que alguén lle aplique a *xusticia da carballeira, pra que cambie e aprenda o respecto*.
14. **anaco de pan** l. subs. Persoa moi boa. *¡Teu amigo é un anaco de pan! Axudoume cando o máis o precisaba*.
15. **arma de dobre fío** l.subs. Cousa (especialmente argumento, medida, asunto) con que hai que ter coidado porque pode beneficiar ou prexudicar. *¡O de axudarlle é unha arma de dobre fío! Logo el nunca fará nada por si*.
16. **as de San Quintín** l.subs. Unha lea grande. *Contou o segredo e armou as de san Quintín, pois houbo ata paus*.
17. **bon merlo** l.subs. Persoa descarada ou con certa maldade. *Ten a cara moi dura. ¡É un bon merlo! ¡Xoán éche bon peixe! Sae con dúas rapazas á vez!*
18. **bon peixe** l.subs. Persoa descarada ou con certa maldade. *¡Xoán éche bon peixe! Sae con dúas rapazas á vez!*
19. **cara de fame** l.subs. 1. Con fame. *¡Vouche face-la cena, tes cara de fame! Seguro que hai horas que non comiches nada*. 2. Delgadeza. *Cóntanselle os ósos todos: mira que cara de fame ten*. Obviamente en negativo esta loc. indica estar ben

- mantido, estar moi gorda [u.p.]. *Ese mozo xa pasa dos cen quilos. Non che ten cara de fame.*
20. **cara de rosa** l.subs. Cara fermosa, agradable. *¡Raquel, a túa veciña, ten cara de rosa! É moi fermosa.*
21. **cu de mal asentó** l.subs. Persoa inqueda. *¡Teu tío é un cu de mal asentó, non ten paraxe, aínda non acabou de xantar e xa quere irse!*
22. **man dereita de [alguén]** l.subs. Persoa de grande axuda e confianza para outra. *Deixa que leve os asuntos da fábrica o seu fillo maior. É a súa man dereita*
23. **mar de fondo** l.subs. Inquietude, malestar, descontento. *¡Tenta coa señora. Haiche moito mar de fondo! Veute bebendo na cantina.*
24. **meníña dos ollos de [alguén]** l.subs. A persoa preferida. *¡A súa filla é a meniña dos seus ollos! Non fala máis ca dela a todas horas.*
25. **o cu do mundo** l.subs. Un lugar moi afastado. *¡A primeira escola tívena no cu do mundo!*
26. **o peor do conto** l.subs. A persoa máis mala dun suceso. *¡Agora vén o peor do conto! Ninguén saíu vivo de alí.*
27. **ovos rustridos** l.subs. Tortilla francesa ou ovos revoltos. – *¿Tes gana? ¿Queres ovos rustridos ou estrelados? – Preguntábame miña avoa cando entraba pola porta.*
28. **raposo vello** l.subs. Persoa con moita experiencia. *¡Teu avó é raposo vello e decatouse axiña do problema!*
29. **unha de moito armar** l. subs. Unha lea grande. *Entrou correndo, bateu na cristalería e armou unha de moito armar.*
30. **unha do revés** l.subs. Labazada co dorso da man. *¡Amolouno, deulle*

unha do revés e tirouno detrás da silveira!

31. **vara alta** l.subs. Poder, mando. *O cura da parroquia ten vara alta en toda ela, e se non fas o que di... ¡atente ás consecuencias!*
32. **xogador da bóla** l.subs. Mal xogador. *¡Xogador da bóla! - díciame meu pai cando facía unha mala xogada no tute.*

2.2. Locucións prepositivas

33. **no canto de** l.prep. No lugar de. *¡No canto de xogar imos falar!*
34. **por mor de** l.prep. Por causa de ... *¡Por mor da néboa non puido saír o avión!*

2.3. Locucións adxectivas

35. **á miñoca** l.adx. Moi pobre, que non ten nin para comer. *¡Como non estudes, o día de mañá vas andar á miñoca!*
36. **amigo de abri-la man** l.adx. Sociable, que dá confianza. *Ó meu pai non lle teñas medo, non dá moitas confianza mentres non te coñece ben. ¡Non é amigo de abri-la man!*
37. **amigo do alleo** l.adx. Ladrón. *¡Aquel home é amigo do alleo! Colleulle a carteira a aquel velliño de alí.*
38. **(tan) bon / malo coma o trigo que non hai que mallar** l.adx. Con maldade. *¡É tan bon coma o trigo que non hai que mallar! Non se fai obra del.*
39. **botado pra diante** l.adx. Afouto, atrevido, valente. *¡O teu amigo é moi botado pra diante! Non ten medo a nada.*
40. **(tal e) como *Dios trouxo a [alguén] ó mundo** l.adx. Espido, sen roupa. a) *O meniño na casa anda como *Dios o trouxo ó mundo.* b) *Coa calor anda*

- tal e como *Dios o trouxo a este mundo.*
41. **cheo coma un bagullo / baragullo** l.adx. Farto ou, tamén, bébedo. *¡Non lle des máis herba ó becerro, está cheo coma un bagullo / baragullo.*
 42. **co cu ó aire** l.adx. En evidencia. [Úsase con verbos como *estar, deixar, quedar...*]. *¡Quedou co cu ó aire cando se descubreu a súa xogada coa súa irmá!*
 43. **co rabo entre as pernas (e as orellas gachas)** l.adx. Maltreito dunha situación, avergoñado ou humillado. [Úsase con verbos como *andar, fuxir, irse, saír, volver* etc]. a) *¡Declarouse á súa veciña e foise co rabo entre as pernas! Díxolle que non quería saber nada del.* b) *Chegou esixindo e marchou co rabo entre as pernas e as orellas gachas. Decatouse que non tiña razón.*
 44. **coma a virxe do puño** l.adx. Moi avarento. *¡Ela é coma a virxe do puño! Non dá unha esmola aínda que a maten.*
 45. **coma un funcho** l.adx. Delgado. *¡Estás coma un funcho, tes que comer moito máis que te vai leva-lo vento!*
 46. **como un moucho** l.adx. Coa cabeza baixa, preocupado, decaído, triste. *Morreulle a muller e agora anda como un moucho.*
 47. **coma unha cuba** l.adx. Bébedo. *¡Non sabe o que di, está coma unha cuba! Non llo teñas en conta.*
 48. **cun vasiño de máis** l.adx. Bébedo. *¡Xosé vai cun vasiño de máis, nótaselle ó andar!*
 49. **da pata chá** l.adx. Sinxelo. *¡Non te preocupes por ela, é da pata chá! Non é unha persoa moi escollida.*
 50. **da unlla longa** l.adx. Amigo do alleo, ladrón. *Ten coidado coa veciña. ¡É da unlla longa! Non déixe-las cousas por aí.*
 51. **de bon dente** l.adx. Pouco esixente coa comida e de bo apetito. *Non teñas coidado, son de bon dente, calquera cousa váleme pra xantar. // ¡Os nenos do colexio teñen bon dente, gústalles todo e nunca din que non á comida!*
 52. **dun tempo** l.adx. Da mesma idade. [Úsase xeralmente co verbo *ser*]. a) *¡Teu pai e mais eu somos dun tempo! Nacemos no mesmo ano.*
 53. **entrado / andando en anos** l.adx. De idade avanzada. a) *¡O marido vai entrado en anos e xa empeza a ter achaques!* b) *Vai andando en anos, mais consérvase moi ben e aínda traballa na horta.*
 54. **falso coma unha mula / as mulas** l.adx. Pouco de fiar, moi falso. *¡O empregado do establecemento é falso coma as mulas! Tenta con el.*
 55. **feito un can** l.adx. Alterado, enfadado. *¡Púxose feito un can comigo cando lle falei de parti-las terras!*
 56. **forte / rexio coma un carballo** l.adx. Moi forte, moi san. a) *¡O avó é forte coma un carballo! Noventa anos e aínda vai a pé á vila.* b) *Estivo na guerra, logo na emigración, e aí o tes... ¡rexio coma un carballo!*
 57. **levado do demo / que o levan os demos** l.adx. Enfadado, furioso incomodado. Emprégase con verbos como *estar* ou *ir*. a) *¡Está levado do demo! Calquera lle di nada agora, volverei pola noite.* b) *Despois de estaren dúas horas na cola non os atenderon. ¡Van levados do demo!* c) *¡Van que os levan os demos, porque*

- non lles pagan o que pedían polas terras!*
58. **listo coma un allo** l.adx. Moi intelixente. *¡A nena é lista coma un allo! Quixeron rirse dela e deixounos en ridículo.*
59. **máis bon có pan** l.adx. Moi bo. *¡O mestre é máis bon có pan! Perdonóuno-lo castigo.*
60. **máis burro ca feito de encargo** l.adx. Pouco espelido. *¡É máis burro ca feito de encargo! Mandeino buscar leite e trouxome viño.*
61. **máis delgado ca un bacallau polo rabo** l.adx. Excesivamente delgado. *¡Non comes nada! ¡Estás máis delgado ca un bacallau polo rabo! Así vanche ca-los calzós.*
62. **máis lavado cás pedras do río** l.adx. Ir moi limpo e aseado. *¡María parece unha virxe, vai máis lavada cás pedras do río! // Os domingos cando vas á misa vas máis lavada cás pedras do río. ¡Pareces outra!*
63. **máis ledó ca un cuco** l.adx. Moi contento. *Dende que recibíche-la nova estás máis ledó ca un cuco. Non sei eu se non sería da moza do outro día.*
64. **máis longo ca un día sen pan** l.adx.
1. Co vbo. *facerse*: Tardar en pasa-lo tempo. *¡A viaxe sen a túa compañía fíxose máis longa ca un día sen pan!*
2. Co vbo. *ser*: Ter moita altura. *¡O teu amigo é máis longo ca un día sen pan! Chégalle as bombillas do teito coa man.*
65. **máis probe cás galiñas** l.adx. Sen propiedades, pobre. *Non lle pidas que cho pague, anótalo na miña conta. ¡El é máis probe cás galiñas. Non ten onde caerse morto!*
66. **máis zamurdo cós zamurdos** l.adx. Pouco de fiar. *¡É máis zamurdo cós zamurdos! Non se lle pode crer nada.*
67. **nas verzas** l.adx. Distraído, despistado, sen se decatar do que ocorre. [Úsase con verbos como andar ou estar]. a) *Telo diante e non o ves. ¡Andas nas verzas!* b) *Pregúntasme onde está o reloxo e telo posto ¡Estás nas verzas!*
68. **nos ósos** l.adx. Moi delgado. *¡Estás nos ósos! Vas enfermar, é preciso que comas máis e engordes.*
69. **novo de pano vello** l.adx. Persoa vella pero ben composta e con aspecto de saúde. *Díme que estou moi ben porque vou ben vestido, o que estou é novo de pano vello. Os anos están aí.*
70. **ruín coma a fame** l.adx. Moi ruín, moi malo. *¡A vella da casa é ruín coma a fame! Non deixa coller unha mazá da maceira.*
71. **sen branca** l.adx. Sen cartos. *¡Estou sen branca! Teño que pilla-lo autobús pra ir ve-la moza!*
72. **sen tentos** l.adx. Morto de frío; cos dedos das mans entumecidos polo exceso de frío. *Traio as mans coma o xeo, veño sen tentos. Esquecín as luvas.*
73. **tal e como veu ó mundo** l.adx. Nu, en coiro. Aplicase tamén a unha situación que resulta moi clara. *Atopeina na miña porta tal e como veu ó mundo!: espida e famenta.*
74. **tan gordo coma o can polo rabo** l.adx. Moi delgado. *¡Case que non te vexo, pois estás tan gordo coma o can polo rabo! Dá igual mirarte de fronte que de lado.*
75. **vivo de xenio** l.adx. Con mal carácter. *¡O teu veciño é vivo de xenio!*

Díxenlle se me vendía o tractor e mandoume a paseo.

2.4. Locucións verbais

76. **acabar(lle) coa paciencia a un santo** l.v. Amolar alguén coas súas lérias. *Estes rapaces fan tantas trasnadas que lle acaban coa paciencia a un santo.*
77. **afrouxa-la faltriqueira / carteira / bolsa** l.v. Pagar. Úsase referido maiormente a unha persoa moi agarrada. a) *¡Afrouxa a faltriqueira, e dálle tres pesos ó rapaz!* b) *¡Afrouxa a carteira, e paga uns viños!* c) *¡Afrouxa a bolsa, e convidanos a todos!*
78. **agacha-la(s) orella(s)** l.v. Humillarse, mostrarse submisivo. *¡Primeiro berroume e despois ha de vir agachando as orellas porque vai querer que o axude!*
79. **agardar ó víspera pra afeita-la noiva** l.v. Deixar todo para o último momento. Ó víspera é a forma dialectal local para á véspera. *Aínda non comezáche-lo traballo e mañá tes que presentalo, non se pode agardar ó víspera pra afeita-la noiva.*
80. **anagárselle-los ollos de bágoas a [alguén]** l.v. Estar a piques de chorar. *Anagar é a forma dialectal para anegar. Recibeu a mala nova e anagáronselle-los ollos de bágoas.*
81. **andar a catro pés** l.v. Ser incapaz de mante-lo equilibrio ou andar apoiándose nos brazos, por encontrarse mal ou por efecto do alcohol. *Mareouse, caeu e logo andaba a catro pés*
82. **andar con ollo** l.v. Andar con moito tino ó facer algunha cousa. a) *Hai que andar con moito ollo pra que non se decaten da sorpresa.* b) *Hai que andar con moito ollo coas copas, non vaían romper.* c) *Hai que andar con moito ollo co veciño novo, non sabemos como pensa.*
83. **andar / ir de mal en peor** l.v. Saírlle a un as cousas cada vez peor. a) *¡Anda de mal en peor; pois complicáronselle as cousas!* b) *A avoa vai de mal en peor na súa enfermidade.*
84. **andarlle co lombo a [alguén]** l.v. Ameazar con castigo físico ou agresión física a alguén. a) *¡Hai que andarlle co lombo a ese rapaz como non cambie o seu comportamento!* b) *Como sigas a amolarme... ¡hei de andarche co lombo!*
85. **apertarlle as botas a [alguén]** l.v. Aplicarlle un castigo a alguén por algo malo que fixo. a) *Colleron o agresor ¡A ver se lle apertan as botas!*
86. **apertarlle / axustarlle as caravillas a [alguén]** l.v. Aplicarlle un castigo a alguén por algo malo que fixo. a) *¡A ver se lle apertan as caravillas ó que mallou na muller!*
87. **apertarlle as costuras botas a [alguén]** l.v. Aplicarlle un castigo a alguén por algo malo que fixo. a) *Non deixa de facer falcatrudas ¡A ver se lle apertan as costuras!*
88. **apresentarlle o demo [algo / alguén] a [alguén]** l.v. Non serlle boa a alguén a compañía doutra persoa. *A Xoán esa compañía non lle convén: apresetoulla o demo. ¡Non me gusta nada!*
89. **arrincarlle as bágoas a [alguén]** l.v. Facer chorar a alguén. *Lembroulle a súa nenez, seus pais, os amigos... e arrincoulle as bágoas.*
90. **axustarlle as contas a [alguén]** l.v. Vingarse con alguén ou esixirlle explicacións por algunha acción.

- Cando o teña diante xa lle axustarei as contas por terme insultado.*
91. **baixa-las orellas** l.v. Humillarse, mostrarse submisivo con alguén. *a) Cando llo conte a súa muller, ha de baixa-las orellas.*
 92. **baixar (máis) o lombo** l.v. Traballar (máis), realizar un esforzo. *a) ¡Se queres aprobar, tes que baixa-lo lombo e esforzarte máis a estudar! b) ¡Tes que baixar máis o lombo se queres remata-lo traballo antes do domingo!*
 93. **baixarlle as orellas a [alguén]** l.v. Humillar a alguén. *a) Ten moitos fumes, haille que baixa-las orellas. b) Cando te pille heiche baixa-las orellas polo que me fixeches.*
 94. **baixarlle os fumes a [alguén]** l.v. Obrigar unha persoa a comportarse con máis humildade. *¡Cando vexa as consecuencias do que fixo xa se lle baixarán os fumes!*
 95. **botalas coma lousas** l.v. Dici-las verdades moi clariñas, aínda que molesten. *¡Lois bótaas coma lousas! ¡Díxolle as cousas como son!*
 96. **botalas fervendo / quentes / ardendo** l.v. Dici-las cousas claras, por duras que sexan. *a) ¡María bótaas fervendo! Vai directa ó asunto. b) ¡Bótaas quentes! Non anda con rodeos. c) É moi directo e bótaas ardendo. Sempre di o que pensa.*
 97. **bota-la lingua a pacer / ceiba-la lingua a pacer** l.v. Falar mal dunha persoa. *a) ¡Botou a lingua a pacer falando do seu curmán! b) Cando falou de Manuel, Lois ceibou a lingua a pacer e púxo a caldo.*
 98. **bota-la lingua de fóra** l.v. Estar canso, non ter folgos. *a) Botaba a lingua de fóra despois dun duro día de traballo.*
 99. **bota-las fabas contadas** l.v. Servir pouca comida. Ser agarrado. *Non vaías xantar alí, botan as fabas contadas e pasarás fame.*
 100. **botar fume** l.v. Estar enfadado. *¡Está que bota fume! Logo, se está máis calmo, volverei falar con el.*
 101. **bota-los fígados** l.v. Facer un grande esforzo nun traballo, nunha carreira... *O ciclista botaba os fígados cando pasou pola meta.*
 102. **botar un grolo** l.v. Ir beber. *Vai botar un grolo á cantina mentres eu vou busca-la ferramenta.*
 103. **botar un pito** l.v. Fumar un cigarro. *Se vén o xefe dille que vou botar un pito.*
 104. **botarlle pan ó caldo** l.v. Ser rico, ter posibles *O noivo é dos que lle botan pan ó caldo, non van ter problemas económicos.*
 105. **botarlle terra a [algo]** l.v. Dar por rematado un asunto, encubríndoo para facer que se esqueza. Emprégase frecuentemente co substantivo *conto*. *Imos deixa-la cousa así. ¡É mellor botarlle terra ó conto!*
 106. **botarlle unha man a [alguén]** l.v. Axudar. *¡Bótalle unha man ó teu sogro e faille a leña!*
 107. **buscarlle as voltas / cóxegas a [alguén]** l.v. Provocar a alguén para amolalo. *a) Anda a buscarlle as voltas, e vaise atopar co que non espera. b) Non lle búsque-las cóxegas a Pedro que ten mal xenio.*
 108. **caer da burra** l.v. Decatarse de algo. *Cando llo espliquei, caeu da burra.*
 109. **caer de caixón** l.v. Ser algo evidente, lóxico. *Agora que mo dis, cae de caixón que reacciona dese xeito.*
 110. **caer de cu coa risa** l.v. Rir moito. *Cando lle contou o chiste, caeu de cu coa risa.*

111. **caer na conta** l.v. Decatarse de algo.
Caín na conta cando te vin alí de que esquecera o encargo.
112. **caerlle [algo] a [alguén] tan ben coma o freo ó porco** l.v. Non sentar algo (peza, cousa...) ben a unha persoa. *¡A chaqueta cáeche tan ben coma o freo ó porco! Non che pega nada co pantalón.*
113. **caerlle / pingarlle o pito a [alguén] // pingarlle o moco a [alguén]** l.v. Caerlle o moco a unha persoa.
¡Cáeme o pito co frío que vai! // ¡Asoa a teu neto, pingalle o pito! // ¡Ó neno pingalle o moco! Debeuno de colle-lo frío no campeiro.
114. **cala-la boca** l.v. Non falar, estar en silencio. *¡Cala a boca! Non digas máis nada que cada vez empeoras máis o tema.*
115. **canta-las corenta** l.v. Chamarlle seriamente a atención, poñerlle as cousas claras. *Estragoume o que lle emprestei. Cando o vexa, heille de canta-las corenta.*
116. **carga-lo carro (de máis)** l.v. Molestar a alguén; acabarlle coa paciencia. a) *Métese con el, ándalle cargando o carro, e vaille zoscar.* b) *Cargou o carro de máis e logo tivo que vir a pé porque o revisor botouno do coche.*
117. **catarlle as pulgas a [alguén]** l.v. Mallar, zoupar a alguén. *Pedro catoulle as pulgas a Xoán pola trastada que lle fixera.*
118. **catarlle os piollos a [alguén]** l.v. Mallar, zoupar a alguén. *¡Cátalle os piollos, meu fillo, e verás como non se volve a meter contigo!*
119. **cegar dun ollo pra non ve-lo veciño** l.v. Perder un pra que o outro perda máis. *Cando fixeron a estrada, Xosé perdeu un anaco de terra pra facer perder moito máis ó veciño. Hai quen cega dun ollo pra que non vexa o veciño.*
120. **chegar ás mans** l.v. Pelexar. *Discutiron e chegaron ás mans. A liorta rematou cos dous no hospital.*
121. **chegarlle a auga ó pescozo a [alguén]** l.v. Atoparse nunha situación límite, de apuro. *Cando caeu no furado chegoulle a auga ó pescozo, pois pensou que non daba saído.*
122. **chora-los sete chorares** l.v. Chorar moito. *¡Ó saber que marchara, chorou os sete chorares!*
123. **chove-lo chovido e o por chover** l.v. Chover moito. *Onte, na Coruña, choveu o chovido e o por chover. ¡Corría a auga como se fosen ríos polas rúas!*
124. **coller / ter [alguén] de ollo** l.v. 1. Co vbo *coller* significa empezar a ter aversión a unha persoa. *Colleuno de ollo e, agora, non lle pode dicir nada que llo toma a mal.* 2. Co vbo *ter* significa manter esa aversión a unha persoa. *¡Non o deixa en paz, teno de ollo! Cada vez que o pilla no recreo non o deixa xogar a nada.*
125. **collerlle / terlle collido o tempero a [algo] / [alguén]** l.v. 1. Saber levar ben a outra persoa; facerse co manexo dunha máquina, útil ou ferramenta. *Colleulle o tempero á súa nai e fai dela o que quere. // Regalámoslle un móvil á miña avoa e colleulle o tempero rapidamente. ¡Ata lle instala aplicacións!* 2. Ter dominado a alguén, saber como vai actuar ou xa saber manexar unha ferramenta. *¡A nora tenlle collido o tempero á sogra e fai dela o que quere!*
126. **comer cos ollos [alguén]** l.v. Ameazar coa ollada. *¡Os novos*

- veciños non nos miran ben, parece que comen a un cos ollos!*
127. **comer coma unha lima** l.v. Comer moito. *¡Os nenos do veciño comen coma limas, non deixan nada no prato!*
128. **comer coma un crego** l.v. Comer moito e ben. *¡Nese restaurante a xente come coma cregos! Todo o mundo sae satisfeito.*
129. **comer coma un descosido** l.v. Comer moito. *Os traballadores comen coma descosidos, pois o esforzo da mañá foi grande.*
130. **comer coma un lobo** l.v. Comer moito. *Cando chegaron os troiteiros comían coma lobos, pois o río dá fame.*
131. **comer coma un pepe / cura** l.v. Comer moito. *Cando chegaron, os troiteiros comeron coma pepes, coma curas, a fartar. b) ¡Comín coma un cura na casa de miña nai!*
132. **comer máis cos ollos que coa boca** l.v. Desexar alguén máis comida ou alimento do que precisa. *¡Os nenos da túa irmá comen máis cos ollos que coa boca, enchen o prato e logo deixan a metade!*
133. **cortarlle un traxe a [alguén]** l.v. Criticar a unha persoa. *¡Cortoulle un traxe a súa sogra, que como o saíba bótalo da casa!*
134. **cravárselle unha espiña a [alguén]** l.v. Ser preguiceiro, non querer traballar. *¡Crávaselle unha espiña cada vez que ten que ir ó lindeiro coas vacas*
135. **doerlle a espiña a [alguén]** l.v. Ser preguiceiro, non querer traballar. *¡Lois non quere traballar, dóelle a espiña!*
136. **cuspir pra arriba** l.v. Amosar unha soberbia que acaba traendo consecuencias negativas. *Non se decatan de que cospen pra arriba cando falan mal da súa familia.*
137. **custar Roma con Santiago** l.v. Ter moita dificultade. *¡Face-la casa ha custar Roma con Santiago, tal e como temos a nosa economía!*
138. **custar un ollo da cara** l.v. Ser cara unha cousa. *¡É moi bonita pero ha custar un ollo da cara! Non creo eu que sexa moi barata.*
139. **da-la cara** l.v. 1. Afrontar con responsabilidade e / ou valentía unha situación. *É mellor da-la cara e dicir que fomos nós os que rompémo-lo cristal xogando á pelota. // ¡Se é tan valente que dea a cara, e que asuma a súa responsabilidade! // Teu irmán non é quen de da-la cara despois do que fixo.*
140. **dar couces contra as paredes** l.v. Ser moi cabezán. *Non o desmontas por moito que lle digas que é así. ¡Dá couces contra as paredes!*
141. **dar leite sen becerro** l.v. Estar moi canso. *Veño de cava-la roza e estou que dou o leite sen becerro. ¡Non me teño de pé!*
142. **dar máis lata ca un sacamoas** l.v. Ser un pesado. *¡Para xa de falar, das máis lata ca un sacamoas. Lévasme tola a cabeza!*
143. **dar máis voltas ca un muiño de vento / ca unha noria** l.v. Non parar, dar moitas voltas para facer algo. a) *¡Para xa e céntrate no traballo. Das máis voltas ca un muiño de vento!* b) *Das máis voltas ca unha noria pra comezar a traballar e tes todo ó teu carón.*
144. **dar pé a [algo]** l.v. Da-la oportunidade de facer algo. *Deu pé e faleille do tema. ¡Aproveitei!*

145. **dar xenio a [alguén]** l.v. Agradar moito. *É unha tecelá estupenda. ¡Dá xenio vela!*
146. **darlle na alma [algo] a [alguén]** l.v. Ter un presentimento. a) *Sei que vai pasar algo. ¡Dámo na alma!* b) *¡Dábamo na alma que íades ter un accidente!* *Gracias a *Dios non pasou nada.
147. **darlle no corpo [algo] a [alguén]** l.v. Ter un presentimento. a) *¡Algo malo vai pasar, dámo o corpo!* b) *¡Dábamo no corpo que alguén da familia ía morrer!*
148. **darlle mala espiña [algo] / [alguén] a [alguén]** l.v. Recear dunha situación. *¡Ese rapaz co que sae María dáme mala espiña! Veremos como acaban.*
149. **darlle á *lengua / ser moi amigo de darlle á *lengua** l.v. Falar de máis. Non saber gardar un segredo. a) *¡Ó meu avó gústalle darlle á *lengua e fala con todo o que atopa!* b) *¡Ten coidado co que lle contas, é moi amigo de darlle á *lengua!*
150. **darlle á palleta** l.v. Conversar. *Gústalle darlle á palleta e para con todo o mundo a falar polo camiño cara o traballo. Sempre chega tarde.*
151. **darlle a vida a [alguén]** l.v. Valer ou axudar. *¡A neta dálle a vida a súa avoa, moito lle axuda!*
152. **darlle igual [algo] a [alguén]** l.v. Serlle indiferente, non importarlle. *Dáme igual toma-lo leite con café ou con chicolate, gústanme os dous.*
153. **darlle mil voltas a [alguén]** l.v. Ser moito mellor. *O fillo dálle mil voltas ó pai arranzando tractores.*
154. **darlle ó raposo a coida-las galiñas** l.v. Poñe-las cousas en mans de persoas pouco recomendables. *¡Co que lle gustan os doces déixano coidando deles, é coma darlle ó raposo a coida-las galiñas!*
155. **darlle pola barba ó sapo** l.v. Ser baixo de estatura. *¡Si, es tan alto que lle das pola barba ó sapo!*
156. **darlle que dicir a [alguén]** l.v. Ser obxecto de comentarios ou críticas. *Co seu comportamento dan que dicir á xente. ¡Poderían ser máis recatados!*
157. **darlle que falar a [alguén]** l.v. Ser obxecto de comentarios ou críticas. *¡Andan de troula toda a noite e dan que falar!*
158. **darlle un dedo a [alguén] e pillar unha man / darlle unha man a [alguén] e pillar un brazo / darlle unha man a [alguén] e colle-lo brazo enteiro** l.v. Abusar da confianza. a) *¡Ós nenos non lles des confianza, que lles das un dedo e pillan unha man!* b) *¡Teño uns veciños que lles das unha man e pillan un brazo, hai que ter coidado con eles!* c) *Non saben onde están os límites da confianza, pois lles das unha man e cóllenche o brazo enteiro.*
159. **dar [algo] por feito** l.v. Dar por seguro algo. *¡O tema da compra do piso dáse por feito!*
160. **darse moita maña** l.v. Ser un arteiro. *O rapaz dáse moita maña manexando o tractor.*
161. **deitarse coas galiñas** l.v. Irse cedo á cama. Deitarse cedo. *Aínda non escureceu e xa se vai á cama. ¡Déitase coas galiñas!*
162. **desfacerse en bágoas** l.v. Chorar moito. *¡Desfíxose en bágoas cando o veu partir pra Cuba!*
163. **dobrega-lo espiñazo** l.v. Face-lo esforzo necesario para rematar con éxito un traballo. Esforzarse, traballar duro. *Está tan afeito a que llo fagan*

- que agora non quere dobrega-lo espiñazo.*
164. **dormir cos ollos abertos coma as lebres** l.v. Estar á espreita. *Ten un sono moi lixeiro e dorme cos ollos abertos coma as lebres, calquera ruído o desperta.*
165. **encher (ben) o papo** l.v. Comer ben. a) *Veú o crego xantar e encheu o papo. ¡Ía que non lle cabía máis! b) ¡Os políticos enchen ben o papo coas comisiós que reciben!*
166. **ensina-la andadura a un cabalo vello** l.v. Ensinar ó que xa sabe. *¡Non me digas o que teño que facer pra arranxa-lo coche. Non pretenderras ensina-la andadura a un cabalo vello!*
167. **esfolar unha cabra con [alguén]** l.v. Tratar ou falar dun asunto con alguén sen prisa e devagar. *Esfolar unha cabra é arrincarlle o pelexo e este traballo leva un certo tempo. Teño que falar contigo. ¡Ven acó, que ti e mais eu temos que esfolar unha cabra!*
168. **esmendrellarse coa / de risa // partirse de / á risa // escangallarse coa risa // rebentar coa risa** l.v. Rir moito, sen parar. a) *¡Esmendrellábase coa / de risa ó escoita-lo imitador na radio! b) ¡Esmendrellábase de risa cando rematei de conta-lo chiste! c) ¡Cando caín de cu, o neno escangallábase coa risa! d) ¡Partíase de / á risa cando soupo a broma que lle fixeron a seu irmán na voda. e) ¡Case que rebenta coa risa cando veu a película cómica!*
169. **espír un santo pra tapar outro / descubrir un altar pra tapar outro** l.v. Arranxar unha situación causando un problema. *Sacou o testó do pote pra poñerllo á pota grande. ¡Espeu un santo pra tapar outro! // ¡Pedirlle o coche a Lois para deixarllo a María é descubrir un altar pra tapar outro!*
170. **estar a fartar** l.v. Estar cheo e non querer comer máis. *¡Non quero máis caldo, estou a fartar!*
171. **estar agardando no quilómetro** l.v. Ameazar. *¡Agora podes fuxir pero eu estarei agardando no quilómetro e xa te pillarei noutra ocasión!*
172. **estar ben forrado** l.v. Ter moitos cartos. *Estivo en Cuba e está ben forrado. ¡Ten moitas propiedades!*
173. **estar / ser cortados polo mesmo patrón** l.v. Seren iguais ou similares [varias persoas]. *Son moi amigos e teñen moitos puntos en común. ¡Están cortados polo mesmo patrón! // Se un é malo o outro é peor. ¡Están / son cortados polo mesmo patrón! Non teño moito onde escoller.*
174. **estar de volta e media** l.v. Estar informado ou ser xa coñecedor de algo. *¡Está de volta e media de que súa filla ten mozo!*
175. **estar feito un mar de bágoas** l.v. Chorar moito. *¡Agora é mellor que non fales con el. ¡Está feito un mar de bágoas! A nova afectouno moito.*
176. **estar feitos do mesmo pano** l.v. Seren semellantes ou iguais. *¡María e Manuel están feitos do mesmo pano! Se un é bon, o outro aínda o é máis.*
177. **estar na horta e non ve-las coles / verzas** l.v. Estar moi despistado, non ve-lo que temos ó noso carón. *Telo diante e non o ves. ¡Estás na horta e non ve-las coles / verzas! ¡Andas despistado.*
178. **estar / ir aviado** l.v. Encontrarse nunha situación difícil ou comprometida. a) *¡Está aviado despois do que fixo, agora que asuma*

- as consecuencias! b) ¡Vai aviado se coida que o xuíz o vai a soltar!*
179. **facela boa** l.v. Facer algo prexudicial para os intereses propios ou alleos. *¡Fíxéchela boa! Agora vai pensar que fun eu o que lle gastei a broma.*
180. **facer bon de [alguén]** l.v. Conseguir dobregar ou que alguén abandone certos hábitos ou modos considerados malos e os adquira bos. [Úsase normalmente en construcións negativas]. *Este rapaz non leva boas maneiras ¡Non se dá feito nada bon del!*
181. **facer coma que non oe** l.v. Non querer escoitar. *¡Cando se fala de algo que non lle convén, fai así coma que non oe!*
182. **facer como ó que lle poñían os santos óleos na man e dicía que lla untasen por fóra** l.v. Ser coreño, avarento. *Confórmate co que tes. Na vida non hai que acaparalo todo. Ti has de facer como ó que lle poñían os santos óleos na man e dicía que lla untasen por fóra.*
183. **facer da súa capa un saio** l.v. Ser libre de tomar decisións ou face-lo que lle veña en gana. *Ante semellantes circunstancias... ¡cada un que faga da súa capa un saio, e logo que non se queixe!*
184. **facer de [alguén] un pandeiro** l.v. Tratar desconsideradamente a outra persoa; tela dominada. Tamén se pode aplicar a cousas e, nese caso, significa ter dominio absoluto sobre elas. a) *A empresa fai de nós un pandeiro: só mira a conta de resultados.* b) *Cando me preguntou por que vendín a leira tan barata, díxenlle: - ¡Cada un pode facer do seu un pandeiro!*
185. **facer eses** l.v. Estar bébedo. a) *¡Non vai andando normal, anda a facer eses. O malo é que pode caer!* b) *¡Anda facendo eses pola estrada! Chamarei a Tráfico.*
186. **facer igual cás galiñas, que morren pensando que algún día lles han de saí-los dentes** l.v. Ter esperanza de que acontezan cousas imposibles. *¡Ti has de facer igual cás galiñas, que morren pensando que algún día lles han de saí-los dentes! Non agardes máis por ela, non volverá.*
187. **facerlle / plantarlle cara a [alguén]** l.v. Non afrontar algo. a) *Non é quen de facerlle cara ó asunto do fillo, debera pensalo antes.* b) *A situación fôiselle das mans e agora non é quen de plantarlle cara.*
188. **facerlle frío a [alguén]** l.v. Saír mal parado. *¡Quíxolle adiantar na curva e fíxolle frío! Case se mata.*
189. **facerlle o conto a [alguén]** l.v. Adular alguén por interese. *¡Faielle o conto ó teu sogro e que che deixe a mellora!*
190. **facerse obra de [alguén]** l.v. Conseguir dobregar ou que alguén abandone certos hábitos ou modos considerados malos e os adquira bos. [Úsase normalmente en construcións negativas]. *Non se fai obra del! Como siga así non ten moito futuro.*
191. **fala-los sete falares** l.v. Falar moito. *A neniña non falaba e levárona ó santo. ¡Agora fala os sete falares!*
192. **falar pola boca doutro** l.v. Dici-lo que outro dixo anteriormente. *¡Fala pola boca doutro cando conta o que lle pasou ó seu curmán en Venezuela! Contoullo el.*
193. **falar por falar** l.v. Comentar algo por pasa-lo tempo. a) *¡Acó, agardando, fábase por falar, pra que pase mellor*

- o tempo! b) ¡Todo o que che dixen é falar por falar, pois todo depende dos acontecementos! c) ¡Fala por falar, pois el non o ten moi claro tampouco!*
194. **falar por non estar calado** l.v. Falar por pasa-lo tempo. a) *Mentres agardan na consulta falan por non estar calados de temas intrascendentes. b) ¡É falar por non estar calados, xa que o tema non é moi importante!*
195. **falar por sete** l.v. Falar moito. *¡O fillo de Xoán fala por sete! Non che deixa dicir nada.*
196. **faltarlle unha fervedura a [alguén]** l.v. Non ser moi intelixente. *¡Ó rapaz da miña curmá fáltalle unha fervedura!*
197. **faltarlle unha primaveira a [alguén]** l.v. Non ser moi intelixente. *¡Ó veciño de Pepe fáltalle unha primaveira, vendo o que fixo!*
198. **fungar coma o gato** l.v. Tirar polos mocos cara arriba. *¡Deixa de fungar coma o gato e soa eses mocos!*
199. **fuxir batendo coas zocas no cu** l.v. Escapar ou fuxir rapidamente. *Pillou tanto medo na noite que fuxeu batendo coas zocas no cu. Non sei como chegaría á casa.*
200. **haber barro na costa** l.v. Atopar dificultades, atrancos para facer algo. *¡Haiche barro na costa! Non vai ser doado face-lo traballo.*
201. **haber gato por lebre [nun lugar]** l.v. Haber un engano. *Non me fío moito do tendeiro. ¡Acó hai gato por lebre! Mira ben a mercadoría.*
202. **haber roupa ó sol / tendida / estendida** l.v. Haber persoas diante que non poden saber do que se está a falar. a) *¡Non fales de mulleres que hai roupa ó sol!* b) *¡Ten coidado co que dis do Deportivo que hai roupa tendida!* c) *¡Hai roupa estendida, tenta co que dis sobre a súa irmá!*
203. **ir na misa** l.v. Haber tempo que pasou un acontecemento. *¡Vaiche na misa que morreu meu avó, xa case eu non me lembro!*
204. **ir indo / tirando** l.v. Resistir a pesar das dificultades. Irle a alguén regular na vida, nin moi ben nin moi mal. a) *¡Vou indo, non me podo queixar, recupero bastante ben!* b) *¡Vou tirando, aínda que ás veces me doe algo!* c) *¡Imos indo, non nos podemos queixar moito!* d) *¡Se non hai contratempos, imos tirando!*
205. **ir por la e volver *trasquilado** l.v. Saír mal parado dun asunto. *¡Estívolle ben por ir mercalo a Ferrol. Foi por la e veu *trasquilado! O que lle venderon alí pouco lle durou.*
206. **ir un frío que nin os cas paran** l.v. Estar moi baixa a temperatura. *¡Saín fóra e case me quedo teso. Vai un frío que nin os cas paran!*
207. **lambe-la vaca marela [alguén]** l.v. Ir moi peiteado. *Vas moi peiteado á misa. ¡Semella que te lambeu a vaca marela!*
208. **ler en [algo] coma nun libro aberto** l.v. Coñecer moi ben a alguén. *Sabela sabía de antemán o que ía facer e dicir Miguel. ¡Le nel coma nun libro aberto!*
209. **leva-los pantalós / calzós na casa** l.v. Mandar, te-la autoridade. a) *Díxolle que o fixese e fíxollo caladiño ¡Vese que leva os pantalós!* b) *A muller é a que toma as decisión nesa casa ¡Ela é a que leva os calzós na casa!*
210. **mandar un Cristo ó ceo** l.v. Enfadarse moito. *Cando soubo do acontecido mandou un Cristo ó ceo. Logo, foise calmando.*

211. **mazar en ferro frío** l.v. Insistir inutilmente, sen resultado. *É inútil razoar con el. ¡É coma mazar en ferro frío! Non atende a razóns.*
212. **medi-las costelas / costas** l.v. Baterlle a alguén. *Na pelexa medíronse as costelas e houbo un ferido.*
213. **medrarlle a vela a [alguén]** l.v. Coller forzas. *Foi dicirlle e medroulle a vela. ¡Non cabía de contento coa nova!*
214. **mentir máis que falar** l.v. Mentir moito, non dici-la verdade. *¡Ese político fala moi ben, pero minte máis que fala sobre o tema das comisións!*
215. **meter baza** l.v. Intervir nunha conversa ou situación. *¡As mulleres cando falan de gastronomía non deixan meter baza! Elas saben máis cós homes.*
216. **mete-los cas á bouza / encirra-los cas** l.v. Arma-las leas e que as resolvan os demais. a) *¡Antón é moi amigo de mete-los cas á bouza! Logo teño que ir eu resolverlle os problemas.* b) *¡É moi amigo de encirra-los cas e logo que cargue eu coas consecuencias!*
217. **mete-los fuciños onde non o / a chaman** l.v. Meterse nas cousas dos demais sen consentimento. *¡As persoas curiosas coma el, meten os fuciños onde non os chaman! Todo o queren saber.*
218. **meter / dar gato por lebre** l.v. Tratar de enganar. *Intentáronme meter gato por lebre, cando me quixeron vender un bolso de polipel por pel.*
219. **meterse o demo en [alguén]** l.v. Non ir polo bon camiño. *¡Meteuse o demo nela e tirouse á bebida!*
220. **molla-la palleta** l.v. Beber con insistencia. *Molla-la palleta é “beber”. Cando se emprega coa perífrase andar a + [infinitivo] indica reiteración. ¡Anda a molla-la palleta na cantina tódalas mañás!*
221. **morrer coma un can (da rabia)** l.v. Morrer con moita dor. a) *¡Morreu coma un can! Só e adoecendo coa dor* b) *Tiña tanta dor cando finou que morreu coma un can da rabia.*
222. **movérselle o barco a [alguén]** l.v. Non mante-lo equilibrio por ir bébedo. *¡Lois vén pola rúa e móveselle o barco! Debeu de pasar pola cantina.*
223. **nacer de pé** l.v. Ter boa sorte. *¡Xosé naceu de pé! Tocoulle o gordo da lotería.*
224. **nin comer nin deixar comer** l.v. Dubidar. *É incapaz de tomar unha decisión. ¡Nin come, nin deixa comer!*
225. **nin facer nin deixar facer** l.v. Dubidar. *¡A túa nai nin fai, nin deixa facer! Levo horas intentando sabe-lo que teño que facer.*
226. **non atar nin desatar** l.v. Ser indeciso. *¡No tema do casoiro teu pai nin ata nin desata! O noivo non sabe que facer.*
227. **non branquearlle o pelo a [alguén] por [algo]** l.v. Ser, para alguén, asunto de pouca importancia. *Fai o que teñas que facer na entremedia das terras, que por isto non nos ha de branquea-lo pelo.*
228. **non chover como chovía** l.v. Cambia-las cousas ou situacións. *¡No tema do xuízo xa non chove como chovía! A cousa vaise aclarando.*
229. **non cocerlle o corpo [algo] a [alguén]** l.v. Ter unha preocupación. Estar inquedo. a) *¡Non mo coce o corpo, teño que me informar de que vai o asunto!* b) *¡Non mas coce o corpo, teño que ir velo e saber como está meu pai!*

230. **non dar pé con bola** l.v. Non atinar. *¡No xogo da petanca non dá pé con bóla! E vai perdendo.*
231. **non dar un chílo** l.v. Estar calado, non amolar. *¡Son tan boiños que non dan un chílo! Calquera pode quedar con eles.*
232. **non dar unha fala** l.v. Ser calado. *¡Os teus veciños son moi calados, non dan unha fala!*
233. **non dar unha no cravo** l.v. Non atinar ou non saber face-las cousas. *¡O adiviño moi bon non é, non dá unha no cravo! Saíu todo ó revés do que predixo.*
234. **non darlla ninguén a [alguén]** l.v. Ser difícil de enganar. *Sei moi ben de que vai o tema. ¡A min non ma dá ninguén!*
235. **non estar católico** l.v. Estar enfermo. *¡Non está católico, hai que chama-lo médico!*
236. **non esta-lo forno pra bolos** l.v. Estar enfadado. *Non lle digas a teu pai que queres casar. ¡Non está o forno pra bolos!*
237. **non facer cousa ó dereito** l.v. Face-las cousas mal. *¡Túa irmá non fai cousa ó dereito! Estragou máis do que fixo.*
238. **non ir no carro de [alguén] á misa** l.v. Non resultarlle a alguén unha persoa simpática ou de fiar. *Non fai máis que amolar e interromper. ¡Ese no meu carro non vai á misa!*
239. **non irlle ó rego a [alguén]** l.v. Non ser do agrado. *A noiva de teu irmán non lle vai ó rego a túa nai. Dixo que non lle gustaba.*
240. **non pasar fame** l.v. Estar gordo. *¡Estas vacas non pasan fame! Vese que están ben mantidas.*
241. **non pestanexar** l.v. Estar atento. *¡Está tan atento ó programa que non pestanexa!*
242. **non poñerlle [ninguén] o pé diante a [alguén]** l.v. 1. Ser moi bo en algo e non ter rival. *Ó oficial deste taller non hai avaría que se lle resista: ninguén lle pon o pé diante* 2. Non ter medo a ninguén. *Pódenlle critica-lo que queiran que, como teña decidido algo, a el ninguén lle pon o pé diante.*
243. **non saír do rabo / pé de [alguén]** l.v. Andar pegado a alguén. a) *¡O canciño non sae do rabo dun, aínda o hei de pisar!* b) *¡Ten tanto medo que non sae do pé dun!*
244. **non ser trigo limpo** l.v. Non ser de fiar. *¡O amigo de teu irmán non é trigo limpo! Non confío moito nel.*
245. **non ser ben acabado / non ser ben do tempo de [alguén] / non ser ben do día de [alguén]** l.v. Non ser moi intelixente. a) *O rapaz non é ben acabado, polo que non lle tómealas cousas a mal.* b) *Non é ben do seu tempo e por iso non respondeu correctamente. ¡Non llo teñas enconta!* c) *Non é ben do seu día, por iso dixo o que dixo.*
246. **non ter pés nin cabeza** l.v. Sen sentido. *O asunto non hai por onde collelo ¡Non ten pés nin cabeza!*
247. **non ter avoa** l.v. Chufarse a si mesmo. *Como non hai quen o chufe, chúfase el ¡Non ten avoa!*
248. **non ter ganas de lérias / contos** l.v. Non estar de bo humor. a) *Por favor, non amoles ¡Non ten teño ganas de lérias!* b) *¡Non teño ganas de contos! Polo que están calado mentres traballo.*
249. **non ter lixos na lingua** l.v. Dici-las cousas sen reparos. *Dixo o que tiña*

- que dicir ¡Non ten lixos na lingua! Fala alto e claro do tema.*
250. **non ter máis ca ollos** l.v. Ser moi delgado de cara. *¡O fillo de teu irmán non ten máis ca ollos! Debería engordar un chisco.*
251. **non ter papas na boca** l.v. Ter facilidade de palabra. *Ese político non ten papas na boca á hora de comenta-lo programa.*
252. **non ter que levar á boca** l.v. Non ter que comer. *¡E tan pobre que non ten que levar á boca!*
253. **non ter un can** l.v. Non ter nada en propiedade. *¡Non ten un can! Gastou todo canto tiña en viaxes e festas.*
254. **non ter moito sentido** l.v. Ser un veleta, un informal. *O que me estás a contar, moito sentido non ten. Se cadra, estás errado.*
255. **non ter xeito** l.v. Non ter sentido.
a) *A vida que levas non ten xeito. Deberías tratar de cambiala.* b) *Non ten moito xeito facelo desta maneira; mellor probemos destoutra.*
256. **non ter xeito nin traza** l.v. Non ter sentido. *Non ten xeito nin traza face-lo muiño tan lonxe do río.*
257. **non terse de pé** l.v. Estar moi canso ou moi enfermo. *¡Dóeme tanto a cabeza que non me teño de pé!*
258. **non tirarlle da lingua a [alguén]** l.v. Tratar de facer falar a unha persoa de algo que non quere, incitar a contar algo de xeito disimulado. *Non hai que tirarlle da lingua a Pedro, pois xa o conta só.*
259. **non tronar como tronaba** l.v. Mellora-la situación. *Cando comecei, o traballo parecíame moi difícil, agora xa non trona como tronaba.*
260. **non valer nin farrapo de gaita** l.v. Valer moi pouco. *¡Esta ferramenta non vale nin farrapo de gaita! Debíches mercala nos chinos.*
261. **non valer un can** l.v. Non servir para facer algo ou valer moi pouco. *É un fopeiro ese mozo que tes. ¡Non vale un can!*
262. **non ver(se) un burro a tres pasos** l.v. Ter dificultades de visión e andar despistado. *Tropeza con todo. ¡Non ve un burro a tres pasos! Debería consultarse. // ¡Hai tanta néboa que non se ve un burro a tres pasos! Non sei onde está a mediana da estrada*
263. **non ser toco** l.v. Ser moi hábil, arteiro. *A avaría era grande, mais o técnico non é toco e xa está rematando de arranxala.*
264. **oír campás e non saber onde** l.v. Ter unha noticia inconcreta e vaga dalgún asunto; estar despistado. *¡Este é dos que oe campás e non sabe onde! Non se entende nada.*
265. **pagar xustos por pecadores** l.v. Sufri-las consecuencias dalgunha cousa na que non tomamos parte. *¡Sempre pagan xustos por pecadores! Leva a culpa sen estar alí.*
266. **parecer que as trae / torce o demo** l.v. Saí-las cousas mal. a) *Ultimamente as cousas non saen moi ben ¡Parece que as trae o demo!* b) *Outra vaca máis enferma. ¡Parece que as torce o demo!*
267. **parecer que veu unha (mala) meiga a [alguén]** l.v. Pasar unha mala época. Na fala local o perfecto de ver é veu. a) *Non paro de arranxar avarías na casa. ¡Parece que me veu unha meiga!* b) *O home non dá saído pra diante co negocio. ¡Parece que o veu unha mala meiga!*
268. **parti-la crisma** l.v. Baterlle a alguén. *Parteulle a crisma por non solucionaren unha débeda.*

269. **pasalas negras** l.v. Pasar por unha mala situación. *¡Pasounas negras cando marchou a Cuba na súa xuventude!*
270. **pasa-las de Caín** l.v. Pasar por unha mala situación. *¡Pasou as de Caín na mili en África! A calor e a fame case acaban con el.*
271. **pasarlle a man polo lombo a [alguén]** l.v. Facerlle o conto a alguén. *¡Pásalle a man polo lombo e dille o que quere escoitar, se pretendes que te axude.*
272. **pasarlle o sol pola porta a [alguén]** l.v. Perde-la oportunidade. *¡Pasoulle o sol pola porta e agora xa é tarde pra ter fillos!*
273. **pecha-lo pico** l.v. Cala-la boca, deixar de falar. *Non fas máis que interromperme. ¡Pecha o pico!*
274. **perder / irselle a forza pola boca** l.v. Ameazar con facer e, logo, non facer. *a) ¡Fala moito e fai pouco. Perde a forza pola boca! b) Moito falar e pouco obrar. Vaiselle a forza pola boca, e ten as cousas sen facer.*
275. **pillalas no aire** l.v. Ser moi intelixente. *¡O meu neto pillas no aire! Cousa que ve facer, cousa que fai.*
276. **pillar unha chea / tranca / cogorza** l.v. Beber de máis, embebedarse. *a) ¡Pillou unha chea, que non soupo onde pasara a noite! b) ¡Pillou unha tranca que logo tivérono que traer á casa! c) ¡Pillou unha cogorza que hoxe aínda lle doe a cabeza!*
277. **pillar unha molleira** l.v. Mollarse moito. *¡Saíu sen paraugas e pillou unha molleira! Agora está arrefriado.*
278. **pillar unha mona** l.v. Coller un bo catarro. *¡Convidárono a beber e pillou unha mona! Non soupo parar a tempo.*
279. **poder andar polo seu pé** l.v. Valerse por un mesmo. *Aínda que ten noventa e nove anos, pode andar polo seu pé. ¡Ten unha saúde de ferro!*
280. **poder aínda coa metade menos** l.v. Pesar moito unha cousa. *¡Como pesa este *mueble! ¡Inda podía coa metade menos!*
281. **poñer a caer dun burro [alguén]** l.v. Falar mal de alguén. *Como non estaba, puxérono a caer dun burro. Dixeron del o que quixeron.*
282. **poñer a caldo [alguén]** l.v. Falar mal de alguén. *¡Puxérono a caldo! Sacáronlle tódolos trapos sucios do seu pasado.*
283. **poñer a pan pedir [alguén]** l.v. Falar mal de alguén. *¡Non lles cae moi ben e puxérono a pan pedir! O pobre non se defendeu.*
284. **poñer feito uns farrapos [alguén]** l.v. Salir mal parado dunha pelexa. *¡Puxérono feito uns farrapos! Zoupáronlle en todo o corpo e tiña varias contusións.*
285. **poñer negro [alguén]** l.v. Falar mal de alguén. *¡Puxérono negro! Non deixaron nada da súa vida sen comentar.*
286. **poñer pingando / a pingar [alguén]** l.v. Falar mal de alguén. *¡Porque é boa persoa, puxéronno pingando! Deume pena e defendino. // Alí puxérono a pingar, dende que era pobre ata que era mala persoa.*
287. **poñe-lo carro diante dos bois** l.v. Face-las cousas ó revés. *Non apures que po-lo carro diante dos bois. ¡As cousas fanse con tino!*
288. **poñe-lo traxe dos domingos / de ir á misa** l.v. Vestir ben, vestir mellor que a diario. *a) Hoxe pareces outro, puxéche-lo traxe dos domingos. ¡Non hai quen te coñeza! b) Hoxe nin*

- os teus cas te coñecen. ¡Puxéche-lo traxe de ir á misa!*
289. **prender na fala** l.v. Tatexar. *Non lle entendín moi ben o que dixo. ¡Prende na fala!*
290. **quenta-la badana a [alguén]** l.v. Baterlle a alguén. *Acabou coa súa paciencia e quentoulle a badana.*
291. **quentalle a cabeza a [alguén]** l.v. Amolar, causar molestia con peticións ou na conversa. *Non me quente-la cabeza pedíndome que che merque a bicicleta. ¡Non hai cartos!*
292. **quentalle o forno a [alguén]** l.v. Amolar, enfadar a alguén. *¡Quéntanlle a un o forno e logo non queren sufri-las consecuencias!*
293. **quéntárselle os fumes a [alguén]** l.v. Enfadarse. *¡Quéntanselle os fumes con moita facilidade, hai que tentar co que se lle di!*
294. **quitarlle as espiñas a [algo]** l.v. Eliminar atrancos. *Súa nai quítalle as espiñas sempre, así non logrará facer un home del.*
295. **sabe-lo demo [algo]** l.v. Non coñece-la resposta ninguén dos presentes. *- Quen foi o que estragou o carro?- ¡Sábecho o demo!*
296. **saber de que pé coxea [alguén]** l.v. Coñece-lo punto feble de alguén. *¡Saben de que pé coxea e sempre conseguen del o que queren!*
297. **sairlle a porca capada a [alguén]** l.v. Sai-las cousas mal, como non agardabamos que nos saíran. *¡Saleuche a porca capada, pensaches que ías gañar moito coa compra e perdíche-la metade!*
298. **se non fora por [alguén]** l.v. Ameazar con freo. *¡Se non fora por *Dios, agora mesmo partíache os dentes!*
299. **se-lo vivo retrato de [alguén]** l.v. Ser igual ca un familiar. *¡És o vivo retrato do teu pai! Te-la mesma cara e o mesmo carácter.*
300. **ser (tan bon) coma o ano que non hai que mallar** l.v. Ser moi malo. *a) ¡O teu irmán é coma o ano que non hai que mallar! Máis malo non pode ser. b) ¡Pedro é tan bon coma o ano que non hai que mallar! Con persoas coma el, escusamos ter inimigos.*
301. **ser un mundo** l.v. Ser algo complexo ou presentar variedade. *¡Aquel xornal é un mundo! Ten moitísimos departamentos e empregados.*
302. **ser bon pra ir pola morte** l.v. Tardar moito en face-las cousas. *¡O teu irmán é bon pra ir pola morte! Pra ir buscar un libro leva alá dúas horas.*
303. **se-la cariña do pai / da nai** l.v. Ter parecido co pai ou coa nai. *A miña filla tivo unha nena. ¡É a cariña do seu pai!*
304. **ser coma a caracola, canto ten, canto arrola** l.v. Gastar sen control. *¡A túa irmá é coma a caracola, canto ten, canto arrola! Non hai carto que lle chegue.*
305. **ser coma o porquiño de san Antón** l.v. Mancharse ó comer. *¡O meniño é coma o porquiño de san Antón! Ten a cariña toda chea de chicutate.*
306. **ser coma o que quería ir na procesión, leva-lo santo e toca-las campás** l.v. Querer acaparar todo, estar en todas partes. *Polo que vexo ti es coma o que quería ir na procesión, leva-lo santo e toca-las campás. Tes que estar en todas partes e dirixilo todo.*
307. **ser coma o que ten *tos e rasca a barriga // ser coma o que tose e rasca a barriga // ser coma ter *tos e rasca-la barriga** l.v. Non se-la

- solución apropiada. a) *¡Esa solución é coma o que ten *tos e rasca a barriga! Terás que dar-me outra máis axeitada.* b) *Tratar de cura-la gripe cun ponche é coma o que tose e rasca a barriga!* c) *¡Tratar de evita-la fuga de auga cun pano... iso é coma ter *tos e rasca-la barriga! Non é a solución, haberá que chamar a un fontaneiro.*
308. **ser coma os de Labrada: canto di hoxe, mañá xa non é nada** l.v. Non ter palabra. *A palabra de Xosé é coma os de Labrada: canto di hoxe, mañá xa non é nada. Nunca te fies das súas promesas.*
309. **ser coma un sarillo** l.v. Ser inqueda. *¡A camareira é coma un sarillo! Móvese moi rápido e ten atendidas tódalas mesas.*
310. **ser coser e cantar** l.v. Ser doado, non ofrecer dificultade. a) *¡Arranxa-lo enchufe é coser e cantar! Faise nun instante.* b) *¡Soluciona-la avaría do coche foi coser e cantar! En cinco minutos estaba andando.*
311. **ser fillo do carto** l.v. Ser rico. *Mercou o mellor coche. ¡Ese é fillo do carto! Non ten moito problema.*
312. **ser (moita) hora de + [inf. / subs. / fr.nom.]** l.v. Ser inaprazable unha acción. *Vai sendo moita hora de que pares. ¡Parece que te-los relós! Acouga un anaco.*
313. **se-lo galo do galiñeiro** l.v. Se-lo único home entre as mulleres. Mandar un grupo de homes e mulleres. *¡Teu irmán na escola é o galo do galiñeiro! Tódalas rapazas están toliñas por el.*
314. **se-lo olliño dereito de [alguén]** l.v. Se-lo preferido. *¡A túa filla é o seu olliño dereito! Lévalle a oficina mellor que se el a levara.*
315. **ser sempre noite pra [alguén]** l.v. Durmir moito. Ser pobre. *Mira que hora é e aínda na cama. ¡Pra el sempre é noite!*
316. **ser un bon can // estar feito un bon can** l.v. 1. Gustarlle moito as mulleres a alguén. *O teu veciño é un bon can: anda con todas.* 2. Andar con moitas mulleres. *¡Estás feito un bon can: cada día andas con unha!*
317. **ser un dicir** l.v. Non ter intención, ser unha suxestión ou unha indicación. *¡O de ir de viaxe de traballo é un dicir! Imos pasalo ben.*
318. **ser un pobre das portas** l.v. Ser moi pobre. *Vive mal e aliméntase mal. ¡É un pobre das portas!*
319. **serlle hora a [alguén]** l.v. Saír apurado dun transo. *¡Foilte hora! Fuxeu porque eran moitos a mallar nel.*
320. **sobrarlle a [alguén] os dedos dunha man pra contar [algo]** l.v. Ser pouca cantidade. *¡Os peixes que vas coller pra contalos, aínda me han sobra-los dedos dunha man!*
321. **soñar coma o porco farelo** l.v. Dici-las cousas sen xeito. *¡Soña coma o porco farelo! Non ten sentido todo o que di de como foi o accidente.*
322. **subirlle ás barbas a [alguén]** l.v. Estar fachendoso. Collerlle a medida a alguén. *¡O ter gañado no concurso subéuselle ás barbas, e agora non se che pode facer ningunha crítica que non as admite!*
323. **tapar un roto cun descosido** l.v. Arranxar un problema ocasionando outro. *Sacarlle o botón á camisa pra poñerllo a outra é tapar un roto cun descosido*
324. **tela alí** l.v. Esta-lo destino decidido. Normalmente o que se ten alí é unha desgraza ou mesmo a morte. *¡Ese*

- era o seu destino. Tiña ali. Non hai nada que facerlle!*
325. **te-la cara máis dura ca un lorcho** l.v. Ser atrevido. Non ter vergoña. *¡Fernando ten a cara máis dura ca un lorcho! Mira que chamarlle aquilo diante de todo o mundo*
326. **te-la cara máis dura ca un zapato** l.v. Ser atrevido. Non ter vergoña. *¡Ten a cara máis dura ca un zapato! Bicouna sen a súa aprobación.*
327. **te-la cara máis dura có cemento armado** l.v. Ser atrevido. Non ter vergoña. *¡Ese amigo teu ten a cara máis dura có cemento armado, colleume o coche sen pedirmo!*
328. **ter na puntiña da lingua [algo]** l.v. Estar a piques de lembrar algo. *¡O nome de teu irmán téño na puntiña da lingua! Non mo digas, heime de acordar.*
329. **ter boa perda** l.v. Queixarse sen motivo ou razón. *¡Andaste a queixar do teu fillo e tes boa perda! É o mellor do grupo.*
330. **te-la bágoa / as bágoas na punta do ollo** l.v. Estar a piques de chorar. *¡Ten a bágoa na punta do ollo, polo que lle chamaches! Ela non o merecía.*
331. **te-la cabeza chea de fume(s) / aire** l.v. Ter ideas utópicas ou pouco razoadas. a) *¡O teu fillo ten a cabeza chea de fumes! ¡Mira que pensar en monta-lo negocio sen coñecelo!* b) *¡Polo que dixó, ten a cabeza chea de aire! Non se decata de que iso é imposible facelo.*
332. **te-la lingua moi longa** l.v. Falar mal de alguén. Non gardar segredo. *¡A túa irmá ten a lingua moi longa! Foi dicindo que a min me gustaba o curmán de Sara e non é certo.*
333. **te-la man pesada** l.v. Golpear con forza. *¡Non se pode xogar con el ás chulas! Ten a man pesada, e cada vez que me dá, dóeme moito.*
334. **ter boa man** l.v. Ter habilidade para realizar algo con éxito. Ter boa sorte, tamén, cando se refire ó xogo de cartas. *¡Ten boa man prós nenos, axiña se fixo coa clase!*
335. **ter moi mala lingua** l.v. Falar mal de alguén. *¡Non fales moito con ela, ten moi mala lingua; e mañá pode tocarche a ti!*
336. **ter moitos fumes na cabeza** l.v. Aparentar que se sabe moito. *¡Son mozos e teñen moitos fumes na cabeza! Se cadra cando medren, asentan.*
337. **te-lo formigo (no corpo) / formigueiro** l.v. Non parar. Ser inqueda. *Formigo é unha patoloxía das vacas e doutros unglados, que lles fai proe-los pezuños e andan cambiando seguido de posición dos pés: de aí o símil da inquedanza para un ser humano. a) ¡Este neno ten o formigo no corpo!. b) O veciño ten formigueiro: non pode parar e está a facer cestos todo o día.*
338. **te-los relós** l.v. Ser moi inqueda. *Relós é un equivalente a nervios. Te-los relós!, é o mesmo que “Es moi nervioso ou estás moi nervioso”. Os relós son uns insectos que aparecen entre a herba e que, cando as vacas os comen, inchan e están inquietas. ¡Vai sendo moita hora de que pares, parece que te-los relós! Acouga un anaco.*
339. **ter que comer máis caldo** l.v. Non ter forza. *¡Pra poder erguer ese armario tes que comer máis caldo!*
340. **ter tanta fame que xa non ve** l.v. Ter moita fame. *¡Levo tres días sen probar bocado, teño tanta fame que xa non vexo!*

341. **ter tanta fame que adoece** l.v. Ter moita fame. *Estou en xexún dende onte á noite pra face-la análise. ¡Teño tanta fame que adoezo!*
342. **ter un levante** l.v. Ter moito xenio. *Levante é a explosión de xenio que lle sae a alguén por algún contratempo. Por iso ter levante é saírlle a un o xenio con facilidade cando se trata un tema que el non quere tratar, que non lle vai ou que lle afecta dalgunha maneira e por iso se incomoda axiña. ¡Teu pai ten un levante! Non se lle pode dicir nada.*
343. **ter un verme no corpo** l.v. Ser inqueda. É unha locución idéntica aínda que máis xenérica do que *te-los relós*: véxase. *¡Lois parece que ten un verme no corpo! É moi inqueda, non para de subir e baixar.*
344. **ter unha lingua que fura sete paredes** l.v. Ser moi falador e crítico. *¡O teu sobriño ten unha lingua que fura sete paredes! Non deixou títere con cabeza, falou mal de tódolos veciños.*
345. **terlle tanto [algo] a [alguén]** l.v. Dar igual. a) *¡Tanto che ten azoutar como dar no cu -díxolle a nai!* b) *¡Tanto che me ten, as patacas fritidas ou cocidas, gústanme de calquera xeito!*
346. **tírarlle do rabo á besta** l.v. Atreverse a poñer-las cousas no seu sitio ou a aclarar unha situación. *Ningún lle conta o suceso. ¡Non hai quen lle tire do rabo á besta!*
347. **toca-lo violó** l.v. Saír mal as cousas. *¡Tocouse o violó co sorteo do porco e agora terá que mercar un!*
348. **tocarlle o zoco a [alguén]** l.v. Amolar, importunar. *¡Non me tóque-lo zoco! Vásmo cabrear e logo apaña coas consecuencias.*
349. **tomar a peito [algo]** l.v. Colle-las cousas moi en serio. *Tomouno a peito e pasouno moi mal. ¡Non se decatou de que lle estaban gastando unha broma!*
350. **torcelas o demo** l.v. Saír mal as cousas. *Primeiro perdín as chaves e agora o reloxo. ¡Tórceas o demo!*
351. **traballar cos dentes pra comer coas enxivas** l.v. Face-las cousas ó seu debido tempo. Aproveita-lo momento. *De mozo viveu a vida e agora de vello non ten nada. ¡Hai que traballar cos dentes pra comer coas enxivas!*
352. **traelas o demo** l.v. Pasar algo malo. *¡Tráenas o demo, levo tres difuntos na familia en dous meses!*
353. **traer algún viño de máis no corpo** l.v. Vir bébedo. *Vén cantando solo pola rúa. ¡Trae algún viño de máis no corpo!*
354. **tremar coma un vimbio / unha vara / un xunco** l.v. Ter moito frío. O vimbio é unha rama (vara longa, delgada e flexible) da vimbieira, arbusto salicáceo (*Salix viminalis*), con moitas pólas longas, delgadas e flexibles, os vimbios. Por pouco vento que haxa xa se moven e, se hai moito, vibran converténdose en símbolo do tremido. Os vimbios, pola súa resistencia e flexibilidade, empréganse para ata-los mollos ou as cepas e para facer cestos Nas Pontes tamén se empregaban para facer unha especie de colar coas roscas que se vendían nos días da festa e entrelazaban a vara nos extremos a) *¡O nenín, co frío que fai, treme coma un vimbio!* b) *¡Treme coma unha vara verde e iso que vai ben abrigado!* c) *¡Despois de saír da auga, treme coma un xunco!*

355. **varrer prá casa** l.v. Actuar en beneficio propio ou inclinarse por alguén / algo próximo. *¡O árbitro varre prá casa! Pitou un penalti inexistente cando faltaban só dous minutos pra remata-lo xogo.*
356. **ve-lo lobo** l.v. Chegar co pelo alporizado. *¡Parece que viche-lo lobo! Trae-lo pelo de punta.*
357. **ver unha meiga [alguén]** l.v. Saíren as cousas mal. Na fala local o perfecto de ver é veu. *¡Veuno unha meiga! Non sae dunha e xa se mete noutra. Ten mala sorte.*
358. **vérenselle as trazas / pintas a [alguén]** l.v. Intuír como é unha persoa a) *¡Ó can vénselle as trazas de que vai ser bon prás perlices!* b) *¡A teu amigo vénselle as pintas de bon atleta!*
359. **verlle as orellas ó lobo** l.v. Collerlle medo a unha persoa atrevida. a) *¡Chegou moi cheo de razón pero, ó verse diante de tanta xente, vuelle as orellas ó lobo!* b) *¡Vironlle as orellas ó lobo! Saíron fuxindo cando comezaron a tirarlles pedras.*
360. **vir feito un pito / poñerse coma un pito** l.v. 1. Vir moi mollado. *¡Vén feito un pito! Debeuno pilla-lo chaparrón que caeu hai uns minutos.* 2. Co verbo poñerse significa mollarse. *¡Caeu no río e púxose coma un pito!*
361. **vírenlle ás mans a [alguén]** l.v. Coller bon xogo nas cartas. *¡Esta partida gañeina, non por saber xogar, senón porque me viñeron ás mans!*
362. **vivir coma reis / un rei** l.v. Vivir ben, con medios económicos moi superiores á media. *¡Os meus cas viven coma reis! Só comen e *durmen.*
363. **xuntarse a fame coa gana de comer** l.v. Ir de mal en peor. *Se un é malo o outro é peor. ¡Xúntase a fame coa gana de comer! Vaia dous!*
364. **xuntarse o fol e as amarrallas** l.v. Emparellar dúas persoas ou cousas moi similares. *¡Nesta ocasión xuntáronse o fol e as amarrallas, e o asunto solucionouse nun tris! Os dous eran moi bos profesionais.*
365. **xuntarse un roto cun descosido** l.v. Emparellar unha persoa mala con outra similar. *Comezaron a tocar e daba xenio velos. ¡Xuntouse un roto cun descosido! Non se sabía cal era o mellor.*

2.5. Locucións adverbiais

366. **a cada dous por tres** l.adv. A miúdo, a cada momento. *E a cada dous por tres escoitaba o son avisador da entrada dun whatsapp.*
367. **a caldeiros** l.adv. En gran cantidade. *¡Chove a caldeiros, a auga xa vai chegando ás portas!*
368. **a carón de [alguén / algo]** l.adv. Ó pé de alguén. *E, cando morreu con noventa anos, vimos alí a quen estivera sempre a carón del desque quedara viúvo.*
369. **a chuzos** l.adv. En gran cantidade. *¡Veño pingando, chove a chuzos!*
370. **a embute** l.adv. Moito, en abundancia, abundantemente. *¡Humorismo barato haino a embute!*
371. **a esgalla** l.adv. En abundancia, abundantemente. *Hai exemplos a esgalla do que che estou a dicir.*
372. **a fartar** l.adv. Moito, en abundancia. *¡Comeu a fartar o día da voda da súa irmá!*
373. **a / ata máis non poder** l.adv. 1. En gran cantidade. *Mirei pola fiestra*

- e chove a máis non poder, así non podemos saír da casa.* 2. Coa máxima intensidade. *Intentouno ata máis non poder pero non gañou a competición.*
374. **a mares** l.adv. En gran cantidade. *Non saías sen paraugas e botas, chove a mares.*
375. **a pé quedo / firme** l.adv. Sen moverse, sen afastarse do sitio que se ocupa. a) *Está a pé quedo agardando o inquilino pra cobrarlle o aluguer.* b) *André está a pé firme no traballo e non o deixa ata que o remate.*
376. **a uns, coma os do Paraño!** l.adv. Empatados nun xogo. - *Como quedastes?* - ¡A uns, coma os do Paraño!
377. **a velas vir** l.adv. Sen cartos; sen recursos necesarios. a) *¡Cando chega o vinte de cada mes está a velas vir!* b) *¡Quedou a velas vir cando soupo que non ían vi-los curmáns!*
378. **ás cegas** l.adv. Sen coñecemento seguro. *¡Iso fágoo eu ás cegas! Non ten dificultade ningunha.*
379. **ás galloupas** l.adv. Sen coidado, coma un toleirán; algo así coma o galope descontrolado dun cabalo. Sen parar e sen rumbo. Nesta zona non se usa a palabra *galloupa* máis ca dentro desta locucion, aínda que *Rivas Quintas* a detecte na distante *Terra de Caldelas* co valor de “*Rama que estorba, secundaria.*” (RIVAS s.v. *galloupa*). Pero nas Terras próximas ás Pontes a palabra máis parecida é *gallope* que denomina o galope do cabalo e que tamén se usa na loc. *ferver a gallope* (“a borbotones”) (OTERO 1977 s.v. *gallope*) aínda que en zonas próximas tamén significa “Gachas muy sueltas, a las que se les echa pan” (OTERO 1953 s.v. *gallope*). *Andaba ás galloupas pola clase e tirou os libros.*
380. **cando as galiñas boten pelo** l.adv. Nunca. *Quere mercar un piso e case non ten ingresos. ¡Vai rematar de paga-la hipoteca cando as galiñas boten pelo!*
381. **cando as galiñas mexen** l.adv. Nunca. É demasiado utópico. Cumprirá o seu obxectivo cando as galiñas mexen.
382. **coa boca pequena** l.adv. [Emprégase con verbos de lingua como *comentar, suxerir ou dicir*]. 1. Non abertamente, de maneira insincera. *¡Como non coñecía a todo o mundo, dixoo coa boca pequena!* 2. En voz baixa, pra si. *Sempre lle mandan repeti-las cousas. Fala coa boca pequena.*
383. **coa cabeza gacha** l.adv. Maltreito, decaído, triste ou avergoñado. *Ó sabelo marchou coa cabeza gacha. ¡Non podía afronta-las consecuencias!*
384. **coa lingua (de) fóra** l.adv. Esgotado, canso. [Emprégase con verbos como *chegar, vir ou volver*.] a) *¡Chegou coa lingua (de) fóra cando veu do monte!* b) *¡Saíu tras del e cando voltou viña coa lingua de fóra pero logrou darlle o recado.*
385. **coma a muller con cría: carreira pra baixo e carreira pra arriba** l.adv. Moi ocupado e sen poder parar. *Non para en todo o día e anda coma a muller con cría: carreira pra baixo e carreira pra arriba. ¡Vaille dar un infarto!*
386. **coma ir de caza sen can** l.adv. Incompleto, sen o esencial. *¡Ir á sega sen a fouciña é coma ir de caza sen can!*
387. **coma a galiña cos ovos** l.adv. Con moito tino. *Cando falas con el andas*

- coma a galiña cos ovos porque lle tes medo.*
388. **coma o can e o gato** l.adv. Mal, con enfrontamentos ou pelexas. [Úsase con verbos como *andar, estar, levarse...*] *¡Antonio e Luísa lévanse coma o can e o gato! Discuten todo o día.*
389. **coma o demo** l.adv. Mal, con enfrontamentos ou pelexas. a) *Ese matrimonio está sempre discutindo ¡Andan coma o demo!* b) *¡Os dous mecánicos lévanse coma o demo! Así, o taller nunca irá pra arriba.*
390. **coma quen non quere a cousa** l.adv. Disimuladamente. *¡Díxollo coma quen non quere a cousa e non lle sentou moi mal!*
391. **coma se a botasen a caldeiros** l.adv. En gran cantidade. *¡Chove coma se a botasen a caldeiros, vai inundarse todo! e)*
392. **coma tres nun zapato** l.adv. Mal, en situación incómoda. *¡Estou coma tres nun zapato con esta dor de moas!*
393. **coma un cuco / pepe** l.adv. Farto despois de comer moito. a) *Non quero máis, vou coma un cuco.* b) *¡Vou coma un Pepe! Non me cabe un aruxo máis.*
394. **coma un tolo** l.adv. Moi rápido. *¡Vai coma un tolo pola estrada, calquera día temos un accidente gordo no cruce!*
395. **como ir á guerra sen fusil** l.adv. Carecendo do esencial. *¡Ir pescar sen cana é coma ir á guerra sen fusil!*
396. **con todo e iso** l.adv. A pesar de todo, aínda así. *¡Con todo e iso non fixo o que lle prometera!*
397. **contra a espada e a parede** l.adv. Nunha situación complicada. *Non sabe se ir co pai ou coa nai. ¡Está contra a espada e a parede!*
398. **cos cinco sentidos** l.adv. Con prudencia. *Temos que andar cos cinco sentidos pra que André non se decate da enfermidade do avó.*
399. **cos ollos pechados** l.adv. Doadamente. *¡Iso fágoo eu cos ollos pechados! Non ten dificultade ningunha.*
400. **dálle que dálle** l.adv. Insistentemente, teimando nun asunto. *¡Xoán anda dálle que dálle no motor e non o dá arranzado!*
401. **de boca pra fóra** l.adv. Hipocritamente, sen sinceridade. *¡Non din o que sinten de verdade sobre a voda de Lois. Falan de boca pra fóra!*
402. **de cara** l.adv. De maneira favorable. [Emprégase cos verbos *vir, presentarse, poñerse...*] a) *¡As cousas viñéronme de cara e o negocio en Cuba foi pra diante enseguida!* b) *¡Puxéronseme de cara as cousas e metínme a merca-lo negocio do Manuel! Adoita empregarse na forma virlle a [alguén] a sorte de cara. ¡A sorte vénlle de cara! Está saíndo moi ben do bache e agora o negocio vai vento en popa.*
403. **dende que o mundo é mundo** l.adv. Dende sempre, dende os tempos máis remotos. *¡O xeito de poñe-las patacas sempre foi así dende que o mundo é mundo!*
404. **entre dentes** l.adv. En voz moi baixa, sen articular moi ben as palabras. [Úsase con verbos como *comentar, dicir, falar, responder...*]. *¡Non se lle entende moi ben o que di. Fala entre dentes! Non ten moitas forzas.*
405. **fóra a ialma** l.adv. Inciso para compara-los animais coas persoas. *¡O meu can, fóra a ialma, é coma as*

- persoas! Sabe cando estou triste ou ledó.*
406. **na arte do demo** l.adv. Rapidamente. *¡Fíxoo na arte do demo! Cando nos decatamos xa rematara a talla.*
407. **nin chisco** l.adv. Nada. *Non probei nin chisco do xamón.*
408. **nin moito aló, nin moito acá** l.adv. Manterse nunha posición intermedia. *Politicamente el está nin moito aló, nin moito acá. ¡Non toma partido!*
409. **nun tris-tras** l.adv. Nun momento. *¡Nun tris-tras puxo a funciona-lo aparello mecánico!*
410. **o habido e por haber** l.adv. Moita cantidade. *¡Na feira pasou o habido e por haber cando se atoparon os dous rivais!*
411. **ó rabo de [alguén]** l.adv. Detrás, seguindo a alguén. [Emprégase con verbos como *ir* ou *andar*]. *¡Xa está ben, deixa de andar ó meu rabo e fai algo!*
412. **onde *Dios deu as tres voces** l.adv. Nun lugar moi afastado. *Aquel lugar onde comecei a traballar era onde *Dios deu as tres voces. ¡Era moi remoto!*
413. **onde Xesucristo perdeu a sandalia** l.adv. Nun lugar moi afastado. *¡Atopeino onde Xesucristo perdeu a sandalia! No fin do mundo, nin casas había.*
414. **pola conta que lle ten** l.adv. Pola súa propia conveniencia ou interese. *¡Xa nos pagará pola conta que lle ten! Se non, non lle fío máis.*
415. **polo si ou polo non** l.adv. Como medida de precaución, polo que poida ocorrer. *¡Polo si ou polo non terá que vir connosco á misa! Do contrario non irá de excursión.*
416. **por milleiros** l.adv. En moita cantidade. a) *¡Este ano hai moita sardiña, cóntanas por milleiros!*
b) *Recibeu moitas cartas das súas admiradoras, cóntanas por milleiros.*
417. **tarde, mal e arrastro / tarde e mal** l.adv. A deshora e sen cumprilas expectativas. a) *¡Estivemos agardándote e chegaches sen o encargo, tarde, mal e arrastro!*
b) *¡Chegas tarde e mal, xa que non trae-lo que che pedín!*

3. Fórmulas

418. **¡A auga cría ras!** Contestación que se dá cando a un lle ofrecen para beber auga no canto de viño. *-¿Queres un vasiño de auga? -¿Non tes viño? ¡A auga cría ra!*
419. **¡Á terceira vai a vencida!** Dise cando se fai unha cousa por terceira vez, agardando que desta saia ben. *Xa van dúas veces que erras, mais non te amoles, já terceira vai a vencida!*
420. **Aínda está o capador enriba da porca!** Emprégase cando se está aínda a tempo de facer algo e aínda é o momento oportuno. *Vin que estaba na forxa e pedínlle que me amañara o raño. ¡Aínda está o capador enriba da porca!*
421. **¡Abofé que sí!** Dise para afirmar enfaticamente. *¿Estás seguro do que dis? ¡Abofé que sí!*
422. **¡Acábate, pobre, e vende a camisa!** Dise cando un está nunha mala situación e vénlle outra tamén mala. *Perdín a carteira, rachei a chaqueta e, agora, non atopo a chave da casa. ¡Acábate, pobre, e vende a camisa!*
423. **¡Agora xa foi... Marica non chores!** Dise cando unha cousa xa non ten remedio, xa non hai que facerlle. *Xan marchou e non o convidei prá festa*

- de mañá. ¡Agora xa foi... Marica non chores!*
424. **¡Aí non é nada!** Dise cando se quere dar a entender que é moito ó que se refire ou que é un feito moi importante. *Nomeárono presidente do equipo. ¡Aí non é nada!*
425. **¡Ai, o demo!** Dise cando alguén esqueceu algo e de súpeto o lembra. *¡Ai, o demo! Deixei a tixola no lume.*
426. **¡Aínda podía coa metade menos!** Dise como resposta cando un leva un peso e lle preguntan se pode con el. – *¿Podes co saco das castañas?*
– *¡Aínda podía coa metade menos!*
427. **¡Alá vai todo!** Dise cando se remata ou se perde algo, cando se lle cae algo a un ó chan, cando se derruba algo que se está a construír... – *¡Alá vai todo!* – *Berrou cando veu que caía o palheiro.*
428. **Amiguiños, si, pero a vaca polo que vale.** Dise cando a un lle mercan algo e o que paga é amigo ou coñecido e non lle queremos facer desconto. *Coñecémonos de toda a vida e... ¡amiguiños, si, pero a vaca polo que vale! A finca non vou a vendercha regalada*
429. **¡Anda Pedro Chosco por aí! // ¡Anda por aí Pedro Chosco!** Dise cando a alguén lle entra o sono ou comeza a toquar. Véxase tamén o número 539. *Ó neniño péchanselle os ollos. ¡Anda Pedro Chosco por aí!*
430. **¡Andan os ladrós tras dos que rouban!** Dise cando un se atopa nunha situación na que tódalas persoas implicadas teñen o mesmo defecto que critican das outras persoas. *Sempre fala quen non paga a contribución: andan os ladrós tras dos que rouban.*
431. **¡Apareceu o paraugas!** Dise cando chega alguén polo que se leva tempo agardando. *¡Apareceu o paraugas! Xa era hora de que chegaras. ¿Onde te metiches?*
432. **¡Arre carallo!** Dise en situación de incredulidade ou asombro. *¡Arre carallo! Coma se nunca o viras facer iso.*
433. **¡Arre demo!** Dise en situación de incredulidade ou asombro. *¡Arre demo! Nunca o vira vestido así.*
434. **¡Arriba, pernas; arriba, zancas, que neste mundo non hai máis ca trampas!** Dise ó erguerse ou ó irse dunha conversa onde non convencen a un. *Vou marchar porque non deixas de me marear. ¡Arriba, pernas; arriba, zancas, que neste mundo non hai máis ca trampas!*
435. **¡Así *Dios me salve!** Dise como aseveración ou afirmación de que o que se vai dicir ou contar a continuación é certo. *¡Así *Dios me salve que o vin saltar pola ventá do cuarto da rapaza!*
436. **¡Ata a feira!** Dise a xeito de despedida máis longa. Nas Pontes as feiras eran cada quince días. *¡Ata a feira! Non virei ata entón.*
437. **¡Ata despois! // ¡Ata dentro dun pouquiño!** Dinse a xeito de despedida curta. *¡Ata despois! Hei vir toma-lo café con vós.*
438. **¡Ata logo! // ¡Ata loguiño!** Dinse a xeito de despedida tamén curta. *¡Ata logo Manuel! Vémonos na malla de Pepe.*
439. **¡Ata máis tarde! // ¡Ata máis vellos! // ¡Ata outra! // ¡Ata outra fornada! // ¡Ata sempre!** Dinse a xeito de despedida máis ou menos longa. *¡Ata máis tarde! Vémonos á noite.*

440. **¡Ben, señores, as mantas non son cobertores!** Dise cando algo non é o que aparenta ser, ou do que nos intentan convencer. *¡Ben, señores, as mantas non son cobertores! E o que me está a dicir non vai no meu carro.*
441. **¡Borea, borea!** Diselle a outra persoa cando está a facer algo sen saber ben como vai rematar. *¡Ti borea, borea que o resultado vaise ver despois!*
442. **-Carne de burro non é transparente. -¡Porque os teus ollos de porco non son potentes!** Diselle a un que se pon diante de nós e non nos deixa ver algo que queremos ver, ou estamos a ver. O interlocutor deféndese respondendo: *-¡Porque os teus ollos de porco non son potentes!, dicindo que o problema está en quen acaba de falar. - Sácate de diante que non me deixas ve-lo partido e ¡carne de burro non é transparente! - ¡Porque os teus ollos de porco non son potentes!*
443. **¡Chámalle burro ó cabalo!** Dise cando unha persoa que na aparencia non parece moi espelida, logo resulta todo o contrario. *-¡Resultou máis listo do que parecía! -¡Sí, chámalle burro ó cabalo!*
444. **¡Dálle por alí e... válelle!** Dise dunha persoa que pillá unha teima ou manía e ten que se-lo que diga. *Non deixa de asubiar mentras traballa. ¡Dalle por alí e... válelle!*
445. **¡Deixa a ver como baila Mari Pepa!** Dise cando non se sabe moi ben o que vai pasar ou como vai rematar unha cousa. *Non sei se o plan lle sairá ben, tal e como están as cousas. ¡Deixa a ver como baila Mari Pepa!*
446. **¡Deixa algo pra mañá!** l.v. Emprégase para indicarlle a unha persoa que interrompa unha acción que leve facendo tempo, como por exemplo comer ou traballar. *É moi tarde e tes que descansar. ¡Deixa algo pra mañá!*
447. **¡Déixate vir!** Dise a xeito de ameaza cando un fixo algo malo e logo foxe. *¡Déixate vir, que o cristal roto vas pagarmo traballando na tenda!*
448. **¡*Dios che dea moita saúde!** Desexo de agradecemento cara a alguén por un favor que nos fixo. *Canto che agradezo o traballo que me fixeches. ¡*Dios che dea moita saúde!*
449. **¡*Dios cho pague!** Diselle a unha persoa en agradecemento despois de que nos fixese un traballo ou un favor. *Agradézoche moito que me axudaras a subi-las cousas. ¡*Dios cho pague!*
450. **¡*Dios dea pan!** Desexo expresado cando hai para xantar. *¡*Dios dea pan! Imos xantar.*
451. **¡*Dios dea saúde!** Desexo expresado cara ó futuro. *¡*Dios dea saúde pra volvernos a ver pró ano que vén!*
452. **¡*Dios nos colla confesados! // ¡*Dios nos pille confesados!** Dinse cando un pensa nas consecuencias malas dun feito. *Cando teu pai sepa o que fixemos... ¡*Dios nos colla confesados!*
453. **¡*Dios o axude!** Dise dunha persoa cando vai escomezar un traballo, unha viaxe ou algo importante. *Vaise pra África de médico. ¡*Dios o axude!*
454. **¡*Dios o descanse!** Dise de alguén que morreu. *Morreu o tío Xesús de Vila. ¡*Dios o descanse!*
455. **¡*Dios o teña na gloria!** Dise de alguén que finou. *Dicía meu pai, ¡*Dios o teña na gloria!, que o traballo hai que facelo ben, senón é mellor non facelo.*

456. **¡Dispensando, que estamos comendo!** Dise cando se vai falar algo non moi limpo ou apropiado á hora do xantar. *Pois falando daquela cociña, ¡dispensando que estamos comendo!, moita merda había por todas partes.*
457. **¡Dito e feito!** Dise para indicar que unha cousa hai que facela e rematala rapidamente. *As cousas fanse ¡dito e feito! Non hai que darlle tantas voltas.*
458. **¡Éche o que hai!** Dise para indicar que iso é todo, que se ten que conformar. *Pois se non me queres como son, ¡éche o que hai! A porta está aí.*
459. **¡Enriba de mel, filloas!** Dise para indicar que estando nunha situación mala aínda nos vemos noutra peor. *Mórreme o porco e, agora, o can. ¡Enriba de mel, filloas!*
460. **¡Érache boa! // ¡Esa é boa! // ¡Érache boa, Vilaboa! // ¡Vaiche boa, Vilaboa!** Dinse cando non nos convencen de algo porque sabemos que non é así. Véxase tamén o número 534. *¡Érache boa que fora eu con el ó baile!*
461. **¡Estache boa a navalla!** Dise cando un se lamenta dunha situación en que se atopa. *Estou sen un can e agora vénme o recibo da luz. ¡Estache boa a navalla!*
462. **¡Estén calado!** Dise para mandar calar a alguén ou para introducir unha corrección ó que dixo. A forma *estén* é variante local do imperativo *está*. *¡Estén calado! Non teño ganas de contos mentres traballo.*
463. **¡Fóra a ialma, é coma as persoas!** Dise dos animais, cando se fala dalgunha característica ou feito deles similar ás persoas. *Teño un can que fóra a iama, é coma as persoas: só lle falta falar.*
464. **¡Galiñas serán, pro chéiranme a can!** Dise cando un desconfía de algo, dunha situación... *Non me fío moito deste trato, ¡galiñas serán, pro chéiranme a can! O máis seguro é que nos *timen.*
465. **¡Has de levar un couce no cu!** Dise cando se ameaza a unha persoa. *¡Como non deixes de amolarme, has de levar un couce no cu!*
466. **¡Hasmas pagar!** Díselo a unha persoa, que nos fixo algo malo, a xeito de ameaza. *Deixácheme quedar coma un parvo diante das rapazas. ¡Hasmas pagar!*
467. **¡Haxa saúde!** Desexo expresado logo de non toca-la lotería ou un premio dun sorteo. *O gordo de Nadal non tocou, mais ¡haxa saúde!*
468. **¡Heiche de afeitar sen navalla!** Dise a xeito de ameaza a unha persoa que nos fixo algo malo. *Estragácheme toda a leira. ¡Como te pille, heiche de afeitar sen navalla!*
469. **¡Heillo de crer coma o de Viveiro cando ardeu!** Dise para indicar que unha persoa non cre o que di outra. *O que nos contou Anxo, ¡heillo de crer coma o de Viveiro cando ardeu!*
470. **¡Hoxe naceu un corvo branco no Caxado!** Dise cando aconteceu algo fóra do normal ou cando alguén fixo algo fóra do común. *Convidounos o agarrado de teu irmán a xantar. ¡Hoxe naceu un corvo branco no Caxado!*
471. **¡Hoxe non e mañá tampouco!** Dise cando un non ten esperanza de que se lle conceda ou lle fagan algo. - *Teus pais mercáronche o coche? - ¡Hoxe non e mañá tampouco!*

472. **¡Logo lle vale!** Dise para indicar que xa está ben de amolar. *Non deixa de amolarme polo erro que cometín. ¡Logo lle vale!*
473. **¡Mal raio te mate!** Dise a xeito de maldición ou, ás veces, de broma. *Mira que facerlle as beiras á filla do boticario co fea que é. ¡Mal raio te mate!*
474. **¡Mala chispa te mate! // ¡Mala chispa te fenda! // ¡Mala chispa te coma!** Dínselle a unha persoa a xeito de maldición por algo que fixo e que nos afecta, ou tamén, nalgúnhas ocasións, pódense dicir a xeito de maldición-broma cando un fai algunha trasnada se moitas consecuencias. *Tiráchelle os dous tiros á perdiz e non lle diches. ¡Mala chispa te mate!*
475. **¡Mala *polilla te pique!** Dise a xeito de maldición, nalgúnhas ocasións a xeito de broma, sen desexarlle mal realmente. *¡Mala *polilla te pique! Tela diante e non a pillaches.*
476. **¡Manda carallo! // ¡Manda moito carallo!** Dinse a modo de exclamación pola sorpresa ou incredulidade ante un acontecemento. *¡Manda carallo co rapaz! Aínda non levanta o cu do chan e xa lle gustan as mozas.*
477. **¡Manda castaña! // ¡Manda moita castaña!** Dinse cando se amosa admiración por algo ou alguén. *¡Manda castaña co traballo que fixo o canteiro!*
478. **¡Manda chover! // ¡Manda moito chover! // ¡Manda chover na Habana!** Dinse a xeito de admiración ou sorpresa. *¡Manda chover na Habana co rapaz! Nunha hora rematou o traballo.*
479. **¡Manda nabo!** Dise cando se quere expresar admiración, é o mesmo que
- ¡Hai que ver! ou ¡Mira ti! *¿Viches como fixo pra para-lo balón? ¡Manda nabo!*
480. **¡Manda truco!** Para expresar admiración ou sorpresa. *¡Manda truco! Quíxonos cobrar máis do que vale.*
481. **¡Meu can pillou unha mosca!** Dise cando un fai algo case imposible e por casualidade. *¡Meu can pillou unha mosca! Atinei cos catorce resultados da quiniela*
482. **¡Meu dito, meu feito!** Dise cando se fai unha cousa axiña, case ó mesmo tempo que pensala ou cavilala. *Ocurréuseme no momento e soluciónelle o problema. ¡Meu dito, meu feito!*
483. **¡Moita saúde pra *disfrutala/o!** Diselle a unha persoa que estrea algo novo: unha casa, un coche.... *Vaia casa máis fermosa que tedes. ¡Moita saúde pra *disfrutala!*
484. **¡Moito borear e despois nada!** Dise cando todo o que se promete ou se afirma que se vai facer queda en nada. *Manuel leva anos falando de merca-la leira e logo non a merca. ¡Moito borear e despois nada!*
485. **¡Moito ruído e poucas nocés!** Dise cando unha persoa fala moito e non fai nada. *Leva tempo dicindo que vai arranxa-lo problema que ten co seu curmán, mais aínda non se falan. ¡Moito ruído e poucas nocés!*
486. **¡Morra a marta e morra farta!** Dise para indicar que é preferible morrer cheo ou dunha enchente que morrer de fame. — *Papá, non comas iso que ten moito azucre. — ¡Morra a marta e morra farta!*
487. **¡Morra o conto!** Dise para rematar unha discusión ou un asunto. *Deixemos as desavenencias e ¡morra o conto!*

488. **¡Nenos, a mexar e á cama!** Díselles ós nenos ou ós maiores cando están a amolar moito. *Levades unha hora amolándome. ¡Nenos, a mexar e á cama!*
489. **¡Neste mundo hai que probar de todo!** Dise cando se fai algo por primeira vez. *É a primeira vez que como este peixe. ¡Neste mundo hai que probar de todo!*
490. **¡Nin arre, nin xo!** Dise dunha persoa que non se aclara nun asunto. *Levas unha hora pra decidirte e ¡nin arre, nin xo!*
491. **¡Non quero deber a probes!** Dise cando se paga unha débeda, que non deixan de reclamar, manifestando unha certa repulsa ó acredor. *¡Aí te-los teus cartos! ¡Non quero deber a probes! Díxenche que che pagaría, non tiñas que lembrarmo.*
492. **Non se consola o que non quere.** Dise cando unha persoa, despois dun suceso negativo, busca unha explicación para xustificalo. *Como non puido casar coa filla, casou coa nai. ¡Non se consola o que non quere!*
493. **¡Non se fale máis! // ¡Non hai que falar máis do asunto / conto!** Dinse cando se remata ou dá por concluído un asunto ou tema da conversa. *¡Non se fale máis! Mércoche a finca polo que me pides.*
494. **¡Non vaia a se-lo demo!** Dise cando hai a posibilidade de que pase ou suceda algo malo. *Temos que levar todo previsto. ¡Non vaia a se-lo demo!*
495. **O demo llo foi dicir. // O demo llas presenta.** Dinse cando un fai algunha trasnada ou falcatrada. *O rapaz rompeuche a figura cando buscaba os cartos. ¡O demo llo foi dicir!*
496. **¡O demo te afunda!** Dise a xeito de maldición, nalgúns ocasións tamén se pode dicir a xeito de maldición-broma cando un fai algunha trasnada sen moitas consecuencias. *¡O demo te afunda! Mira que tirarme o caldeiro da auga polos pés.*
497. **¡O peor son eu!** Dise como resposta cando a un lle preguntan como está el e a súa familia. - *¿Como está a familia? - ¡O peor son eu! E xa me ves.*
498. **¡O que teña que dicir, que o diga!** Dise para indicarlle a alguén que pode falar sen problemas. *Non lle vou impedir que fale. ¡O que teña que dicir, que o diga! Que non teña reparos.*
499. **¡O que teña que pasar, xa pasará!** Dinse para indicar que o destino está aí e non o podemos trocar por outro. *Non me preocupan moito as consecuencias do que fixen. ¡O que teña que pasar, xa pasará!*
500. **¡Outra vaca (máis) no maízo!** Cando xa hai un despistado e vén outro máis nas mesmas condicións. *É o cuarto que erra de estrada e vén preguntando por onde se vai. ¡Outra vaca máis no maízo!*
501. **¡Paciencia ratos, que ardeu o muíño!** Dise a situación é irremediable e non hai máis alternativa que armarse de paciencia. *Este problema non ten solución. Como dicía miña nai: ¡Paciencia ratos, que ardeu o muíño!*
502. **Pan pra hoxe e fame pra mañá.** Dise cando se logra algo que soluciona o problema momentaneamente, pero que logo aínda o agrandarán máis. *O acordo ó que chegou o sindicato coa empresa é pan pra hoxe e fame pra mañá.*

503. **¡Para o carro!** Dinse cando un escomeza a pedir cousas, a contar algo... e hai que paralo. *¡Para o carro, rapaz! Vas moi rápido con ese pedido de cousas que fas.*
504. **¡Perdón polo gato ladrón!** Dise cando se lle pide perdón a outra persoa pero sen intención de pedilo. – *Pídeme perdón polo que fixeches. - ¡Perdón polo gato ladrón!*
505. **Por unha presa de fariña non han queda-las papas moles.** Dise cando por un pouquiño que falta non se deixa a cousa sen rematar, ou cando faltan uns poucos cartos para mercar algo pero non se deixa de mercar aínda que haxa que pedilos. *Non te preocupes se che falta algún carto pra paga-la casa. ¡Por unha presa de fariña non han queda-las papas moles!*
506. **¡Predica, meu frade, que por un oído me entra e polo outro me sae!** Dise cando a todo o que nos din ou nos aconsellan non lle facemos caso. *Sabes o que che digo: ¡Predica, meu frade, que por un oído me entra e polo outro me sae! Eu vou seguir facendo como ata agora.*
507. **¡Pregúntalle a Mateu que minte coma eu!** Diselle a unha persoa que ó ver que non a cremos, mándanos preguntarlle a alguén que tampouco é de fiar. *Se non me cres o que che digo, ¡pregúntalle a Mateu que minte coma eu!*
508. **¡Que barbaridá! ¡Que barbaridá! ¡A vaca pequena, o leite que dá!** Expresión escoitada a un feirante para chama-la atención da xente. *¡Que barbaridá! ¡Que barbaridá! ¡A vaca pequena, o leite que dá! ¡Merquen señoras! ¡Prendas bonitas e baratas!*
509. **¡Que nos agarde aló moitos anos!** Dise canso se está a falar dunha persoa que morreu hai pouco, ou que está defunta de corpo presente. – *Morreu o Sr. Pancho do Cachopal - Que nos agarde aló moitos anos!.*
510. **¡Que sexan as perdas do ano! // ¡Que sexan tódalas perdas do ano!** Dinse cando nos pasa algo malo e conformámonos con que iso sexa o peor que nos poida acontecer. *Leváronseme os nabos, pero ¡que sexan as perdas do ano!*
511. **¡Que te confunda o demo! // ¡Se o confundiran os demos! // ¡Se o levara o demo! // ¡Que o leve o demo!** Dinse a xeito de maldición. *¡Que te confunda o demo! Sempre estás amolando coas túas bromas.*
512. **¡Quen me / che / nos dera!** Expresan desexo. *¡Quen me dera estar no seu sitio! Traballa de funcionario no concello.*
513. **¡Quen te chora, meu amigo!** Diselle a unha persoa cando está a queixarse sen motivo ou sen necesidade. *¿E queixaste ti, que tes traballo? ¡Quen te chora, meu amigo!*
514. **¡Se de cativo o vendesen na feira, fóralles mellor!** Dise dun mozo que lle fai unha falcatuada ou lle dá un desgusto ós pais. *Vai perda lles meteu o seu fillo. ¡Se de cativo o vendesen na feira, fóralles mellor!*
515. **¡Se o porco / cocho bravo o comese de cativo, fóralles mellor! / ¡Se os porcos os comeran de cativos fóralles mellor!** Dise dun mozo que lle fai unha falcatuada ou lle dá un desgusto ós pais, tamén cando os pais non o coidan. *Vai disgusto ten a nai co fillo. ¡Se o porco o comese de cativo, fóralle mellor!*

516. **¡Se quere facer amigos que os faga a conta del non da miña!** Dise cando alguén quere facerlle un favor a outro empeñando cousas que non lle pertencen ou utilizando a un, é dicir, el fai o favor e non gasta nada. *Quería quedar ben á miña conta e que pagase eu. ¡Se quere facer amigos que os faga a conta del non da miña!*
517. **Se non é boi é vaca, e senón... unha estaca.** Dise cando un se bota a adiviñar e dá varias solucións, unha tras outra, para atina-la resposta. *Primeiro dis que é alta, logo que baixa e, agora, mediana. ¡Se non é boi é vaca, e senón... unha estaca!*
518. **¡Tanto dá / ten Xan coma Pericán!** Emprégase para referirse a dúas persoas ou a dúas cousas moi similares. a) *Neste caso tanto me dá / ten Xan coma Pericán. ¡Non teño moito onde escoller!* b) *¡Tanto ten Xan coma Pericán, se un é malo o outro é peor!*
519. **¡Tarde piaches / piou!** Dinse cando xa lle pasou a ocasión a un. *A rapaza xa marchou e ti non lle falaches. ¡Tarde piaches!*
520. **¡Ti anda tocando ben o zoco, verémo-lo que vai pasar!** Dise a xeito de ameaza. *Deixa de amolar a Pedro coas túas bromas. ¡Ti anda tocando ben o zoco, verémo-lo que vai pasar!*
521. **¡Ti argalla ben, ho!** Dise a xeito de ameaza a unha persoa para que logo apande coas consecuencias. *¡Ti argalla ben, ho! Logo atente as consecuencias cando te pillen facendo mal.*
522. **¡Ti de min non te ris!** Dise a xeito de ameaza cando se están rindo dun. *¡Ti de min non te ris! Xa falaremos cando non haxa ningún máis.*
523. **¡Tíralle do aire!** Dise cando algo xa non ten solución. *O ladrón cruzou a fronteira e agora...¡tíralle do aire! Non hai tratado de extradición.*
524. **¡Torce dreito!** Diselle a unha persoa cando está a facer algo no que ten que ir dereito e estase a torcer. *¡Torce dreito e non te saías da raía!*
525. **¡Un pé aquí e outro acolá!** Dise para meter presión a unha persoa. *Vas mercar á tenda, pero ¡un pé aquí e outro acolá!, que hai que ir coas vacas.*
526. **Unha que me debes e outra que me aforras, son dúas.** Dise cando alguén lle ofrece algo e este di que non o quere. *Como non queres vir xantar con nós, ¡unha que me debes e outra que me aforras son dúas!*
527. **¡Vai / vas lamber un lapote!** Dise a xeito de ameaza. *Como non deixes de insultarme, ¡vas lamber un lapote!*
528. **¡Vai mirar se chove!** Diselle, cando hai unha conversa, a unha persoa que non queremos que escoite o que imos dicir ou que queremos que se vaia de xunta nosa. Tamén se lle di a unha persoa que nos está a amolar. *O outro día cando estaba coa rapaza... ¡Neno, vai mirar se chove! Que estas non son conversas prós pequenos.*
529. **¡Vai muxi-las galiñas!** Diselle a unha persoa cando desexamos que se vaia de xunta de nós. *Estou farto de ti. ¡Vai muxi-las galiñas!*
530. **¡Vai polas ánimas dos teus / vosos defuntos!** Dise a xeito de agradecemento a unha persoa que nos fixo un favor ou nos deu algo. *Agradézoche moito o que fixeches por min. ¡Vai polas ánimas dos teus defuntos!*
531. **¡Vai polas ánimas!** Dise para xustificar unha situación pouco

favorable ou unha desgraza, é dicir, de consolo. *¡Vai polas ánimas! Sinto moito que perdérade-la colleita.*

532. **¡Vai rañala!** Diselle a un que está a amolarnos e queremos que nos deixe en paz. *¡Vai rañala por aí adiante! Vai a amolar a outro.*

533. **¡Vai toca-lo violo a outro!** Diselle a unha persoa cando desexamos que se vaia de xunta de nós, que deixe de molestar. *¡Vai toca-lo violo a outro e déixame en paz!*

534. **¡Vai ver de onde vén o vento!** Diselle a unha persoa cando desexamos que se marche de cabo nosa. *Estou farto das túas lérias. ¡Vai ver de onde vén o vento!*

535. **¡Vaia o demo con todo!** Dise cando a un lle levan algo que desexaba ter, pero que non ten solución nin remedio a perda. *Perdín todo o que gañei na partida. ¡Vaia o demo con todo!*

536. **¡Vaiche boa!** Dise para indicar que unha cousa ou suceso xa pasou hai moito tempo, ou que alguén xa saíu dun lugar hai tempo. a) – *¿Martín hai moito que marchou?* – *¡Vaiche boa!* b) *¡Vaiche boa que pasou o tren!*

537. **¡Vaiche boa, Vilaboa!** Dise para indicar que xa non hai solución. Véxase tamén o número 457. *¿Querías falar con el? ¡Vaiche boa, Vilaboa! Xa hai cinco anos que emigrou.*

538. **¡Xa choveu!** Dise para sinalar que xa pasou tempo de abondo do caso do que se está a falar. *¡Xa choveu dende que nos casamos!*

539. **¡Xa era hora!** Dise para indicarlle a alguén que chega tarde, que levamos tempo agardando por el, a que viñera ou a que rematara un traballo. *¡Xa*

era hora de que chegase o xornal! Quero ler o que pon do accidente.

540. **¡Xa está ben!** Dise para indicar que xa abonda, que xa se chegou ó límite. *¡Xa está ben! Teu irmán de rumba e nós traballando.*

541. **¡Xa será menos!** Diselle a unha persoa que esaxera. *¡Xa será menos! A troita que pillaches non pasaba do quilo.*

542. **¡Xa vén Pedro Chosco!** Díselles ós nenos cando comezan a ter sono ou están a piques de durmir. Variante do número 426. *Ó neniño péchanselle os ollos. ¡Xa vén Pedro Chosco!*

4. Refrás

543. **A boi bravo, rego largo.** Dise cando se fala dun mozo, polo xeral, das súas ideas, ó que se lle dá máis traballo no canto de facilitarlle as cousas.

544. **A cabeza está pra pensar, non pra leva-lo pelo.** Dise cando lle fan unha pregunta sinxela a un e non dá coa resposta.

545. **A can vello todo / todas son pulgas. // A can fraco todas son pulgas.** Dinse cando un está nunha situación crítica e véñenlle por riba máis desgrazas, ou cando un vai vello e lle veñen tódolos problemas ou desgrazas.

546. **A chave do muíño é coma a peneira da tola que anda a aldea toda.** Dise cando se coñece deseguida un comentario secreto.

547. **A dar ninguén se puxo rico.** Dise como resposta cando lle piden algo a un.

548. **A *desgracia nunca vén soa. / As *desgracias nunca veñen soas.** Dise cando despois dun mal período por

- enfermidade, morte, accidente... vén outro máis.
549. **A educación está ben ata nos cans.** Dise cando unha persoa non se comporta moi axeitadamente, ou tamén cando si o fai.
550. **A mala veciña, coma a neve marciña.** Expresa o desexo de que a mala veciña dure pouco, igual que a neve de marzo.
551. **A muller coma a sardiña, mellor canto máis pequeniña.** Dise cando un ten unha moza que é pequena.
552. **A quen *Dios non lle dá fillos, o demo dálle sobriños.** Dise dunha persoa que non ten fillos, mais sí sobriños, que han se-los herdeiros.
553. **A todo porquiño lle chega o seu san Martiño.** Dise cando un atopa o seu límite.
554. **A vaca da veciña dá máis leite cá miña.** Dise para sinala-la envexa, cando un infravalora o que ten fronte ó que teñen os outros.
555. **A vaca que non come cos bois, ou come antes ou come despois.** Dise para sinalar que unha persoa que ten que facer unha cousa e non quere facela en compañía, faina soa.
556. **As cousas sempre rompen / rachan polo máis miúdo.** Dise dunha situación na que acaba de romper ou crebarse algo pola súa parte máis feble, ou cando a peor parte dunha situación trágica a levan os máis febles.
557. **As mulleres cando paren, lémbrense de san Ramón; e cando o están facendo, nin santo nin devoción.** Dise cando a muller berra e queixase para parir, ou cando se queixan por algo que é a consecuencia do que antes fixeron.
558. **As présas nunca foron boas.** Dise cando se fan as cousas con apuro, pois case que nunca saen ben.
559. **Bacariño no celeiro, non quere compañeiro.** Dise cando unha persoa rexeita a outra porque está afeita a estar soa nese traballo ou nese lugar. *Bacariño* é forma local por *bacoriño*.
560. **Bocado comido non ten substancia.** Dise para indicar que algo que xa nos deron ou repartiron xa non nos ten graza. Tamén se di cando se fai un reparto e xa nos diron a nosa parte noutra ocasión e agora queremos que nola volvan a dar.
561. **Cabalo grande, ande ou non ande.** Dise para indicar que se prefire a cousa, persoa, planta ou animal máis grande.
562. **Cada cual, busca o seu igual.** Dise por dous que se xuntan polas súas afinidades ou xeito de ser.
563. **Cada quen / un sabe onde lle manca o zapato.** Dise para sinalar que cada un sabe cal é o seu punto feble ou a súa parte mala.
564. **Cada un chora por onde lle doe. // Cada un chora por quen lle doe. // Cada un pide por quen lle doe.** Dinse para indicar que alguén se queixa máis pola parte máis sensible que ten ou que pide máis pola persoa que máis quere.
565. **Cada un fala da feira *según lle vai / foi nela.** Dise cando, dun acontecemento, situación ou feito, cada un dá unha opinión diferente.
566. **Cada un oe o que lle convén.** Dise nunha situación na que un só quere saber aquilo que lle interesa ou lle dá algún beneficio.
567. **Cada un tira da auga pró seu muíño, aínda que deixe sen ela ó veciño.** Dise cando un se favorece

- a si mesmo ou ós seus, aínda prexudicando ós demais.
568. **Can que ladra, coello que perde.** Dise para sinalar que cando un ten que facer unha cousa, se está a distraerse con outra, non a fai.
569. **Cando eu quero, ti non queres; e cando ti queres eu non quero.** Dise cando dúas persoas non se poñen de acordo para facer algo.
570. **Cando vén, non vén unha soa.** Dise cando tras unha mala época, suceso ou situación, aparece outra máis.
571. **Cando veñen, veñen todas xuntas.** Dise cando acontece algo, xeralmente malo, e deseguido hai outros sucesos parecidos.
572. **Canta máis présa, máis vagar.** Dise cando un ten que facer algunha cousa moi rápido e sálle mal e ten que volver a comezar de novo.
573. **Canto máis frío, menos roupa.** Dise cando a un problema lle sae como solución outro problema aínda peor, ou a grandes males peores remedios.
574. **Canto tes, canto vales.** Dise para indicar que o home vale pola riqueza da que é dono.
575. **Carro de toxo, fungueiros de xesta.** Dise para indicar que dúas persoas ou dous grupos de persoas son semellantes, pero no senso malo.
576. **Catro ollos ven máis ca dous.** Dise cando estamos tratando de atopar algo, ou buscar unha solución, e alguén nos bota unha man.
577. **Cazador e troiteiro, nin boa meda, nin bon paleiro.** Dise dunha persoa que se dedica a dúas cousas ó mesmo tempo e non fai ben ningunha.
578. **Cazador sen can, come puñetas se llas dan.** Dise dunha persoa que para facer un traballo fáltalle a ferramenta máis importante.
579. **Comer e rascar, todo é empezar.** Diselle a unha persoa cando se invita a xantar e di que non ten gana.
580. **Como nace, pace.** Dise cando nace a lúa, o tempo que fai ese día será o mesmo, polo menos, nese cuarto. Aplícase a que todo mantén a súa orixe.
581. **Con pan e viño ándase o camiño.** Dise que tendo pan e viño abonda para facer un traballo ou unha camiñada.
582. **Cría boa fama e bótate a durmire, cría mala fama e non te deixarán vivire.** Dise pola boa ou mala sona que ten un.
583. **Da / entre a mazá á cebola, veña o demo e escolla.** Dise cando hai que escoller entre dúas cousas que son iguais de malas ou faxeiras.
584. **De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, un burro; de vello, un can.** Dise polas distintas situación do home ó longo da súa vida e de como van tratando a un.
585. **De tales terras, tales nabos.** Dise dunha persoa cando fai unha cousa non moi ben feita, facendo referencia ó lugar de onde vén ou á familia á que pertence e, que polo tanto, non hai que estrañarse.
586. **De vello, tres veces neno.** Dise cando unha persoa maior dá traballo por ter caprichos ou precisar biocos.
587. ***Dios aperta, pro non afoga.** Diselle a unha persoa cando está a pasar unha mala situación ou momento.
588. **En tódalas niñadas sae un pito goro.** Dise cando nunha familia, grupo ou serie hai algún membro que non é tan bo coma os outros. Nótese que *ovo goro* é o ovo sen fecundar e, por analoxía, *pito goro* é o pito malo, cativo.

589. **Fillos criados, problemas dobrados.** Dise cando un ten criado os fillos e os problemas que dan aínda son moito maiores que cando eran cativos.
590. **Fun á casa do veciño e avergoñeime, volvín prá miña e amañeime.** Dise cando se vai pedir algo emprestado ou un favor á casa dun veciño e este non nos soluciona o problema e témonos que amañar co noso ou buscar nós a solución ó problema.
591. **Galo no poleiro, non quere compañeiro.** Dise para sinalar que cando un home está só entre mulleres non quere que veña outro a sacarlle o sitio.
592. **Hai que limpar cando fai vento.** Débense aproveita-las oportunidades.
593. **Hai que roe-lo chicle mentres un ten dentes.** Dise para indicar que hai que aproveita-la ocasión mentres se pode ou aínda se é novo.
594. **Hai que ter un amigo ata no inferno.** Sempre é bo ter amigos, é dicir, alguén que nos poida axudar, en todas partes.
595. **Home casado, burro amolado.** Dise de home casado que non é nada.
596. **Home casado, nin muller é.** Dise do home casado que non é nada.
597. **Homes a falar e cas a ladrar, ninguén os pode calar.** Dise cando hai persoas que falan moito e non deixan falar a ninguén máis.
598. **Logo dun día escuro vén un día claro.** Diselle a unha persoa para darlle azos cando se atopa nunha situación mala.
599. **Mentres fazón non vén, fazón non pasa.** Dise cando chega a hora de sementar ou facer algún labor, mais aínda non se dan as condicións axeitadas.
600. **Moito e ben, non o fai ninguén.** Dise cando se ve un traballo que foi feito moi rápido e que, polo tanto, quedou mal feito.
601. **Na casa do probe todas son pingueiras.** Dise para sinala-la pobreza onde hai escaseza de todo.
602. **Na terra de lobos hai que ouvear coma todos.** Dise cando se vai a un lugar e se adoptan os costumes dese sitio.
603. **Nas unllas ou nos pés has de amitar a quen es.** Dise para indicar que nalgún aspecto físico ou de carácter sempre nos parecemos ós nosos pais ou familia.
604. **Nacer é un milagre, morrer é algo natural.** Dise na presenza dun defunto ou cando se fala de que morreu alguén xa maior.
605. **Ninguén escarmenta en cabeza allea.** Dise cando por moito que aconsellemos a alguén non nos fai caso.
606. **Non as fagas, non as temas.** Diselle a unha persoa que está a sufrir-las consecuencias de algo que fixo.
607. **Non hai atallo sen traballo.** Dise cando un quere face-las cousas con máis prásas ou acurtando no esforzo, mais aínda así requírelle algún esforzo.
608. **Non hai dúas sen tres.** Dise cando pasan dous acontecementos iguais e deseguido vén outro igual.
609. **Non hai máis ruín cuña ca do mesmo pao.** Dise cando alguén fala mal dun familiar directo.
610. **Non hai mal que cen anos dure.** Dise a xeito de consolo cando un está pasando malos momentos.
611. **Non hai mea sen conda.** Dise cando a un feito lle sucede a súa

- consecuencia ou de dúas cousas que non se poden afastar por ir xuntas.
612. **Non hai mellor xordo que o que non quere oír.** // **Non hai peor xordo que o que non quere escoitar.** Dinse dunha persoa que non lle interesa escoitar o que lle din.
613. **Non hai quen lle tire do rabo á besta coma o seu amo.** Dise para indicar que ninguén coñece algo ou a alguén coma aquel que está xunto del e polo tanto é o único para poñerlle o mellor remedio ó problema existente.
614. **Non hai unha soa: sempre veñen máis.** Dise cando acontece algo, polo xeral malo, e vai seguido doutro acontecemento igual ou peor.
615. **Non irás ó muíño que non te enfariñes.** Diselle a un que se meteu en algo e saíu con consecuencias.
616. **Non se fai o paleiro sen palla.** // **O paleiro non se fai sen palla.** Dinse cando unha persoa está moi grosa e come moito.
617. **Nunca chove a gusto de todos.** Dise cando sucede algo, pois sempre para uns pode ser malo e para outros bo.
618. **Nunca chove como trona.** Dise para indicar que é máis o ruído que as noces, que non é tanto como se di.
619. **Nunca choveu que non escampara.** Dise cando as cousas están mal pero hai esperanza de que melloren.
620. **Nunca falta un roto pra un descosido.** Dise cando unha rapaza ou rapaz, non moi agraciados, atopan noivo/a, tamén cando a unha situación determinada lle acontece outra similar ou igual.
621. **Nunca sabe un onde a ten.** Dise cando alguén morre de desgraza, sen esperalo.
622. **Nunca trates de ensinarlle a un pai a facer fillos.** Dise cando unha persoa de menos anos e experiencia trata de ensinar a outra maior ou mellor preparada no asunto.
623. **O can é da cadela.** Dise para sinalala orixe das persoas, dos animais e das cousas.
624. **O can é de quen lle dá de comer.** // **Os cas son de quen lles dá de comer.** // **Os animais son de quen lles dá de comer.** 1. Dise para indicar que o can ou os animais a quen queren é á persoa que os alimenta. 2. Dise para indicar que as persoas queren a quen as beneficia ou favorece. Véxase tamén *Os nenos son de quen os coidan*.
625. **O caso é ter saúde.** Dise como resposta a unha falta de sorte nun xogo.
626. **O da gorra, que corra.** Expresión escoitada a un feirante para chama-la atención da xente.
627. **O demo nunca dorme.** // **O demo nunca ten sono.** // **O demo nunca descansa.** // **O demo sempre traballa.** // **O demo sempre está a traballar.** Dinse cando acontece algo malo ou hai unha desgraza.
628. **O falar non ten cancelas.** Dise para sinalar que á hora de falar pódese facelo de calquera tema e dici-lo que queira, tamén para sinalar que unha cousa son as falas ou ditos e outra moi diferente son os feitos.
629. **O gato escaldado, a auga fría lle pon medo.** // **(O) gato escaldado da auga fría fuxe.** Dise dunha persoa – ou dun animal- que ten medo dunha situación porque xa se viu nela anteriormente e saíu mal parado.
630. **O malo nunca vén só.** Dise cando acontece algo malo e vai seguido doutra cousa ou suceso tamén malo.

631. **O medo é libre.** Dise dunha persoa que por medo foxe ou non fai algo malo que ía facer.
632. **O ollo do amo engorda ó cabalo.** Dise para sinalar que cada un chufa ó seu.
633. **O que apunta, perde se quere.** Díselle, xogando ás cartas, ó que apunta cando vai perdendo para sinalar que pode apuntar ó revés e favorecerse el; tamén se pode aplicar a outras circunstancias da vida onde un leva o control de algo.
634. **O que comeu a carne que roa os ósos.** Dise para indicar que quen sacou proveito de algo pois que ature ou se faga cargo da parte mala ou das consecuencias.
635. **O que deixa o traballo pra outro día, ou é fopeiro ou non ten guía.** Dise dunha persoa que é un perguiceiro e non quere traballar, e non remata o traballo no día porque non lle dá a gana.
636. **O que garda, sempre ten.** Dise para indicar que unha persoa é moi aforradora en cartos ou noutra cousa para cando lle fai falla.
637. **O que mantén sei que é o que sobra.** Dise cando hai abundancia dunha cousa.
638. **O que moito corre, tarde chega.** Dise da persoa que quere apurar moito a face-las cousas e todas lle saen mal, ou da que por moito correr e apurar ten contratempos e non chega a tempo.
639. **O que moito quere saber, merda se lle dá a entender.** Dise cando unha persoa, que é moi curiosa, quere saber algo e pregunta e dáselle unha resposta que non é a verdadeira.
640. **O que non chora, non mama.** Dise para indicar que o que non se queixa non logra nada.
641. **O que non ten cabeza ten pés. // O que non ten cabeza ten pés pra volver.** Dise cando un se esquece dalgunha cousa e ten que volver por ela.
642. **O que parte e reparte, leva a mellor parte.** Dise cando un fai unha partición dalgunha cousa e a mellor parte tócalle a el.
643. **O que queira comer troitas que molle o cu.** Dise para indicar que o que quere algo ten que traballar para conseguilo.
644. **O que queira ter cans, que os manteña.** Dise cando a xente ten algo –animais, plantas, cousas... – e teñen que coidarlllo os veciños.
645. **O que rouba a un ladrón, ten cen anos de perdón.** Dise para xustificarse cando se lle quita unha cousa a unha persoa que antes lla quitou ela a outra.
646. **O que ten gado, ten traballo.** Dío o gandeiro para indicar que sempre ten algo que facer, pois o gando dá moito traballo; tamén se pode dicir en xeito figurado, por exemplo o que ten nenos, pois coidalos dá moito traballo.
647. **O santo que non *suda, que o limpe o demo.** Dise cando se lle pide un favor a un santo e non o concede.
648. **Onde hai cepos, fanse achas.** Dise para indicar que só se pode sacar algo de onde hai.
649. **Onde hai cu, hai medo.** Dise dunha persoa que non fai algo malo por medo ás consecuencias.
650. **Onde hai fume, hai lume.** Dise para indicar que onde hai indicios, asomos

- ou sinais de algo, alí o podemos atopar.
651. **Onde vas, boi, que non ares.** Dise cando un ten un oficio e vaia a onde vaia ten que desempeñalo; ou tamén cando un sabe facer ben unha cousa e vaia a onde vaia, como llo saiban, mándanllo facer.
652. **Os nenos son de quen os coidan.** Dise para indicar que un neno quere a quen o cría ou está con eles, aínda que non sexa a súa nai biolóxica.
653. **Os *precios da feira non son os da casa. // Unha cousa son os *precios da casa e outros os da feira.** Dise cando o que pensa ou coida un é totalmente diferente á realidade.
654. **Papas pra un home de oficio, pape o demo a quen as fixo.** Dise para indicar que non é alimento para un home que traballa nun traballo pesado.
655. **Pasou o día, pasou a romería.** Dise cando pasada a ocasión xa non hai outra oportunidade.
656. **Pola boca morre o peixe.** Dise dunha persoa que falando, descóbrese a si mesma.
657. **Pouca terra e ben aboada, val pola moita e mal traballada.** Dise cando queremos facer ver que é mellor o pouco e ben coidado có moito e mal traballado ou coidado.
658. **Pouco máis / tanto / ten azoutar que dar no cu. // É o mesmo azoutar coma dar no cu.** Dise cando as dúas opcións que se poden escoller son moi similares e dá igual elixir unha ou outra.
659. **Pra mal xogar, hai que arrastrar.** Dise no xogo do tute, cando non se ten saída.
660. **Pra todo hai unha primeira vez.** Dise cando se fai unha cousa por vez primeira.
661. **Quen máis ten que rascar é o que máis ha de falar.** Dise da persoa que é a menos indicada para opinar sobre un tema ou da-lo seu parecer.
662. **Quen moito quere facer, ás veces, perde o día.** Dise cando un fai moitos traballos e saénlle mal.
663. **Sabe máis o demo por vello que por demo.** Dise para indicar que a experiencia que dan os anos vale máis có saber da persoa.
664. **Se desconfías, vivirás; se te fías, morrerás.** Diselle como consello a unha persoa que está nunha posición na que debe desconfiar e, ela, dubida.
665. **Se non fai vento, non fai mal tempo.** Dise cando chove ou vai frío, para asegurar que o mal tempo é aquel que vén na compañía do vento.
666. **Se non se ve, non se cre. // Hai que velo pra crelo.** Dinse dalgunha cousa que non é posible ou normal que aconteza.
667. **Se queres que a agua corra, quítalle o terrón á presa.** Dise cando un quere que se saiba algo e entón só temos que dalo a coñecer ou poñer ó corrente a algunha persoa que sexa moi chismosa.
668. **Sempre ha de falar o que máis ten que calar. // Sempre ha de falar o que máis debera calar.** Dinse da persoa que é a menos apropiada para opinar sobre algo.
669. **Tal ver, tal agardar.** Dise para indicar que o que vemos que lle pase ós demais pasaranos a nós cando cheguemos a esas circunstancias.
670. **Tales olas, tales cachos.** Dise para indicar que unha persoa imita á familia da que procede.

671. **Tanto tes, tanto vales.** Dise para indicar que unha persoa vale polo que ten.
672. **Todo o que *sube, baixa.** Dise cando unha persoa subiu moito socialmente ou economicamente e da noite para a mañá atópase mal vista ou arruinada.
673. **Traballo feito non corre présa. // Traballo feito non mete apuro.** Dinse cando se remata un traballo para indicar que agora xa non temos présa nin ansia de facelo.
674. **Un sentado, non fai mandado.** Dise pola pouca condición traballadora dos fopeiros.
675. **Unha cousa é predicar e outra practicar.** Dise cando un, amigo de dar consellos, non os segue.
676. **Unha mao lava á outra, e coas dúas lávase a cara.** Dise cando se fan favores mutuos.
677. **Unha no papo e outra no saco.** Dise dunha persoa que é moi cobizosa, que todo o quere; tamén cando se está a repartir algo de comer e un bota unha para el e outra a come, deste xeito son dúas para el.
678. **Val máis ter que desexar.** Dise cando a un lle din que está gordo ou que ten moito de algo.
679. ***Xaula feita, paxaro morto.** Dise cando se remata unha casa e o que vai vivir nela morre.
680. **Xente nova e leña verde, todo é fume.** Dise para sinala-la pouca constancia e permanencia da xuventude.

5. Wellerismos

681. **¡A cada un o seu, dicía o que arroubaba!, b) ¡A cada quen o seu, dicía o que roubaba!** Dinse cando se fai uso dalgunha cousa que non

é nosa e indicamos ou sinalamos de quen é.

682. **¡Cada un sabe o que sabe, dicía o que comía os mocos!** Dise cando nunha situación un sabe porque actúa ou fai dun xeito determinado aínda que non pareza moi lóxico ese xeito de actuar ou de obrar.
683. **¡Cada un sabe o que sabe, dicía o que, chovendo, levaba o paraugas pechado!** Dise cando nunha situación un sabe porque actúa dun xeito determinado.
684. **¡*Dios dea traballo! -dicía o enterramortos. // ¡*Dios dea traballo!** Dinse cando hai traballo para facer.
685. **¡Dicía a vella que non quería ir pró ceo porque estaba cheo de cativos!** Dise cando un está cos rapaces e está cheo deles, de estar termendo deles ou de ter que aguantalos.
686. **Dicía o home que estaba a plantar árbores: -¡Un pau, vale un peso!** Dise cando un está a facer un traballo no que o resultado vaise ver a longo prazo.
687. **¡Eu, coma dicía o *xorobado: “Como non me empreñen, non creo que moito máis me poidan foder!”** Dise cando un se arrisca a facer algo, pois xa non ten moito que perder porque xa está amolado de abondo.

6. Dialoxismos

688. **Como che vai Melchor? - ¡Cada vez peor! // - Como lle vai señor? -¡Cada vez peor!** Dinse cando un está malo e cada vez está máis enfermo, ou cando un se atopa nunha situación crítica que cada vez empeora máis.

7. Expresións monolexicais

689. **meigado** adx. Con mala sorte.

Últimamente non me sae nada ben.

¡Estou meigado!

690. **métome-en-todo** subs. Persoa que pretender controla-los asuntos alleos.

¡Teu amigo é un métome-en-todo!

Non para de mete-los fuciños en tódolos nosos asuntos.

691. **tastarabás** subs. Non ser serio, non ser formal. *Xoán, igual che di unha*

cousa coma outra. ¡É un tastarabás!

Non é de fiar.

692. **zamura** subs. Non ser de fiar. *¡Ten*

coidado con el que é un zamurdo!

Nunca di o que pensa

693. **zurrado** adx. Quedar cortado.

Quedou zurrado cando se soupo que

fora el o causante do estropicio.

5. Referencias bibliográficas

- OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1953): “Contribución al léxico gallego y asturiano” en *Archivum* (Oviedo) III, 113-134.
- (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín. Anexo 7* da revista *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago.
- RIVAS QUINTAS, Eligio (2001): *Frampas III. Contribución al Diccionario Gallego* (1ª Edición: incluído no electrónico *Diccionario de Dicionarios* de Antón Santamarina: [<http://sli.uvigo.es/DdD/>]).

Recensiones

Reviews

DURANTE, Vanda (ed.) (2014): *Fraseología y Paremiología: enfoques y aplicaciones*. Madrid: Instituto Cervantes. Biblioteca fraseológica y paremiológica, Serie «Monografías», n.º 5, 2014, 271 páxs. ISBN: 978-84-697-0320-5.

A obra que imos comentar aparece dentro da *Biblioteca fraseológica y paremiológica* do Instituto Cervantes. Esta biblioteca, coordinada por Julia Sevilla Muñoz e M.^a I. Teresa Zurdo Ruiz-Ayúcar, ofrece varias series (*Mínimo paremiológico*, *Refraneros clásicos*) entre as cales se inclúe a serie *Monografías*, cuxo número cinco corresponde a este volume. Os catro números anteriores están xa dispoñibles en formato electrónico na páxina web da institución, polo que supoñemos que pasado un tempo prudencial tamén se poderá consultar no devandito lugar a presente monografía.

Malia figurar na serie *Monografías*, o certo é que esta obra dá cabida a un nutrido feixe de artigos editados pola hispanista italiana Vanda Durante co fin de estreitar relacións entre os especialistas en fraseoloxía de ambos os países (España e Italia). Por ese motivo, como pronto se verá, abundan os traballos de tipo contrastivo sen que iso supoña deixar de lado algunha contribución no ámbito da fraseoloxía doutras linguas románicas, ou algún traballo de índole máis teórica.

Na breve presentación da editora faise fincapé na finalidade de confraternización da presente obra, tendo en conta o desequilibrio que observa entre o estado inicial, case precientífico, deste tipo de investigación en Italia e a puxanza nos estudos fraseolóxicos e paremiolóxicos realizados en España, onde abundan os grupos de investigación florecentes e investigadores de prestixio, moitos dos cales participan nesta obra.

2.1. A primeira contribución desta obra colectiva corresponde a **Mario García-Page Sánchez** (*Relaciones entre la morfología y la fraseología*, pp. 11-22). García-Page formula unha cuestión de importante transcendencia teórica: a das relacións que a fraseoloxía establece con outras disciplinas lingüísticas, especialmente coa gramática (e, en concreto, coa morfoloxía e a sintaxe). Posto que moitas unidades fraseolóxicas son resultado da fosilización de unidades sintácticas e que nun estado posterior de fusión ou coalescencia aquelas poden chegar a constituír unha unidade morfolóxica, é esta unha realidade que non pode esquivar a fraseoloxía (pensem, por exemplo, no proceso polo que unha frase preposicional como cast. *de prisa* se converte na locución adverbial *de prisa* e esta no adverbio *deprisa*, cuxos constituíntes xa non son separables: *vino [muy [deprisa]]* vs. **vino de mucha prisa* ao contrario que unha frase preposicional como *vino [con [mucha prisa]]* vs. **vino muy con prisa*). Hoxe en día,

**Fraseología y
paremiología:
enfoques y
aplicaciones**

Edición a cargo de
Vanda DURANTE



BIBLIOTECA FRASEOLÓGICA Y PAREMIOLÓGICA

unha das principais preocupacións de gramáticas como as cognitivas radica xustamente nestes procesos de gramaticalización.

No corpo do traballo, García-Page céntrase principalmente nas relacións entre morfoloxía e fraseoloxía. En concreto, apunta catro casos que considera merecentes dunha investigación de maior profundidade:

A *defraseoloxización*, o proceso gramatical de transcategorización dunha unidade fraseolóxica en palabra composta, compostos defraseolóxicos, dos que presenta unha completa casuística: *tejemaneje*, *enseguida*, *sinrazón*, *enhorabuena*, *anteayer*, *aguafiestas* etc., algún cun forte desprazamento semántico, como *porsiacaso* ‘Arg. y Ven. Alforja o saco pequeno en que se llevan provisiones de viaje’ (DRAE, s. v.) e outros capaces de favorecer a formación de ultteriores derivacións: *quintaesenciar*, *barriobajero*, *tercermundista*, *mediopensionista* etc.

Cando estes compostos defraseolóxicos seguen a ser constituintes doutra unidade fraseolóxica, con frecuencia o resultado é unha palabra idiomática, un elemento único que non aparece fóra desa locución (*a espataperros*, *a machamarchillo*, *a botivoleo*). Estas, as palabras idiomáticas, son precisamente o segundo caso estudado, centrado principalmente nos procesos de composición (*a quemarropa*, *a regañadientes*, *a bocajarro*, *a tocateja*, *a vuelapluma*) e derivación (*a contracorriente*, *a trasmano*, *a destiempo*, *de reajo*, *al dedillo*, *de perillas*, *de tapadillo*, *de mentirijillas*, *dar carpetazo* etc.).

As variantes morfolóxicas. É ben sabido que, a pesar de que a fixación constitúe unha das características definitorias das unidades fraseolóxicas, estas non deixan de estar sometidas tamén a certa variación. De acordo co propósito do traballo, García-Page focaliza este apartado na variación morfolóxica, que pode ser flexiva (*al postre/a la postre*, *echar el resto/echar los restos*, *meter la nariz/las narices donde no le llamen*, *meter la mano hasta el codo/meter las manos hasta los codos*) ou derivativa (*echar una cana/canita al aire*, *tener a alguien en palmas/palmitas*, *poner a alguien de patas/patitas en la calle*, *mosca/mosquita muerta*, *hacer su santa/santísima voluntad*, *mover/remover cielo y tierra* etc.).

Locucións decompositivas. Trátase, en opinión do autor, do caso contrario á defraseoloxización: neste caso un composto sintagmático transfórmase en locución idiomática por un proceso de transferencia semántica, ao adquirir un sentido metafórico. É o caso de expresións como *conejillo de Indias*, *chivo expiatorio* ou *ojo del huracán*.

Finaliza esta contribución o catedrático da UNED sinalando outros puntos de encontro entre a fraseoloxía e a morfoloxía (as perífrases verbais, predicados con verbo soporte, os contrastes locución/composto sintagmático/colocación léxica, locucións con anomalías gramaticais etc.). Sen dúbida, a este respecto queda aínda moito por investigar e creo que vai ser difícil chegar a un consenso. Só para suscitar a reflexión de quen lea estas páxinas, presento un caso concreto (as locucións decompositivas): ao lado da análise que ofrece García-Page, outras propostas son posibles: ata que punto se pode determinar, por exemplo, se *conejillo de Indias* é un composto sintagmático ou unha locución substantiva (se é que son cousas distintas e non dúas denominacións da mesma

realidade). Se admitimos esta última opción, en *conejiño de Indias* non hai implícito un dobre proceso gramatical (morfolóxico de creación dun composto, fraseolóxico de formación dunha locución) senón un único cambio semántico: unha unidade complexa (*conejiño de Indias*) adquire un novo significado figurado do mesmo xeito que acontece cunha unidade simple (*cobaya*, neste caso, que tamén posúe as dúas acepcións), sen cambiar de natureza constitutiva.

2.2. A segunda achega pertence a **Dmitrij O. Dobrovol'skij** (*On the Semantic structure of idioms*, pp. 23-32), un dos principais representantes da escola rusa de fraseoloxía e un dos máis importantes fraseólogos a nivel internacional. A contribución de Dobrovol'skij nesta obra, de índole teórica aínda que ilustrada con abundante exemplificación en ruso, alemán, inglés e outras linguas, o que facilita a comprensión, enfoca o estudo das expresións idiomáticas desde un punto de vista semántico. En concreto, céntrase na “ponte semántica” (a imaxe é súa) que pon en comunicación os dous planos dun idiomatismo (o do significado real, figurado, da expresión e o do significado literal, a imaxe mental que subxace no idiomatismo), ponte que el denomina *image component* (*compoñente figurativo* na tradución ao galego deste concepto realizada por F. de Castro García na versión dos *Aspectos teóricos da fraseoloxía* que Dobrovol'skij escribiu en colaboración con Baranov e publicou a *Biblioteca Fraseolóxica* do CIRP en 2009).

No ámbito máis xeral, Dobrovol'skij formula a cuestión da natureza e importancia deste compoñente figurativo, é dicir, é relevante o significado literal, a imaxe subxacente (e por tanto, o compoñente figurativo), no uso dun idiomatismo? Dado que as expresións idiomáticas se caracterizan precisamente pola falta de correspondencia entre o significado das partes e o do todo, a resposta tradicional á anterior cuestión é “non”, a imaxe subxacente non actúa no uso e interpretación que os falantes fan dos idiomatismos. Evidentemente, esta non é a postura de Dobrovol'skij e de aí que desenvolvese un marco teórico en colaboración con Piirainen, a *Conventional Figurative Language Theory (CFLT)*, teoría que pon en relación coa *Conceptual Metaphor Theory (CMT)* de Lakoff, non totalmente coincidentes. Dentro deste modelo, Dobrovol'skij analiza as características do compoñente figurativo e, dun xeito máis concreto, determina o tratamento que, acorde co anterior, deben recibir os idiomatismos nun dicionario fraseolóxico (dicionario realmente existente, porque o *Dicionario explicativo dos fraseoloxismos rusos*, elaborado en colaboración con Baranov e outros fraseólogos rusos (2009), está deseñado desde este marco).

Respecto á primeira cuestión (características), observa que o *compoñente figurativo* non se corresponde coa etimoloxía nin exactamente coa propia imaxe orixinal, aínda que si son importantes algúns trazos relevantes desa imaxe. Tres son os trazos con que caracteriza este compoñente figurativo: (i) O compoñente figurativo está ligado a propiedades individuais das imaxes mentais máis que a normas xerais de proxección conceptual (por ese motivo, imaxes mentais case idénticas, estruturas léxicas moi similares, poden producir fraseoloxismos de significado diferente: al. *sich in die Höhle des Löwen wagen/begeben* ‘visitar a alguén poderoso para pedirle algo’, cast. *meterse en la boca del lobo* ‘expoñerse a un grave perigo’), (ii) o compoñente figurativo actúa retrospectivamente e

non prospectivamente (é dicir, partindo do significado figurado é posible determinar o tipo de motivación que actúa, pero partindo da imaxe literal o resultado é impredecible. Polo mesmo, unha imaxe pode producir resultados moi diferentes en distintas linguas: al. *Haare auf den Zähnen haben* ‘falar de xeito agresivo’ literalmente ‘ter pelos nos dentes’, cast. *no tener pelos en la lengua*), (iii) o compoñente figurativo non coincide coa lectura literal dos compoñentes (pénsese por exemplo na expresión inglesa *throw in the towel* –cast. *tirar la toalla*–, para cuxa interpretación non debemos acudir á imaxe orixinal senón a un dominio fonte intermedio –o boxeo– do que é unha metaforización).

Canto ás estratexias lexicográficas para dar conta deste compoñente figurativo nas definicións de cada unidade fraseolóxica, Dobrovol'skij sinala tres: a estratexia explícita (que se manifesta en operadores como ‘do mesmo xeito que X’, ‘como X’, ‘é percibido como X’, ‘asóciase con X’ etc., que ilustra coa expresión inglesa *someone's jaw dropped* [cast. *quedarse con la boca abierta*, gal. *quedar coa boca aberta*] “quedar alguén asombrado, o que se describe como se perdese o control da expresión facial”), a estratexia implícita (que implica recorrer a diferentes elementos semanticamente relevantes na definición do significado: ingl. *to take a sledgehammer to crack a nut*, –lit. ‘coller un mazo para abrir unha noz’, similar ao cast. *matar moscas a cañonazos*–: “intentar acadar un obxectivo empregando moito esforzo e usando medios demasiados potentes para lograr este obxectivo que, obviamente, non require tanto esforzo; a consecuencia é que os resultados son insignificantes en comparación co esforzo empregado”) e, finalmente, a estratexia mixta, que combina as dúas anteriores.

2.3. O tema da motivación é retomado dun xeito máis directo por **Antonio Pamies Bertrán**, catedrático da Universidade de Granada, no seguinte traballo aquí incluído (“*El algodón no engaña*: algunas observaciones sobre la motivación en fraseología”, pp. 33-50). Comeza Pamies constatando o feito de que o principio saussureano da arbitrariedade esencial do signo lingüístico foi posto en cuestión por outros lingüistas posteriores, mesmo dentro do estruturalismo (que puxeron de relevo aqueles aspectos nos que se produce motivación ou, en termos máis recentes, iconicidade). Agora ben, como sinala Pamies, os criterios que se utilizan para falar de motivación cando se aplican a unha palabra (relación entre significado e significante) non coinciden cos utilizados en fraseoloxía (relación entre dous significados: figurado e literal). Esclarecedoras palabras dedica tamén, nos primeiros apartados da súa colaboración, a diferenciar conceptos que tradicionalmente se veñen asociando: motivación e transparencia (fronte a opacidade) e motivación fronte a idiomaticidade. A motivación remite á existencia dunha relación entre os significados literal e figurado, en tanto que a opacidade/transparencia é un feito perceptivo e, por tanto subxectivo; a idiomaticidade, pola súa banda, implica unha anomalía entre o significado do todo e as súas partes, ao contrario que a motivación (ou a súa falla), que afecta á totalidade da unidade fraseolóxica. Pamies ilustra estas faltas de correspondencia con algún exemplo que me recorda as miñas clases universitarias (recorro a exemplos semellantes co mesmo fin: en castelán *hacer la colada* é unha frase opaca para os nosos alumnos de dezaioito anos como o era para nós ata que unha persoa octoxenaria nos contou como na súa mocidade a lixivia se facía cocendo cinza en auga, que logo había que *coar*). A opacidade actual non está rifada, pois, coa motivación.

Exemplos como o anterior móstrannos a importancia da diacronía na orixe e perda de motivación e, a este aspecto, dedica Pamies un apartado (“Motivación fraseolóxica y diacronía”), en que ilustra o proceso de formación de novas unidades fraseolóxicas tomando como modelo creacións recentes nas que é doado analizar o mecanismo de institucionalización: *he venido aquí a hablar de mi libro, el primo de Zumosol, la prueba del algodón...* (mágoa que non existise Google en tempos pasados para inquirir quen era Vargas –*averígüelo Vargas*– ou quen foron os primeiros en *tomar las de Villadiego*). Os últimos apartados da súa colaboración dedícaos Pamies a presentar distintas dicotomías que resultan sumamente interesantes: “Motivación fraseolóxica y sincronía”, “motivación psicolóxica vs. motivación cultural” (onde contrapón a motivación de base experiencial e universal á propia dunha cultura, por exemplo cast. cerdo (sucidade) fronte a cast. cerdo (prosperidade), valor este último propio só dalgunhas culturas) e “motivación intertextual e motivación metalingüística” (presentes, por exemplo, respectivamente en *caballo de Troya* ‘programa informático maligno’, que remite ao coñecido episodio homérico, e en *blanquear dinero*, motivado metalingüisticamente a partir de *dinero negro*).

2.4. O seguinte traballo (“La teoría del campo y otras propuestas clasificadoras para la fraseografía”, pp. 51-79) corresponde a **Barbara e Gerd Wotjak**, da Universidade de Leipzig. Trátase dun traballo denso para cuxa correcta interpretación se necesita un profundo coñecemento terminolóxico, especialmente das súas obras previas. Nunha primeira fase, de presentación, realízase unha sucinta clasificación dos fraseoloxismos e das súas principais características definitorias, deténdose especialmente na idiomaticidade porque, de entre a tipoloxía de fraseoloxismos previamente definida, serán precisamente as locucións idiomáticas as que serán obxecto de tratamento especial. En concreto, este segundo apartado estará centrado na análise e presentación de distintas propostas de clasificación das mencionadas unidades fraseolóxicas establecidas desde un punto de vista semasiolóxico ou onomasiolóxico, dada a inutilidade clasificatoria dunha fraseoloxía meramente alfabética: non só se presenta a teoría do campo senón outras propostas, en boa parte además, entre as que figuran contribucións anteriores dos dous investigadores. Finalizan a súa colaboración presentando unha proposta ontolóxica de clasificación, pouco coñecida, válida tanto para unidades léxicas simples como para as unidades idiomáticas analizadas.

2.5. A seguinte achega, que corresponde a **Pedro Mogorrón Huerta** (“Locuciones verbales, traducción y pérdida de equivalencia”, pp. 79-96), dá comezo a unha serie de traballos de natureza máis concreta ou práctica. Neste caso, Mogorrón Huerta trata unha das cuestións centrais da teoría da tradución: a tradución de unidades fraseolóxicas. Aos problemas típicos da tradución de unidades léxicas simples no caso do tratamento das unidades fraseolóxicas súmanse outros moitos provocados polas especiais características destas, o que dificulta achar correspondencias exactas entre linguas (de aí a importancia da competencia fraseolóxica dos tradutores e a necesidade de elaborar material fraseolóxico bilingüe ou multilingüe que facilite o labor do profesional). A esta cuestión dedica o apartado máis extenso (“Problemas detectados en la búsqueda de equivalentes”), confeccionado no marco dos proxectos levados a cabo polo grupo de investigación FRASYSTRAM (“Fraseología y Traducción Multilingüe”, da Universidade de Alacant),

que dirixe o propio Mogorrón Huerta, e do que son resultado palpable a elaboración dunha base de datos fraseolóxica e un dicionario fraseolóxico multilingüe electrónico. Agora ben, a súa exposición non se limita á fraseoloxía multilingüe propiamente dita: neste artigo o principal foco de interese apunta ao estudo, non menos interesante, da variación diatópica dentro dunha mesma lingua, como sucede co francés e, especialmente, co español (español común fronte a español de América).

1, remontando o nacemento da fraseoloxía como rama da lingüística a Charles Bally, cuxas ideas foron tomadas por V. Vinogradov nos anos 40 do século XX e aplicadas ao ruso, con amplo desenvolvemento na tradición investigadora rusa na segunda metade do século XX. Centrándose nas teorías de Vinogradov, comenta a clasificación que este autor fai dos frasemas, a máis coñecida na historia da fraseoloxía rusa. Seguidamente repasa os lingüistas que desenvolven durante os anos 60 e 70 do século XX as súas propias concepcións, moitas veces aplicadas a outros idiomas europeos. A partir dos anos 70 prodúcese o recoñecemento internacional da investigación fraseolóxica e a multiplicación das perspectivas. A seguir céntrase na análise de importantes cuestións nos estudos fraseolóxicos e en varias direccións da investigación e tenta delinear as ideas e abordaxes que son menos coñecidas para a comunidade internacional. Destaca as teorías de Anickov, Mel'cuk e Apresjan. Na epígrafe 2 presenta unha lista de campos de investigación e posibles abordaxes para, nas seguintes, esbozar algunhas delas. Na 3 presenta a proposta de clasificación dos frasemas de Baranov e Dobrovol'skij e céntrase na distinción entre proverbios (proverbs) e ditos (sayings). Na 4 trata, desde a semántica cognitiva, sobre a motivación das UUFF e conclúe na súa importancia, pois a motivación inflúe no modo en que as UUFF son usadas. Na 5 comenta a necesidade, desde o punto de vista lexicográfico, de desenvolver metalinguaxes apropiadas para reflectir trazos relevantes da imaxe mental das UUFF, que inflúe no significado e uso delas, para o que propón diferentes estratexias. Finalmente, na epígrafe 6, sobre fraseoloxía contrastiva, analiza os diferentes tipos de equivalencias fraseolóxicas e os factores que inflúen nelas: semánticos, sintácticos e pragmáticos, que deben ser tidos en conta á hora da elaboración dos dicionarios bilingües.

Elena Arsenteva (“Online Russian-English Phraseological Dictionary: new perspectives”, pp. 51-58) presenta o dicionario en liña *Russian-English Phraseological Dictionary* elaborado por un grupo de investigadores da Universidade Federal de Kazán, en Rusia, entre os que está ela mesma. Despois de comentar as vantaxes dos dicionarios en liña e indicar as obras en que se basea, enuncia os obxectivos do dicionario: presentar os equivalentes fraseolóxicos e todas as posibilidades de tradución das UUFF rusas en inglés, se for posible. Para iso describe catro principais funcións que teñen o seu reflexo nese dicionario: entender o significado da UF rusa, traducir a UF, achar equivalentes fraseolóxicos e obter información adicional sobre a UF.

Guilhermina Jorge (“A Tradução nos estudos fraseológicos”, pp. 59-90) reflexiona sobre a tradución da fraseoloxía e da paremioloxía. En primeiro lugar constata a existencia na fraseoloxía de áreas de resistencia á tradución, a heteroxeneidade do campo da fraseoloxía e a súa gran complexidade terminolóxica. Para a autora, a tradución da fraseoloxía dificilmente poderá ser encadrada na tradutoloxía sen que primeiro exista un traballo científico e terminolóxico. Despois de analizar dúas bibliografías sobre fraseoloxía, observa que a tradución non era unha área moi produtiva até 1995 e que, no entanto, houbo un crecemento exponencial do campo da tradución da fraseoloxía desde os anos 90 do século XX. A seguir resume as propostas de tradución fraseolóxica de diferentes teóricos e destaca o traballo fraseolóxico desenvolvido no Brasil por Claudia Xatara e W. L. Oliveira e o de Stella Tagnin...

Noutro lugar comenta a existencia dunha lingua mediadora entre as linguas fonte e albo, a “lingua de ninguén”, e conclúe con que a tradución de fraseoloxía debe partir da análise de *corpora* e que a análise destes debe preceder a definición de estratexias teóricas. Na epígrafe 2.3, a autora enumera diferentes estratexias de tradución e salienta as seguintes: de equivalencia (total e parcial), tradución por lexicalización, tradución “da letra” ou literalidade, paráfrase, recreación e invención-construción (falso proverbio ou proverbio fabricado). Xa para concluír, na epígrafe 3, compara a tradución do proverbio e da expresión idiomática e resume as diferentes estratexias de tradución que se prestan máis para un caso e para o outro.

Inmaculada Penadés Martínez (“Didáctica de la fraseología y de la paremiología”, pp. 91-117) comeza con dúas cuestións xerais: a primeira deixando constancia do feito de que nin Fraseoloxía nin Paremioloxía son materia de estudo nas licenciaturas e graos universitarios en España, só excepcionalmente algún mestrado en ensino do español como lingua estranxeira conta cunha materia orientada ao ensino-aprendizaxe das UUFF. Si se teñen organizado programas de doutoramento orientados a sentar as bases para a investigación nesas dúas disciplinas. A segunda dedícaa a defender razoadamente a presenza do ensino-aprendizaxe de todas as clases de fraseoloxismos nas aulas de español como lingua estranxeira. Acerca de que UUFF se deben ensinar e en que niveis, a autora, baseándose en diversos estudos, considera que debería ser un conxunto duns 70 refráns pertencentes ao mínimo paremiolóxico español e no nivel C1 e C2 e, respecto ás locucións, propón unha selección feita por ela mesma, publicada en tres dicionarios distribuídas en niveis (B1, B2 e C1). A parte central do traballo dedícaa a autora a como se deben ensinar os refráns e as locucións. Para iso propón presentar ao alumno as UUFF seguindo unha serie de pautas e, posteriormente, practicar a través de exercicios coas UUFF para comprobar que o alumno captou o significado e o uso delas e é capaz de as volver utilizar e, finalmente, que as memorizou. As actividades que propón son a partir das propias características de refráns ou locucións. Na parte final do artigo comenta os materiais existentes para o ensino da fraseoloxía do español e fai varias recomendacións. O artigo céntrase cunha completa bibliografía sobre o asunto.

Julia Sevilla Muñoz (“Trayectoria de los estudios paremiológicos”, pp. 119-137) traza, na primeira parte do seu traballo, a evolución da paremiografía e os seus problemas e resultados. Destaca algunhas coleccións importantes e como as obras en soporte informático supón un importante avance, sen esquecer os desafíos pendentes que ten a disciplina. Un destes é a unificación de criterios de sistematización entre os diferentes investigadores e equipos. Nas partes 2 e 3 dá conta do nacemento, desenvolvemento e consolidación da paremioloxía, disciplina máis recente ca a paremiografía. Salienta tamén a intervención de organismos non universitarios, algúns dos cales contan cunha publicación periódica, e a importante contribución das revistas ao desenvolvemento da disciplina, no que xogaron e xogan un importante papel os congresos e reunións científicas e as asociacións creadas para a investigación paremiolóxica. Na parte 4 menciona as liñas de investigación, tanto actuais como históricas, e na 5 a importancia de conseguir unha precisión terminolóxica. A parte 6 dedícaa a enumerar as aplicacións das paremias en campos como o ensino de linguas, a tradución ou o estudo da literatura

e tamén o valor histórico e etnolingüístico que posúen. Finalmente, na parte 7, fai unha breve mención á paremioloxía no Brasil e conclúe afirmando que a paremioloxía se encontra nunha fase de consolidación mais con tarefas pendentes.

Salah Mejri (“*Délimitation des Unités Phraséologiques*”, pp. 139-156) propónse primeiro precisar unha serie de cuestións terminolóxicas. Ante a constatación da abundancia terminolóxica, propón facer reagrupamentos significativos de termos correntes en tres series: a serie fraseolóxica, a serie fixación e unha serie variada que agruparía diferentes termos (locución, *expresión toute faite*, xiro, expresión idiomática, idiotismo, idiomaticidade, colocación...). Para superar esta opacidade terminolóxica propón opor os conceptos fenómeno e proceso e reorganizar o campo terminolóxico. Así, en vez de ver na oposición *fraseoloxía* / *fixación* unha redundancia, podémonos axudar dela para nos referirmos con fraseoloxía ao fenómeno lingüístico que se expresa a través de asociacións sintagmáticas recorrentes; A fixación será entón o proceso polo cal as asociacións sintagmáticas se realizan. A partir de aí fai unha serie de consideracións sobre os diferentes termos. No punto 2 explica unha serie de elementos metodolóxicos, en concreto a “fixité” e a “congruence”. A primeira é unha noción nova para explicar o fenómeno fraseolóxico e describir o proceso de fixación polo que as solidariedades sintagmáticas sofren un bloqueio das regras da combinatoria sintagmática. A segunda é un proceso de adaptación das unidades lexicais para que se integren naturalmente na combinatoria. Aplicada aos fraseoloxismos, ten por corolario a “incongruence”. É “incongruente” toda secuencia que contravén as regras que rexen a formación de secuencias fixas. No punto 3 aborda a problemática da delimitación das UUFF para o que é preciso combinar as nocións de “fixité” e “(in)congruence”. Acaba cunhas observacións sobre o “défigement” [que ten un dobre estatuto: o de procedemento de expresión (empregos lúdicos) e o do emprego metalingüístico] e sobre a competencia fraseolóxica. No punto 4, S. Mejri propón unha lectura das seguintes tipoloxías de fraseoloxismos: secuencias fixas / secuencias semi-fixas / colocacións; fraseoloxismos transparentes / fraseoloxismos opacos; “séquences auto-entités” / “séquences hétéro-entités” e secuencias frácticas / secuencias infrafrácticas. No punto 5 distingue entre as funcionalidades compartidas coas unidades monolexicais (a denominación e as tres funcións primarias: a predicación, a argumentación e a actualización) e as específicas dos fraseoloxismos (a marca estilística, a lúdica e a formación de ferramentas sintácticas). No derradeiro punto, enuncia varias dificultades neste ámbito aínda pouco explorado.

Lucília Chacoto no seu estudo (“*A Produção Fraseoparemiográfica*”, pp. 157-170) aborda algunhas cuestións prácticas que se refiren á elaboración de recollas (sobre todo de paremias): a explicitación das fontes, a pertinencia ou non de identificar dous tipos de recollas (refraneiros-acervo e refraneiros literarios), a distinción entre expresións fixas e proverbios, as vantaxes e desvantaxes da clasificación temática e da ordenación alfabética... Nunha segunda epígrafe céntrase nalgúns aspectos da historia da fraseoparemiografía portuguesa, como en dar conta das principais recollas-acervo desde século XVI até os primeiros anos do século XXI e sobre as recollas literarias e o emprego de paremias na literatura.

Carlos Alberto Crida Álvarez (“Fraseoparemiología e interculturalidad”, pp. 171-204) sostén que o estudo comparativo de UUFF e paremias de diferentes linguas, presenten ou non idiomaticidade, co obxectivo de determinar similitudes e diferenzas desde un punto de vista cultural, non só é lícito e viable senón tamén desexable e paga a pena impulsalo. Habería ademais que determinar en que medida é posible a existencia de equivalentes semánticos exactos e que conceptualización do mundo facemos os humanos alén da lingua que falemos. Máis adiante menciona diferentes criterios e finalidades no estudo comparativo das UUFF e diferentes teorías. Na epígrafe 2, sobre a metodoloxía que se debe seguir nunha investigación intercultural e interlingüística, di que está determinada polos límites e os obxectivos impostos a cada traballo de investigación e, despois de analizar o uso dos termos “contrastivo” e “comparativo” ou “comparado” en diferentes traballos, conclúe que, infelizmente, non existe unha terminoloxía común nos estudos fraseolóxicos e paremiolóxicos, aceptada e empregada por todos os investigadores. Despois analiza os termos “concordancia”, “correspondencia” e “equivalencia” e comenta as técnicas que propón Julia e Manuel Sevilla, entre outros, para a procura de correspondencias entre paremias de dúas ou máis linguas. Na epígrafe 3, sobre a finalidade do estudo intercultural de UUFF e paremias, destaca en especial, como beneficiaria deste tipo de investigacións, a lingüística aplicada e, en particular, a orientada ao ensino/aprendizaxe de segundas linguas e cita numerosos estudos dentro desa tendencia didáctica.

Claudia Xatara (“A Produção Fraseoparemiográfica”, pp. 205-212) presenta un panorama da produción de obras fraseográficas e/ou paremiolóxicas no Brasil desde o inicio do século XX até o momento de publicación do artigo. Desde o comezo foron obras monolíngües e publicadas por amadores e a partir dos anos 80 xorden os primeiros dicionarios bilingües. No ano 2000 a produción comezou a ser asumida por lingüistas especializados e desde os anos 90 multiplícanse as obras cunha perspectiva contrastiva. Alén diso, nos últimos anos parece apuntar unha produción cada vez máis especializada.

Lucília Chacoto (“Fraseoparemiologia e tradutologia”, pp. 213-235), despois de tratar unha serie de cuestións teóricas (definición de fraseoloxismo e paremia, tradución, fidelidade en tradución, equivalencia e erro de tradución), céntrase na tradución de proverbios inseridos en obras literarias e nos seus problemas. En concreto estuda unha serie de casos de tradución de proverbios do español para o portugués en dúas obras literarias (*El Quijote de la Mancha* e *La Celestina*) e tamén do portugués para o español noutras dúas (*A Comedia Eufrosina* e *Levantado do Chão*). Após a análise tradutolóxica de diversos fragmentos de cada unha das obras –téñase en conta que a autora analizou antes integralmente e exhaustivamente as ditas obras– conclúe salientando a importancia de ter en conta os fraseoloxismos e as paremias na tradución, esbozando as dificultades específicas que presentan e propondo unha serie de cuestións que debe ter en conta o tradutor.

Maria Eugênia Olímpio de Oliveira Silva (“Por uma produção fraseográfica efetiva: desafios e metas”, pp. 237-245) reflexiona acerca da escasa tradición e divulgación dos estudos teórico-descriptivos sobre a produción fraseográfica ou mesmo sobre a

natureza da fraseografía. Unha consecuencia diso, segundo ela, é a irregularidade e a heteroxeneidade que se percibe na análise da produción fraseográfica. Propón algunhas cuestións para o desenvolvemento dunha teoría e praxe fraseográfica lexítimas: a da propia necesidade da fraseografía como estudo específico, a necesidade de que a fraseografía non perda contacto coa fraseoloxía e con outras áreas da lingüística e de promover o desenvolvemento de estudos historiográficos que permitan coñecer as diferentes tradicións fraseográficas, as súas raíces, as súas influencias e a súa evolución. Propón tamén proporcionar a elaboración e o crecemento dunha crítica fraseográfica que axude a mellorar a calidade dos dicionarios e, por último, ve imprescindible desenvolver investigacións sobre as necesidades dos usuarios.

No seu artigo, **María Aparecida Barbosa** (“A fraseologia no percurso gerativo de enunciación de codificación: no sistema, nas normas, no falar concreto”, pp. 247-254), despois dun breve resumo sobre o que é a fraseoloxía, examina frasemas no nivel de sistema e no nivel de discurso, destacando remotivacións, relexicalizacións, resemantizacións e anulación de lexicalizacións que sofren e, deseguido, examina slogans de discursos publicitarios como determinantes dos paradigmas dunha época, dun lugar, dunha camada social e dun estilo de discurso.

Éric Laporte (“Corpus linguistics and phraseo-paremiology”, pp. 255-268), no seu traballo, defende que a práctica da análise de corpus é un criterio de calidade e que as súas vantaxes en fraseoparemioloxía son tan válidas como noutros eidos da lingüística. Mais iso non exclúe a relevancia doutros métodos ou abordaxes complementarias, como a observación introspectiva ou a formalización, nin, con certeza, a interacción con outros lingüistas. O autor exemplifica todo iso abundantemente.

Enrique Huelva Unternbäumen (“Unidades fraseolóxicas en la experienciación y conceptualización de actos de habla”, pp. 269-312) analiza (desde a Teoría da metáfora conceptual e a Teoría da integración conceptual) a conceptualización gramatical de actos de fala directivos en español (aconsejar, advertir, ordenar...). Afirmar que actos dese tipo son experimentados a partir da dinámica de forzas inherentes a accións de transferencia. Ese feito motiva a utilización da construción ditransitiva prototípica co verbo *dar* en expresións como *dar un consejo a alguien*, *dar una advertencia a alguien*, *dar una orden a alguien* etc.

Huélinton Cassiano Riva (“O levantamento de neologismos fraseolóxicos”, pp. 313-331) busca no seu traballo mostrar a ligazón entre o léxico do portugués do Brasil coa cultura dese país por medio do establecemento das expresións idiomáticas neolóxicas mediante os máis diversos recursos creativos. Para iso opta por traballar co concepto de culturema e fai un repaso dalgún dos culturemas brasileiros (os baseados en nomes de animais, p. ex.) e universais (os procedentes da Biblia, p. ex.) para ao final centrarse nun importante número de expresións idiomáticas neolóxicas dos anos 2000 ligadas a diferentes culturemas (ás diferentes “gírias”, aos homosexuais, a referencias á cultura afrobrasileira, ás siglas usuais na lingua portuguesa do Brasil, a frases difundidas polos medios de comunicación de masas...). Na última parte, o autor destaca a produtividade

das EEII neolóxicas pola gran difusión de informacións por medio de Internet e das redes sociais.

Stella E. Ortweiller Tagnin (“Fraseologia especializada para tradutores – Glossários direcionados pelo corpus”, pp. 333-344) describe como a Lingüística de Corpus pode axudar a producir glosarios para a tradución con exemplos reais de uso. Para a exemplificación vólvese dun vocabulario para culinaria inglés-portugués. A utilidade é sobre todo para a terminoloxía mais tamén para a fraseoloxía, en especial para as colocacións.

Antonio Pamies Bertrán (“O projeto ‘Dicionários Culturais’”, pp. 345-354) dá a coñecer o proxecto “Dicionarios Culturais” desenvolvido na Universidade de Granada e dá conta do estado da súa elaboración. Compara este tipo de dicionarios cos dicionarios de símbolos e cos dicionarios fraseolóxicos. Explica como a lingua aproveita e reforza as asociacións de ideas de base cultural e por iso o elemento organizador do dicionario cultural debe ser o *culturema*: un referente que funciona como base xeradora de asociacións metafóricas culturalmente delimitadas. O material que constituirá o dicionario non serían só os fraseoloxismos, senón as “*imaxes*” ao redor das que se organizan os significados figurados interconectados. Os símbolos *linguo-culturais* estarían representados, ordenados e comentados para que un estranxeiro puidese aprender mellor a lingua, coñecendo as motivacións internas de formas de aparencia tan arbitraria como os sentidos figurados, vendo o que está atrás dela. No dicionario cultural haberá moita fraseoloxía e proverbios mais tamén palabras que teñen un valor cultural e ás veces son intraducibles.

Maria Luisa Ortiz Álvarez (“Estudos fraseolóxicos no Brasil: estado da arte”, pp. 355-375) presenta unha panorámica dos estudos fraseolóxicos no Brasil desde 1908 e constata que até o presente eran poucos os traballos que tiñan como obxecto de estudo as UUFF. A maior parte das publicacións limitábase a recoller a fraseoloxía oral dunha localidade ou rexión. A partir de 1990 aumenta o número de investigacións principalmente coa defensa de disertacións, teses e artigos en revistas ou en libros. A autora dedica 14 páxinas a citar as publicacións sobre fraseoloxía sen, practicamente, destacar obras ou autores.

As 11 últimas páxinas da publicación resérvanse para a información sobre os autores dos traballos.


Para concluír, o presente volume sérvenos para mellorar o coñecemento dunha ampla variedade de aspectos e enfoques sobre fraseoloxía e, en especial, o que se fixo e se fai nesa disciplina no inmenso país que é O Brasil.

Ramón Anxo Martíns Seixo

Escola Oficial de Idiomas de Vigo

SÁNCHEZ LÓPEZ, Elena (2013): *Estudi de la llengua d'Ausiàs March a través de les col·locacions. Una aproximació semiautomàtica*. Berlín / Boston: Walter de Gruyter (Beihefte zur Zeitschrift für romanische Philologie, 372), 178 páxs. ISBN: 978-11-027519-31.

O volume que presentamos constitúe unha valiosa contribución ao estudo das expresións pluriverbais no ámbito científico da Filoloxía Catalá e Románica. Publicado na prestixiosa colección de estudos do grupo editorial Walter de Gruyter, a obra é o resultado da tese doutoral da Dra. Elena Sánchez López, da Universidade de Alicante. Como obxectivo último, esta investigación pretende analizar de forma conxunta a obra literaria do gran poeta valenciano Ausiàs March a través do estudo das colocacións entendidas como combinacións semifixas. Á parte desta meta fundamental, a autora traza outros obxectivos complementarios, como determinar o grao de innovación do estilo literario de March ou demostrar a idoneidade que resulta a aplicación das Tecnoloxías da Información e da Comunicación ao estudo da literatura.



De entrada habería que sinalar dous trazos moi positivos que, ao noso parecer, sobresaen nesta obra: por un lado, no seu afán por facer transparente o camiño metodolóxico seguido, a autora explicita e desenvolve de xeito sistemático e pormenorizado cada decisión adoptada, o que confire unha sólida estada ao conxunto da investigación. Por outro lado, a autora sabe distanciarse en ocasións puntuais da linguaxe terminolóxica co fin de dotar ao texto de creatividade e dinamismo expresivos, o cal parece ir en consonancia co propósito da publicación de chegar a un público amplo, sen que iso implique perda de rigor e de meticulosidade.

A estrutura do libro destaca pola súa sinxeleza e transparencia organizativa. Divídese en seis capítulos principais, seguidos doutros tres auxiliares, nos que se dispoñen, respectivamente, bibliografía, índice de táboas e índice de palabras. No primeiro capítulo, correspondente á introdución, Elena Sánchez describe os obxectivos e hipótese de partida, así como o plan de traballo e a estrutura do libro. Inclúe, ademais, un epígrafe dedicado a sintetizar tanto os antecedentes no estudo literario da obra poética de Ausiàs March coma o contexto de estudo das colocacións. Ao noso modo de ver, este último epígrafe, titulado no libro como “Precedents”, podería terse ordenado

¹ Esta recensión enmárcase no Proxecto de Investigación *Fraseoloxía de la lengua castellana en su diacronía: desde los orígenes hasta el siglo XVIII* (FRASLEDIA), financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade (Proxectos de I+D), no marco do Programa Estatal de Fomento de la Investigación Científica y Técnica de Excelencia (Subprograma de Generación del Conocimiento) con referencia FFI2013-44682-P. O proxecto, de carácter internacional e con unha duración de catro anos, desenvólvese no seo do Departamento de Filoloxía Española da Universitat de València, e está dirixido e coordinado pola Dra. D^a. M^a Teresa Echenique Elizondo e pola Dra. D^a. M^a José Martínez Alcalde.

doutro modo: ou ben conferíndolle carácter independente, coa conseguinte adición dun capítulo máis; ou ben incluíndoo como epígrafe inicial no capítulo segundo, dedicado precisamente ao marco teórico. En calquera caso, independentemente destas matizacións, insistimos na sinxeleza expositiva que se exhibe de xeito constante en toda a investigación.

O primeiro capítulo céntrase en contextualizar dende diferentes parámetros a investigación que se levará a cabo. Nunha primeira parte desta introdución, a autora sinala como obxectivos concretos: “obtenir una descripció global del lèxic de March”; “obtenir una descripció exhaustiva de les col·locacions presents en l’obra de March”; “aportar una selecció d’expressions fraseològiques presents en l’obra d’Ausiàs March que formen part del cabal lèxic de la llengua catalana del s. XV” e “aportar instruments i dades filològiques a les institucions competents en matèria de nomativització lingüística”². En cada unha destas metas concretas, late a idea dunha concepció metodolòxica enfocada a obter datos representativos cos que trazar unha radiografía o máis fiel posible da lingua catalá medieval catrocentista.

Na segunda parte deste primeiro capítulo, a autora describe os precedentes e o estado actual do tema tanto dende o estudo do léxico da obra poética de Ausiàs March coma dende o estudo lingüístico das colocacións. No ámbito do estudo do léxico de Ausiàs March, Elena Sánchez describe tanto o conxunto de edicións antigas—con Baltasar de Romani (1539) á cabeza en calidade de primeiro editor e tamén primeiro tradutor da obra poética de March á lingua castelá, seguido por Joan de Resa (1555), Claudi Bornat (1560) e polas edicións decimonónicas publicadas en Barcelona (1864, 1884, 1888 y 1909)— como as edicións críticas elaboradas a partir do século XX —Amadeu Pagés (1912-1914), Pere Bohigas (1952-1959), Robert Archer (1997 y 2009) e a edición dixital de Santanach i Torruella (2005)—, así como os estudos lexicolòxicos e ecdóticos dedicados á figura de Ausiàs March.

En canto ao ámbito das colocacións, a autora parte precisamente dunha cita do editor Joan de Resa. Para Sánchez, esta reflexión de carácter metalingüístico constitúe o punto de partida para o estudo das colocacións na obra poética de March, no sentido de que Joan de Resa parece intuír a existencia deste tipo de relacións léxicas: “otras veces se ponen y declaran toda una oración: porque me pareció esta horden mas fácil para mejor poder entender algunos vocablos que por sí solos se entienden muy mal”. Dende unha perspectiva teórica, Elena Sánchez parte da concepció asentada na escola británica iniciada por Firth, na que se define o concepto como a coaparición de dous ou máis palabras nun texto. Tal concepció complétase coa descripció das colocacións significativas, baseadas na pluriverbalidade, na frecuencia de uso, no seu grao variable de fixeza e na idiomaticidade. De feito, Elena Sánchez, seguindo as achegas teóricas de Jordi Ginebra (2003) para o ámbito do catalán, utiliza o termo *concorrenca* para

² Respecto deste último obxectivo, Echenique Elizondo (2011), na análise filolóxica das recentes obras académicas como a ortografía ou a gramática do español, defende a idea de que un coñecemento profundo da historia da lingua permite explicar de xeito fundamentado o estado lingüístico actual e, á súa vez, tomar decisións no ámbito normativo cunha perspectiva integral.

describir precisamente estas estruturas sintácticas cun grao variable de fixeza que entran, segundo a autora, dentro do campo da fraseoloxía, e reserva o termo *colocación* para reflectir un fenómeno gramatical máis amplo que inclúe toda clase de coaparicións. De feito, a autora, moi oportuna e audazmente, adscribe o concepto de *colocación* ao ámbito da lingüística de corpus e confírelle carácter de mera ferramenta de traballo cunha función básica: delimitar o que é fraseolóxico do que non.

O segundo capítulo do libro dedícase especificamente a describir os fundamentos teóricos no estudo das colocacións. Co fin de contextualizar o que a autora denomina *concurrency*, sitúa o punto de partida no *Manual de fraseología española* de Gloria Corpas Pastor, publicado en 1996. Da clasificación en tres esferas que propón esta autora —colocacións, locucións e enunciados fraseolóxicos—, Elena Sánchez céntrase especialmente na esfera das colocacións. Partindo desta formulación teórica, descríbense as propiedades definitorias da fraseoloxía que, de acordo con Sánchez López, serían a pluriverbalidade, a fixeza, a idiomaticidade e o sentido figurado. Segundo o marco teórico de Corpas (1996), habería unha gradación crecente, no que a fixeza se refire, nos fenómenos fraseolóxicos das colocacións, as locucións e os enunciados fraseolóxicos. Ademais desta referencia teórica³, Elena Sánchez atende outros paradigmas teóricos, como é o estudo das construcións de verbo soporte no contexto da gramática alemá ou o estudo da lexicogramática, desenvolvida principalmente na tradición lingüística francesa. Na súa proposta teórica, Elena Sánchez inclúe baixo o paraugas terminolóxico de *colocación significativa* dúas realidades lingüísticas parcialmente complementarias: por un lado, refírese ás combinacións de palabras con certo grao de fixeza, documentadas con certa representatividade na lingua do século XV e que, polo tanto, terían carácter fraseolóxico. Neste primeiro subgrupo inclúe concurrencias, locucións e enunciados fraseolóxicos. Por outro lado, o segundo subgrupo está formado por outro tipo de combinacións de palabras propias da lingua de Ausiàs March, clasificadas estas últimas en combinacións libres típicas en March e combinacións libres únicas en March, as cales non formarían parte da fraseoloxía.

No terceiro capítulo da obra, a autora céntrase en explicar de xeito detallado as diferentes fases a partir das cales se desenvolverá a investigación. De acordo con Elena Sánchez, a elaboración e uso do corpus presentará as fases seguintes: unha primeira fase baséase na introdución do texto na base de datos mediante a ferramenta IntroCorpus®, na que, á parte de introducir o texto, leva a cabo unha primeira etiquetaxe preliminar coa aplicación dun dicionario de lemas e categorías. Esta etiquetaxe verificase mediante outra ferramenta informática —Metatagging®—, que elabora definitivamente a etiquetaxe. Nunha segunda fase, o corpus xa se pode consultar e xa se poden elaborar concordancias simples e avanzadas, así como realizar consultas avanzadas mediante a ferramenta informática

³ Aparte das referencias bibliográficas de Corpas Pastor (1996) —que supuxo no seu día unha revisión e actualización do estudo fundamental de Julio Casares (1950)— e de Ruiz Gurillo (1997, 1998 y 2001), habería que engadir as referencias sobre teoría fraseolóxica que foron aparecendo nos últimos decenios, como son, por orde cronolóxico, os estudos de Zuluaga (1980), Martínez Marín (1996), Wotjak (1998), Montoro del Arco (2006), García-Page (2008) e Penadés Martínez (2012).

Metaconcor®, a que pode mostrar tanto buscas complexas coma diferentes tipos de listaxes formadas por lemas, formas e categorías. Con respecto ao proceso seguido na elaboración do estudo, Elena Sánchez destaca, neste sentido, a rendibilidade que supón contar cun corpus textual que permite a xeración de listaxes de palabras en combinacións dobres e tripos do tipo adxectivo + substantivo, verbo + substantivo, etc. Isto permítelle unha primeira observación da frecuencia de coaparición de cada un dos elementos léxicos do corpus e a elaborar listas cos 40 substantivos e cos 40 verbos máis frecuentes, así como a determinar as colocacións significativas do tipo *nul temps*, *gran delit*, *gran amor*, *fort dolor* ou *foll amor* entre outras moitas.

No capítulo cuarto abórdase o estudo das colocacións que resultaron da extracción da base de datos e clasifícanse como significativas ou non en función do seu status fraseolóxico. O capítulo organízase, pois, a partir do estudo das combinacións seguintes: adxectivo + substantivo / substantivo + adxectivo; substantivo (con función de suxeito) + verbo / verbo + substantivo (con función de complemento) e, finalmente, a combinación preposición + adxectivo + substantivo. En cada unha destas combinacións, a autora vai debullando de xeito detallado o universo poético de March, presente —en todas as súas dimensións— nesas colocacións.

Por poñer un exemplo de canto afirmamos, na exposición das estruturas co substantivo *amor*, o estudo destas combinacións revela que na cosmovisión de Ausiàs March existen dous tipos contrapostos de amor: o *amor fals*, *deshonest*, *brutal* fronte ao *amor gentil*, *gran*, *honest*, *subtil*... Así, no caso das combinacións de adxectivo + substantivo e de substantivo + adxectivo, a autora chega ás seguintes conclusións parciais: en primeiro lugar, apréciase unha diferenza fundamental entre dous tipos de substantivos, no sentido de que uns presentan unha carga semántica mínima, coa conseguinte necesidade de que se vexan completados cun modificador en forma de adxectivo, fronte a outros cun significado moi definido. Como segunda conclusión parcial, Elena Sánchez destaca a importancia da dualidade no universo marquiano: dúas naturezas, dous mundos, dous tipos de amor, etc. A terceira conclusión baséase na frecuencia alta do posesivo de primeira persoa do singular fronte a outras opcións. Finalmente, a autora destaca a tendencia a intensificar os substantivos por medio de adxectivos como *gran*. No caso das combinacións de substantivo + verbo e verbo + substantivo, Elena Sánchez destaca a tendencia de March a personificar estados ou obxectos por medio de verbos non pertinentes dende o punto de vista semántico, así como a usar verbos desemantizados do tipo *fer*, *dir* ou *tenir* acompanyándoos dun substantivo, coa conseguinte creación de numerosas construcións de verbo soporte. Finalmente, no caso das combinacións de preposición + adxectivo + substantivo, a autora destaca que tales estruturas son unha fonte importante de concorrencias e de locucións de tipo adverbial, como son *per tots temps*, *per negun temps en tot cas*, etc.

Tras afinar a busca mediante as ferramentas tecnolóxicas descritas, o quinto capítulo supón o elemento central desta investigación, pois nel se sistematizan os datos referidos ás colocacións significativas no contexto da obra poética de Ausiàs March. Dentro

desta denominación xenérica de *colocación significativa*, cuxos trazos compartidos son a pluriverbalidade, a fixeza, a idiomaticidade e o sentido figurado, a autora clasifica as diferentes unidades de análise en: concorrencias, locucións e enunciados fraseolóxicos. Por outra parte, outro subconxunto de colocacións significativas, referidas de xeito exclusivo ao discurso literario de Ausiàs March, clasifícase en combinacións libres únicas en March e combinacións libres frecuentes en March. Con respecto a estes dous últimos subtipos de unidades, é importante sinalar que a autora os deixa fóra do obxecto de estudo da Fraseoloxía, a pesar de que comparten en diverso grao os trazos definitorios desta. Dende o noso punto de vista, cremos que, se ben non de forma tan representativa como as locucións, este tipo de combinacións tamén se deben describir coas ferramentas de análise que ofrece a Fraseoloxía, pois a súa catalogación e estudo supón un enriquecemento irrenunciable con vistas a reconstruír a fraseoloxía de cada época histórica⁴. Neste sentido, dende a nosa perspectiva de concibir ese tipo de estruturas como fraseolóxicas, cremos que a denominación de *combinación libre* non resulta apropiada, pois, se ben é certo que esta tipoloxía de unidades raramente cumpre co seu proceso de institucionalización, no sentido de que se documentan como casos únicos na historia da lingua, si constitúen un valioso caudal fraseolóxico para a historia literaria e cultural. Unha denominación alternativa á proposta presentada podería ser, pois, a de “hápx fraseolóxico”⁵ concepto idóneo para sinalar precisamente tanto a baixa frecuencia coma a creatividade inherente á estrutura fraseolóxica coma tal no marco do discurso literario. En todo caso, deixando á parte estas matizacións, o feito de atender a este tipo de combinacións únicas nun estudo destas características resulta un acerto sobresaínte, pois permite coñecer con moito detalle o estilo literario dun autor determinado, con todas as implicacións metodolóxicas que iso implica, de enorme interese para a Historia e Crítica literarias, para a Crítica textual e para a Lexicografía histórica⁶ entre outros campos. Convimos, pois, coa autora á hora de incluílas como unidades de análise no contexto da obra poética de Ausiàs March. Non obstante, pensamos que este tipo de combinacións semifixas deben ser analizadas tamén dende unha perspectiva fraseolóxica.

Nese estudo sistemático das unidades de análise descritas, a autora utiliza un criterio formal á hora de clasificar as diferentes combinacións. O primeiro subtipo ao que fai referencia é o grupo das concorrencias, clasificadas nas estruturas sintácticas seguintes: substantivo + adxectivo / adxectivo + substantivo (*dolor infinida, béns sobirans, breu temps, gran virtut, vana esperanza*, etc.); preposición + adxectivo + substantivo (*per*

⁴ Para a delimitación dos obxectivos e principios da Fraseoloxía histórica, véxanse os estudos de Echenique Elizondo (2003, 2008a, 2008b), así como o capítulo sexto do libro de Echenique Elizondo e Martínez Alcalde (2013²).

⁵ Para un estudo sobre o hápx no castelán do século XV, véxase o artigo de Pons Rodríguez (2013), no que se propón unha distinción entre dous tipos de hápx: o hápx creado pola elaboración ou o hápx vernáculo.

⁶ No caso concreto da Lexicografía histórica, a atención a estas creacións autorais nun dicionario histórico supón un principio irrenunciable se se quere inventariar o conxunto de unidades léxicas e fraseolóxicas que conforman o fondo léxico dunha lingua determinada.

null temps, de bon grat, ab gran desig, etc.); verbo + substantivo con función de suxeito (*temps venir, sap Déu...*) e verbo + substantivo con función de complemento (*metre en terra, tornar en plaer, caure en sospita, tenir esperança, tenir lloc, tenir fi* entre outras moitas). Con respecto ás locucións, a autora destaca as estruturas seguintes: substantivo + adxectivo (*tots temps, mal esperit*, etc.) e verbo + substantivo con función de complemento (*fer casa, fer part, tenir en gran penyora, metre en oblit, portar sospita*, etc.). A pesar de que determina a existencia de enunciados fraseolóxicos como unha dos subtipos de colocacións significativas, a autora non aduce ningún exemplo deles. Polo que respecta ás combinacións libres únicas en Ausiàs March, a autora clasifícaaas tamén de acordo cun criterio formal a partir das estruturas seguintes: substantivo + adxectivo (*mort falaguera, ánimes infernades, virtut teulogal*); verbo + substantivo con función de suxeito (*delit no delita*) e verbo + substantivo con función de complemento (*perdre amistança, perdre cura, mostrar desig, metre en desesper, tornar en sella, prendre càrrec de consciència* entre outras moitas). Finalmente en canto ás combinacións libres frecuentes na lingua de March, documéntanse as unidades seguintes, de acordo coa súa tipoloxía estrutural: substantivo + adxectivo / adxectivo + substantivo (*amor novell, delit perdurable, cor flac, fin amador, voler brut, voler honest, dolor mortal...*); preposición + adxectivo + substantivo (*en dues parts, per dues parts, per gran desig en gran excés, ab coixa cama*); verbo + substantivo con función de suxeito (*la carn vol carn*) e verbo + substantivo con función de complemento (*haver delit, fer esment, saber regla i remei, amar virtut, sentir paor, donar empenta, viure en tristor, plaure a natura, portar lo jou d'amor*, etc.).

Nunha primeira análise das colocacións significativas inventariadas, pódese comprobar que a propiedade que se repite en todas elas é a pluriverbalidade, que constitúe o indicador básico —pero non exclusivo— á hora de conferir status fraseolóxico a unha combinación dada. En cambio, con respecto á fixeza, obsérvanse, ao noso entender, diferentes graos, que se corresponden, á súa vez, con diferentes procesos de fixación non concluídos na historia da lingua. Neste sentido, tería sido de grande interese realizar un estudo detallado para determinar ese grao variable de fixeza con axuda tanto das ferramentas teóricas que nos proporciona a Fraseoloxía coma dos datos contextuais dos bancos de datos utilizados, así como dos datos procedentes da tradición lexicográfica. Noutras palabras: que diferenza existe entre *dolor infinida* y *voler honest* en termos de grao de fixeza? Trátase tan só dunha diferenza de frecuencia no cómputo total de ocorrencias? Que relación existe entre ese grao variable de fixeza e o criterio da frecuencia de uso? Que implica que unha expresión dada sexa “frecuente” na obra poética de March? Estas preguntas e outras de similar contido poderían terse abordado no marco deste estudo para ofrecer unha resposta suficientemente clara á distinción teórica entre unhas unidades e outras e, de modo especial, á diferenciación entre as concorrencias e as combinacións libres frecuentes, pois en moitos casos comparten a maior parte dos seus trazos.

Con vistas a completar o inventario de colocacións significativas que se documentan na obra de March, Elena Sánchez explora e sistematiza nun epígrafe á parte as unidades

contidas tanto nos glosarios das edicións da obra poética de Ausiàs March ao longo do tempo como nos estudos sobre o seu léxico e fraseoloxía. Ao igual que na descrición das colocacións significativas realizada pola autora, as unidades ordénanse de acordo cos cinco subtipos vistos anteriormente: concorrencias, locucións enunciados fraseolóxicos, combinacións libres únicas en March e combinacións libres frecuentes na obra poética de March. Xunto co inventario de cada unha das unidades, a autora inclúe o número total de ocorrencias, un dos contextos extraídos da obra poética de March e outro dalgunha das obras literarias do corpus textual. Así en canto ao primeiro subtipo, Elena Sánchez clasifica como concorrencias *ser aitals, haver bastament, taula mesa, anar davant, traure escarn, esclau de remença, anar d'ecolt, per falta (de), per fama, fer plega en gros, les més* + substantivo, *metre nom y muntar a rei*. En canto ás locucións, a autora recolle as seguintes: *de costa, sí com, a poc a poc, a poc de* + (unitat de temps), *a quatre peus, anar en cabells, cinc senys, donar a entendre, donar torns, de tot en tot, de pregon en amagat en general, (creure) de ferm en foll, franc juí, mans juntes, mig jorn en oblit, fer nosa, per consegüent, saber greu, tirar la via* (+ Topónimo). En canto aos enunciados fraseolóxicos, recóllese *un oronell l'estiu no denuncia*⁷. Polo que respecta ás combinacións únicas en March, recóllense entre outras moitas, as que seguen: *en andes, caure plegat en generalitat en particularitat, rodar en pensa, fer del regle falç molt corba, fer un born, sodegar la porta, haver sojorn, fer jutjament en orrupte, prendre torn, donar punctura, tirar l'estrop o valdre un pugés*. Finalmente en menor número documéntanse as combinacións frecuentes en March recollidas polos glosarios: *ne pren a mi, prendre born e vida ermita*.

Como parte final da análise lingüística da obra poética de March, Elena Sánchez céntrase no estudo das construcións de verbo soporte. Desta análise derivanse algunhas consideracións de interese, como o carácter único dalgunhas destas construcións en relación coa lingua catalá do catrocentos ou a potencialidade que presentan á hora de conferir proverbialidade e complexidade á expresión poética. Por outra parte, a autora constata no seu estudo a variación diacrónica a que se someten as bases verbais coas que se configura a construción de verbo soporte⁸, no sentido de que verbos como *haver, metre, rendre* o *retre*, que eran moi usuais como bases verbais no catalán do século XV, xa non o son no catalán de hoxe.

Como valoración final á tarefa sempre ardua e complexa de seleccionar e clasificar as diferentes unidades de análise en subtipos, hai que recoñecer a rendibilidade que supón partir dun corpus textual conformado a partir das obras máis representativas da lingua catalá medieval. Tal ferramenta tecnolóxica constitúe unha grande axuda á hora de realizar unha primeira aproximación á lingua dun autor determinado. Agora ben,

⁷ Para un estudo sobre os refráns meteorolóxicos no ámbito da Filoloxía Románica, véxase a referencia de Gargallo Gil (2010) e as súas ferramentas asociadas Badare e ParemioRom.

⁸ Josep Alba-Salas estudou a formación e evolución deste tipo de construcións na historia do español. Alba-Salas (2009: 343-364) analiza, dende un punto de vista histórico, as construcións causativas do tipo *meter miedo* – *poner miedo*; *dar miedo* – *hacer miedo*, etc.

cremos que un complemento necesario aos datos contextuais que nos proporciona a lingüística de corpus debe ser a valiosa información que atesouran as obras lexicográficas entendidas como testemuños vivos do pasado da propia lingua. O estudo necesariamente crítico da presenza e ausencia de determinadas combinacións nas diferentes tradicións lexicográficas da lingua catalá constitúe un indicador de primeira importancia á hora de considerar unha estrutura como fraseolóxica ou non, pois o dicionario —xunto coas gramáticas e outros textos que pertencen á Historiografía lingüística— resultan un instrumento de codificación sobre o que é (ou non) idiomático, sobre o que é (ou non) fraseolóxico.

En definitiva, a obra *Estudi de la llengua d'Ausiàs March a través de les col·locacions. Una aproximació semiautomàtica* constitúe unha achega de gran relevancia no campo da Filoloxía Catalá e Románica pola súa contribución a desentrañar e sistematizar o conxunto de relacións léxicas —tan complexas— que se concitan no universo poético do gran poeta valenciano. Un dos grandes acertos desta obra foi o de concibir o estudo das expresións fixas como un ámbito idóneo e necesario se se quere chegar a interpretar en todas as súas dimensións o universo creativo dun autor determinado. Agora ben, tal como se valorou anteriormente, un enfoque máis restritivo da Fraseoloxía —no sentido de considerar de modo exclusivo as locucións e os seus diferentes subtipos—, xunto co abasto (e interpretación) dos datos que nos proporciona a Lexicografía histórica, completará de modo necesario o estudo fraseolóxico deste grande autor e, con iso, chegarase a contemplar unha das pezas máis preciosas e perennes dese gran mosaico que é o patrimonio cultural hispánico.

Referencias bibliográficas

- ALBA-SALAS, Josep (2009): “Las estructuras tipo *meter miedo* en diacronía: más detalles sobre la evolución histórica de las colocaciones causativas” en ENRIQUE-ARIAS, Andrés (ed.): *Diacronía de las lenguas iberorrománicas. Nuevas aportaciones desde la lingüística de corpus*. Madrid / Fráncfort: Iberoamericana / Vervuert.
- CASARES SÁNCHEZ, Julio (1992 [1950]): *Introducción a la lexicografía moderna*. Madrid: CSIC.
- ECHENIQUE ELIZONDO, María Teresa (2003): “Pautas para el estudio histórico de las unidades fraseológicas” en GIRÓN ALCONCHEL, José Luis; SANTIAGO LAFUENTE, Ramón e DE BUSTOS GISBERT, Eugenio (eds.): *Homenaje a José Jesús de Bustos Tovar*. Madrid: Editorial Complutense; 545-560.
- (2008a): “Notas de sintaxis histórica en el marco del corpus de diacronía fraseológica del español (DIAFRAES)” en STARK, Elisabeth; SCHMIDT-RIESE, Roland e STOLL, Eva (eds.): *Romanische Syntax in Wandel*. Tübingen: Gunter Narr Verlag; 387-397.
- (2008b): “Algunas notas sobre latín y romance en la fraseología hispánica medieval” en WRIGHT, Roger (ed.): *Latin vulgaire – latin tardif VIII: Actes du VIII colloque*

- international sur le latin vulgaire et tardif* (Oxford, 6-9 de septiembre de 2006). Oxford: St. Catherine's College; 540-547.
- (2011): "La Historia como recurso explicativo y apoyo codificador en la obra académica actual en *Revista de Filología Española*, XCI 1; 159-170.
- ECHENIQUE ELIZONDO, María Teresa e MARTÍNEZ ALCALDE, María José (20132): *Diacronía y gramática histórica de la lengua española*. Valencia: Tirant Humanidades (Edición revisada y aumentada).
